



## DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 105

IX lexislatura

Serie Pleno

### Sesión plenaria 15 de abril de 2015

Presidencia da Excm. Sra. D<sup>a</sup> Pilar Rojo Noguera

### ORDE DO DÍA (Continuación.)

#### Punto 6. Interpelacións

6.1 32120 (09/INT-001166)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre a valoración do Goberno galego dos resultados da política seguida en materia de vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG n° 411, do 06.02.2015

6.2 32581 (09/INT-001217)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre a valoración e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa redacción que presenta o borrador de decreto referido ao denominado “paquete lácteo”

Publicación da iniciativa, BOPG n° 411, do 06.02.2015

6.3 34531 (09/INT-001274)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre o labor contra a fraude fiscal que está a levar a cabo a Axencia Tributaria de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG n° 433, do 19.03.2015

6.4 34610 (09/INT-001276)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recousó, Juan Manuel

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir a recuperación do emprego industrial

Publicación da iniciativa, BOPG n° 433, do 19.03.2015

#### Punto 7. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

7.1 35963 (09/POPX-000125)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre as oportunidades que ofrece Galicia ás persoas novas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 444, do 08.04.2015

7.2 35979 (09/POPX-000126)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre o lugar acadado pola economía galega no ano 2014

Publicación da iniciativa, BOPG nº 444, do 08.04.2015

7.3 36000 (09/POPX-000127)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre os servizos e bens públicos que está a perder a cidadanía, a causa do crecemento da débeda pública galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 444, do 08.04.2015

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 35376 (09/POP-003245)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do estado en que se atopa a atención das demandas do colectivo de pensionistas emigrantes retornados en relación coa súa tributación fiscal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 436, do 25.03.2015

8.2 33667 (09/POP-003073)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Angel e 7 máis

Sobre as expectativas do Goberno galego en relación co plan deseñado para impulsar o Centro de Innovación e Servizos, CIS-Galicia, localizado en Ferrol

Publicación da iniciativa, BOPG nº 422, do 25.02.2015

8.3 34131 (09/POP-003122)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as iniciativas que vai desenvolver o Goberno galego para impulsar o autoconsumo de enerxía en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 426, do 05.03.2015

8.4 32196 (09/POP-002891)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Santalices Vieira, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre o estado de execución en que se atopan as obras do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 05.02.2015

8.5 35310 (09/POP-003237)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre o nivel de aplicación en Galicia na actualidade do Plan estratéxico nacional para o tratamento dos doentes de hepatitis C cos fármacos de nova xeración

Publicación da iniciativa, BOPG nº 436, do 25.03.2015

8.6 35965 (09/PUP-000190)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

González Santín, Juan Carlos e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da instalación dos servizos sanitarios comprometidos no Barrio da Residencia de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 444, do 08.04.2015

8.7 35999 (09/PUP-000192)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Beiras Torrado, Xosé Manuel e 6 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para evitar a destrución dos 95 postos de traballo que están a ocupar persoas con diversidade funcional na rede galega de quioscos da ONG COGAMI

Publicación da iniciativa, BOPG nº 444, do 08.04.2015

8.8 31892 (09/POP-002847)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis

Sobre as xestións previstas polo Goberno galego en relación co proceso de negociación comercial que está a manter a Unión Europea con Filipinas para a concesión de beneficios arancelarios aos produtos da pesca procedentes dese país

Publicación da iniciativa, BOPG nº 404, do 22.01.2015

8.9 35991 (09/PUP-000191)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre os resultados da política do Goberno galego en materia de loita contra incendios forestais, á vista dos datos da superficie queimada nas últimas semanas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 444, do 08.04.2015

*Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as oportunidades que ofrece Galicia ás persoas novas.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Méndez Romeu (S)*. (Páx. 7.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 7.)

Réplica do autor: *Sr. Méndez Romeu (S)*. (Páx. 8.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 9.)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o lugar acadado pola economía galega no ano 2014.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)*. (Páx. 9.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 10.)

Réplica do autor: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)*. (Páx. 11.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 11.)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Yolanda Díaz Pérez, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre os servizos e bens públicos que está a perder a cidadanía a causa do crecemento da débeda pública galega.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Pérez (AGE)*. (Páx. 12.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 13.)

Réplica da autora: *Sra. Díaz Pérez (AGE)*. (Páx. 14.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 15.)

---

**Interpelación do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego dos resultados da política seguida en materia de vivenda.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez Bugallo (S)*. (Páx. 16.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 18.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 20.), *Sr. Pombo Rodríguez (BNG)* (Páx. 21.), *Sra. Díaz Pérez (AGE)* (Páx. 23.) e *Sr. Castiñeira Broz (P)*. (Páx. 25.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez Bugallo (S)*. (Páx. 27.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 29.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> María Tereixa Paz Franco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa redacción que presenta o borrador de decreto referido ao denominado “paquete lácteo”.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Paz Franco (BNG)*. (Páx. 30.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 32.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 33.), *Sr. Sánchez García (AGE)* (Páx. 35.), *Sr. García García (S)* (Páx. 37.) e *Sra. García Pacín (P)*. (Páx. 39.)

Réplica da autora: *Sra. Paz Franco (BNG)*. (Páx. 42.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 43.)

**Interpelación do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o labor contra a fraude fiscal que está a levar a cabo a Axencia Tributaria de Galicia.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Méndez Romeu (S)*. (Páx. 44.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 46.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 47.), *Sr. Jorquera Caselas (BNG)* (Páx. 49.), *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 51.) e *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 53.)

Réplica do autor: *Sr. Méndez Romeu (S)*. (Páx. 55.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 56.)

**Alteracións da orde do día**

*O señor presidente (Santalices Vieira), antes de suspender a sesión, informa de diversas alteracións da orde do día. Pola tarde, en primeiro lugar, se substanciarán as tres preguntas de sanidade. A continuación a pregunta que formula a señora Adán Villamarín, e despois retomarase a orde do día coa interpelación do señor Fajardo Recousó.* (Páx. 58.)

*Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e cinco minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.*

**Pregunta de D. Juan Carlos González Santín e cinco deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto da instalación dos servizos sanitarios comprometidos no Barrio da Residencia de Lugo.** (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. González Santín (S)*. (Páx. 58.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade (Mosquera Álvarez)*. (Páx. 59.)

---

Réplica do autor: *Sr. González Santín (S)*. (Páx. 60.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade (Mosquera Álvarez)*. (Páx. 60.)

**Pregunta de D. Miguel Ángel Santalices Vieira e oito deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre o estado de execución en que se atopan as obras do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo.** (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Santalices Vieira (P)*. (Páx. 61.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade (Mosquera Álvarez)*. (Páx. 62.)

Réplica do autor: *Sr. Santalices Vieira (P)*. (Páx. 62.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade (Mosquera Álvarez)*. (Páx. 63.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Carmen Iglesias Sueiro, do G.P. Mixto, sobre o nivel de aplicación en Galicia na actualidade do Plan estratéxico nacional para o tratamento dos doentes de hepatitis C cos fármacos de nova xeración.** (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Iglesias Sueiro (M)*. (Páx. 64.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade (Mosquera Álvarez)*. (Páx. 64.)

Réplica da autora: *Sra. Iglesias Sueiro (M)*. (Páx. 65.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade (Mosquera Álvarez)*. (Páx. 65.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> María do Carme Adán Villamarín e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as iniciativas que vai desenvolver o Goberno galego para impulsar o autoconsumo de enerxía en Galicia.** (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 66.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López)*. (Páx. 66.)

Réplica da autora: *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 67.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López)*. (Páx. 68.)

**Interpelación de D. Juan Manuel Fajardo Recouso, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir a recuperación do emprego industrial.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fajardo Recouso (AGE)*. (Páx. 68.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López)*. (Páx. 71.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 73.), *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 75.), *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 76.) e *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 79.)

Réplica do autor: *Sr. Fajardo Recouso (AGE)*. (Páx. 81.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López)*. (Páx. 83.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Carmen Gallego Calvar e tres deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto do estado en que se atopa a atención das demandas do colectivo de pensionistas emigrantes retornados en relación coa súa tributación fiscal.** (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Gallego Calvar (S)*. (Páx. 84.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 85.)

Réplica da autora: *Sra. Gallego Calvar (S)*. (Páx. 86.)

---

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 87.)

**Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre as expectativas do Goberno galego en relación co plan deseñado para impulsar o Centro de Innovación e Servizos, CIS-Galicia, localizado en Ferrol.** (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 87.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López)*. (Páx. 88.)

Réplica do autor: *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 89.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López)*. (Páx. 89.)

**Pregunta de D. Xosé Manuel Beiras Torrado e seis deputados máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para evitar a destrución dos 95 postos de traballo que están a ocupar persoas con diversidade funcional na rede galega de quioscos da ONG Cogami.** (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fajardo Recouso (AGE)*. (Páx. 90.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar (Mato Otero)*. (Páx. 90.)

Réplica do autor: *Sr. Fajardo Recouso (AGE)*. (Páx. 91.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar (Mato Otero)*. (Páx. 92.)

**Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre as xestións previstas polo Goberno galego en relación co proceso de negociación comercial que está a manter a Unión Europea con Filipinas para a concesión de beneficios arancelarios aos produtos da pesca procedentes dese país.** (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 93.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 93.)

Réplica do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 94.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 94.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Tereixa Paz Franco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os resultados da política do Goberno galego en materia de loita contra incendios forestais, á vista dos datos da superficie queimada nas últimas semanas.** (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Paz Franco (BNG)*. (Páx. 95.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 96.)

Réplica da autora: *Sra. Paz Franco (BNG)*. (Páx. 96.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 97.)

*Remata a sesión ás sete e vinte e cinco minutos da tarde.*

---

*Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.*

**A señora PRESIDENTA:** Moi bo día. Prego ás súas señorías que ocupen os seus escanos. Imos reiniciar a sesión coas preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as oportunidades que ofrece Galicia ás persoas novas**

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra o señor Méndez Romeu para formular a súa pregunta

**O señor MÉNDEZ ROMEU:** Señor presidente, na última semana todos os medios de comunicación, sen excepcións, se fixeron eco da singularidade de Galicia, a comunidade de España que menos crece. Todos os expertos son críticos co seu goberno e con datos moi contundentes. Onde mellor se apreza o fracaso da súa política é na mocidade. Vostede, literalmente, está liquidando o futuro do país condenando a emigrar a unha xeración cada ano. Cada ano están marchando de Galicia 13.000 mozos, entre eles, moitos dos máis cualificados. Nos seus anos de goberno, 80.000 mozos fuxiron. Consecuencia, cada ano en Galicia nacen 3.000 persoas menos, un 15 %, e outros 6.000 menores a abandonan cada ano, emigran cos seus pais.

Os expertos son pesimistas sobre a recuperación demográfica. Estiman que precisaríamos que cada ano inmigraran a Galicia 20.000 mulleres novas, algo que parece pouco probable, simplemente para manter a taxa de natalidade.

Vostede tiña un plan demográfico, non quixo sometelo a debate no Parlamento. Hoxe tanto ten, é papel mollado. A mocidade que non marcha está no desemprego. Nestes anos, perdéronse catro de cada dez empregos xuvenís, o 40 %. Hai menos mozos ocupados que nunca, e dos que atopan traballo, o 90% en condicións precarias; moitos por debaixo do salario mínimo. Os empregos ofrecidos no último ano teñen baixa cualificación: camareiros, vendedores de tenda, peóns, limpeza, emprego doméstico. Trabалlos, sen dúbida, dignos, pero que, lamentablemente, son a maioría da oferta.

Os xóvenes máis cualificados da nos historia non atopan un traballo acorde e teñen que marchar, mesmo ás veces para

desempeñar no estranxeiro, ou noutros lugares de España, empregos por baixo da súa cualificación pero que a cambio están mellor retribuídos ou teñen máis estabilidade. E se non traballan, soamente o 15 % teñen protección por desemprego. E se aínda así queren independizarse da súa familia, vostede tomou as medidas necesarias para que non existira nin rastro de política de vivenda protexida. Así que nin traballo nin vivenda. Con vostedes os mozos son invisibles, aínda que logo os queiran debuxar glamorosos, suponse que na cola do paro en Ourense, nunha imaxe de tinte abertamente sexista.

Señor Feijóo, ¿todo o que vostede lles pode ofrecer aos mozos, despois de seis anos, é explotación ou emigración? *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, señor Méndez Romeu.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señora presidenta.

Señoría, creo que os gobernos responsables teñen que intentar, en primeiro lugar, garantir o futuro dos mozos, que é a formación a través da educación. E, en segundo lugar, intentar axudar á súa inserción laboral.

Señoría, durante estes anos o número de escolas infantís en Galicia creceron máis do dobre que en épocas de bonanza económica. Fomos quen, en plena recesión económica, de crear case 4.000 novas prazas de escolas infantís, e o compromiso é engadirllas, a esas 4.000, 500 prazas máis. Fomos quen de poñer en servizo nada máis e nada menos que 10.000 novas prazas de comedores escolares, o que supón un incremento do 22 %. Fomos quen de que os mozos estean estudando no ensino público en Galiza –máis de 85.000– unha lingua estranxeira. Fomos quen de introducir os ordenadores nas aulas –non había ningún–, e fomos quen, nada máis e nada menos, de dixitalizar todas as aulas en Galicia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Fomos quen, señoría, de incrementar en 20.000 prazas a Formación Profesional. Fomos quen de seguir mantendo as taxas universitarias máis baixas de España. As familias galegas aforran 19 millóns de euros cada ano, para que os seus



fillos poidan estudar en Galicia, en relación coas taxas doutras comunidades autónomas. E o resultado de todo isto é que temos o menor abandono escolar dende que hai rexistros; de feito, o abandono escolar en Galicia baixou, do 26 % co bipartito, ao 16,4 % actualmente.

Señoría, eses son os resultados en materia de formación. Hoxe se pode estudar mellor en Galiza que en época de bonanza económica. Hoxe é máis barato estudar en Galicia que no resto de España. E hoxe hai máis prazas de formación profesional, de idiomas, e aulas con ordenadores en Galicia que en épocas de benestar económico.

Señoría, fáleme vostede tamén do paro. Efectivamente, o paro dos mozos en Galicia se reduciu no último ano un 21,5 %, o que nos sitúa na primeira comunidade autónoma en redución de paro xuvenil. É certo que se reduciu en toda España; Galicia é primeira comunidade con máis redución do paro. A única comunidade onde non se reduciu o paro xuvenil é en Andalucía.

Señoría, fáleme vostede tamén das persoas que saen de Galicia. Efectivamente, señoría, cando saíron de Galicia máis xóvenes foi no ano 2007, cando vostedes gobernaban; agora saen menos xóvenes que cando vostedes gobernaban. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Por que será, señoría? Será, supoño, porque entre todos estamos traballando para unha política da educación e da formación mellor que as que vostedes tiñan.

E se vostede tamén me quere botar a culpa dos nacementos en Galicia... Mire, dime que hai un plan demográfico. É certo, señoría. (*Interrupcións.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Agora, por fin, hai un plan demográfico... (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

**A señora PRESIDENTA:** Silencio, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Vostedes tomaban a broma o plan demográfico e os problemas demográficos de Galicia.

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor, presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Por certo, señoría, dicir que este Goberno é o responsable da

falta de nacementos en Galicia, cando xustamente o problema dos nacementos en Galicia xorde en 1980 e continúa caendo a demografía en Galicia...

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor, presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...ata o ano 2005, é simplemente non saber os datos da demografía galega.

Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Réplica do señor Méndez Romeu.

**O señor MÉNDEZ ROMEU:** Señor Feijóo, vostede nunca renuncia á propaganda. Claro que ten un plan demográfico que non vale para nada, ¡aí están os datos! Claro que tamén ten un plan estratéxico da xuventude; un plan da xuventude que non foi sometido tampouco a debate neste Parlamento.

No último ano, no Plan estratéxico da xuventude prevíanse gastar 70 millóns de euros, pero o 60 % non foi executado, especialmente os programas de fomento da contratación. Oia, ¿por que será? Vostede reduciu o programa de política xuvenil nun terzo, e agora inventa programas de nome pomposo, por exemplo, o programa “Deseña o teu futuro”. ¿Saben as súas señorías cal é a dotación deste programa? 85.000 euros a repartir entre 315 concellos. E para todas as organizacións sen ánimo de lucro do mundo xuvenil, 45.000 euros para repartir entre todas. ¿Vostede fala seriamente de política xuvenil?

A garantía xuvenil europea aplicada polo Goberno Rajoy ten sido un fracaso, chegou a menos do 3 % dos mozos galegos potencialmente beneficiarios. Son xeracións perdidas, sacrificadas no altar da austeridade, que non crea riqueza. Señor Feijóo, o seu Goberno é cada día máis ineficaz, máis consciente da súa irrelevancia e adicado exclusivamente a propaganda. Vostede deixa un erial industrial, un ermo laboral e un país envellecido, sen sabía nova. Vostede está para servir disciplinadamente os intereses da banca e das grandes empresas, que son os únicos que coa crise están gañando. A xente común é perdedora, e os mozos galegos simplemente inexistentes para o seu Goberno.

O consenso unánime dos expertos é demoledor. Diagnostícan, cos datos á vista, o fracaso da súa política. ¿Non lle parece que vai sendo tempo de cambiala? (*Aplausos.*)



**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Méndez Romeu.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):**

Señoría, o paro rexistrado de menores de 25 anos no ano 2013 era de 16.700, e agora son 13.100. A baixada do paro xuvenil é do 21,5 %. Señoría, no último ano do bipartito o paro xuvenil subiu de 15.800 a 22.000. É dicir, no último ano en que vostede era membro do Goberno, o paro xuvenil subiu un 40 %, e dende que chegamos ao Goberno, o paro xuvenil baixou un 37 %. ¿De que datos me está falando, señoría?

O Plan de emprego xuvenil ten 100 millóns de euros, dos cales xa dispuxemos do 50 % na primeira anualidade. O Programa de garantía xuvenil está pactado con Comisións Obreiras, UXT e o Goberno, ¿tampouco lle gusta? Non lle gusta a concertación social.

Sobe os fluxos migratorios dos que vostede fala, para intentar simplemente dar datos a voleo, o número de persoas de 20 a 34 anos que se foron de Galicia no ano 2013 é de 4.600, iso supón o 0,97 %. ¿En que situación nos sitúa? Na comunidade autónoma onde menos mozos se foron de Galicia. *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

Señoría, máis datos. O saldo migratorio entre os que saen e os que entran, porque esas son as contas correctas, os que saen foron 4.600 e os que viñeron 2.500; é dicir, o saldo migratorio son 2.100.

Señorías, sigamos, a emigración non é un fenómeno novo, por suposto que non, señoría, pero o ano onde máis mozos saíron a outras comunidades autónomas ou ao estranxeiro foi o ano 2007, 13.000. Eses 13.000 dos que vostede fala, no ano 2007. Agora baixaron a 11.700.

Sigamos con datos, señoría. Se vemos a natalidade en Galicia, entre o ano 1975 e o ano 1979 —ese lustro— naceron en Galicia 43.400 rapaces e rapazas. Baixaron despois a 34.000, despois a 25.000, despois a 21.000. Entre o ano 1995 e o ano 1999 naceron en Galicia 18.000. Insisto, entre o ano 1995 e o ano 1999 naceron en Galicia 18.000, unha baixada acumulada dende había máis de 30 anos. Agora están necendo en Galicia unha media de 21.000.

Señoría, ¿sabe o que lle digo?, que con vostedes a economía decrecía, e agora crece; con vostedes o déficit público non se controlaba, e agora se controla; con vostedes a débeda pública de Galicia subía por riba da media das comunidades autónomas, e agora temos unha das débedas públicas máis baixas de España; con vostedes o paro non facía máis que crecer, e agora diminúe. Teñen moito mérito, señoría, falar nesta Cámara de economía, de emprego e de xuventude. Iso, sen dúbida, é moito mérito...

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):**

Cando vostedes xestionaban a economía sen ningún rigor, non lles importaba que cadraran as contas, e, ¿sabe o que volve ocorrer?, o de sempre. Soamente nunha cousa son coherentes, cando estaban no Goberno, inventaban os datos, cando están na oposición volven inventar os datos; iso si, cando estaban no Goberno, esfolaban a todos, e cando están na oposición, o único que perden é a súa escasa credibilidade.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):**

Non invento os datos, señoría.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o lugar acadado pola economía galega no ano 2014**

**A señora PRESIDENTA:** Para formular a súa pregunta, ten a palabra o señor Jorquera Caselas.

**O señor JORQUERA CASELAS:** Grazas, señora presidenta.

Señor Feijóo, ¿segue pensando que coas súas políticas Galiza está en mellores condicións para ser unha das primeiras comunidades en saír da crise? Porque mire, se é así, unha de dúas, ou vostede vive nun mundo virtual, desconectado da realidade, ou tanto o IGE como o INE están pagados polo ouro de Moscú, que todo pode ser, e o IGE e o INE inventan os datos.

Mire, hai case un ano a Xunta prognosticaba que pecharíamos 2014 cun medre do PIB do 1,2 %. A realidade é que só medrou un raquíutico 0,4 %, un terzo do previsto pola Xunta de Galiza, e no Estado medrou un 1,4 %, máis do triple que en Galiza. “O crecemento será maior en Galiza, co cal a comunidade seguirá converxendo co Estado...”, dixo neste mesmo parlamento a señora Muñoz. Pero resulta que, segundo datos da contabilidade rexional de España, a economía galega foi a que tivo en 2014 o peor comportamento de todo o Estado, señor Feijóo. Segundo o INE, señor Feijóo, das 17 comunidades autónomas, Galicia foi o faroliño vermello. Estes son datos oficiais, señor Feijóo.

Mire, segundo un estudo de Fedea, Galicia foi a comunidade que máis reduciu o gasto público nos últimos anos. Vostede, efectivamente, é o campión dos recortes, pero ¿sabe cal é a consecuencia? Que o índice de produción industrial caeu en Galicia un 4 %, mentres no Estado medrou un 1,4 %. Que as exportacións caeron en Galiza un 5 %, mentres medraron no Estado. Que a demanda interna medra no conxunto do Estado cinco veces máis que en Galiza. Que tanto se examinamos a evolución do paro, como a evolución da ocupación, Galiza sae peor parada que no Estado. E segundo un estudo de Foessa, señor Feijóo, a desigualdade aumentou en Galiza nunha porcentaxe moi superior á do Estado dende que vostede é presidente. Hai xa un 4,6 % de galegos e galegas que viven en situación de privación material severa, señor Feijóo; e un 24 % que viven en risco de pobreza, en situación de auténtica exclusión social.

Quizá sexa todo iso o que explique que no último ano Galiza perdese máis de 17.000 residentes; 27.000 residentes de entre 15 e 34 anos, señor Feijóo. E vostede fai a comparativa co do 2007. ¡É que xa non quedan mozos para emigrar, señor Feijóo! É que xa non quedan mozos, ¡a ver se se entera da realidade! (*Aplausos.*)

Por iso, señor Feijóo, ¿considera un éxito do seu Goberno que a economía galega ficase na cola en 2014? ¿De verdade segue pensando vostede que coas súas políticas Galiza está en mellores condicións para liderar a saída da crise? Conteste, señor Feijóo.

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, señor Jorquera.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):**  
Grazas.

Señoría, fala vostede dos datos do IGE e do Instituto Nacional de Estadística, e eu agradézollo porque son os que din, xunto cos outros datos do INEM, que en Galicia é onde menos paro xuvenil hai e onde máis se reduce o paro xuvenil. Son os mesmos datos os que din señoría, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Son os mesmos datos, señoría, os que din que en Galicia a porcentaxe –non o total, señoría, ¡non engane a Cámara!– de xoves sobre os que temos, saen o 0,97 %; é dicir, a comunidade autónoma onde menos xoves saen. Polo tanto, se vostede quere falar do PIB, e por suposto que falaremos, acepte cales son eses datos. Por exemplo, que en materia de pobreza somos unha das comunidades autónomas con menor índice de pobreza de España. Por iso imos seguir falando de datos.

Mire, señoría, sobre o crecemento da economía galega, que fun interpelado nesta Cámara hai poucas semanas, o único novo é o que o Instituto Nacional de Estadística incrementou nunha décima o crecemento da economía; é dicir, que crecemos o 0,5 %. Fíxese nunha cousa, que crecemos. É a primeira vez que ocorre dende o ano 2009. Ocorreu no ano 2010 e agora no 2014. A primeira vez xunto co ano 2010.

Creo que tamén –como a vostede lle gustan os datos e a min tamén– se acredita que Galicia, no mes de marzo, foi a terceira comunidade autónoma que máis reduciu o paro en España. Acreditamos que hoxe temos 24.000 parados menos que hai un ano, e que temos 17.000 persoas máis dadas de alta na Seguridade Social que hai un ano. Supoño que a vostede, como bo galego, estes datos lle interesan e o animan a continuar. A min, dende logo, si. Por iso, cando vemos como se compón o PIB e como se comportou, observamos que estamos recuperando o consumo, que hai un incremento da formación bruta de capital en Galicia, que hai un avance das exportacións, e ¿que vemos? Vemos o que vostede quere ver, e o que eu quero ver porque é a verdade. ¿Que pasou? Que a industria se comportou de forma incorrecta, porque os servizos creceron un punto e medio e o sector primario creceu por riba do 1 %, e a construción decreceu menos que nos últimos anos. ¿Que ocorreu, en consecuencia? O que ocorreu é que a industria baixou o 2,5 % e en España creceu un 1,5 %. Iso foi o que ocorreu.

Por certo, señoría, ¿que puido facer Galicia para manter a súa economía? Invertir. Segundo o PIB, ¿canto supón a inversión das administracións públicas no PIB? En Galicia máis 0,6 e en España máis 0,1. É dicir, cinco veces máis en Galicia que no resto de España. Polo tanto señoría, como a vostede lle preocupa a industria e a min tamén, creo que sería bo, por exemplo, reflexionar.

Mire, na industria do sector da automoción conseguimos os novos modelos para PSA-Peugot-Citroën. Aí a Xunta creo que fixo un papel, cando menos, razoable.

No sector naval estamos persuadidos de que, en canto Navantia se diversifique, volveremos a números negros —é dicir, positivos— no sector naval.

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor, presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):**

Creo, señoría, que podemos facer unha reflexión vostede e máis eu; é dicir, a Cámara. ¿Que lle parece valorar a industria forestal? ¿Que lle parece falar sobre a evolución da industria forestal? ¿Que lle parece que debemos facer na industria papeleira en Galicia? ¿Cremos que a debemos protexer ou, polo contrario, que a debemos de pechar?

Máis nada e moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, presidente.

Réplica do señor Jorquera Caselas.

**O señor JORQUERA CASELAS:** Grazas, señora presidenta.

Efectivamente, señor Feijóo, a culpa é da industria por comportarse de maneira incorrecta. ¡Grazas por aclararme as dúbidas!

Efectivamente, vive vostede nun mundo virtual. ¿Quere exemplos? “La Xunta equipara su modelo educativo con el de Finlandia.” ¡Manda chover na Habana! ¡Manda chover na Habana! Fale coa comunidade educativa e convénzaos.

Máis exemplos: “La Xunta dice que la sanidad es mejor hoy, pese a la crisis.” ¡Manda chover na Habana! Vaia a urxencias, e dígallo aos doentes, señor Feijóo.

Mire, señor Feijóo, ese mesmo día, por certo, facíase público un informe que sitúa a Galiza como a terceira comunidade que máis privatizou a súa sanidade. Pero para que diversifique as súas fontes de información: o emprego a xornada completa en Galicia desplómase a niveis de hai vinte anos. A Seguridade Social ingresa 786 millóns de euros menos en Galiza, pese ás novas altas. Paro e baixos salarios reducen en máis de 2 millóns ao día os ingresos por cotizacións en Galiza.

Mire, señor Feijóo, ese é o problema. O pouco traballo que se crea, é traballo lixo. Os propios estudos oficiais indican que a fenda salarial entre Galiza e o Estado, lonxe de corrixirse, segue agrandándose, señor Feijóo. E pese a iso, mentres a ocupación e a afiliación á Seguridade Social comezan a repuntar no Estado, en Galicia seguen estancadas. ¡A ver se o asume! ¡A ver se se entera, señor Feijóo! ¡Esa é a realidade que vostede non quere ver, ou mellor dito, que vostede pretende ocultar!

A economía galega está estancada, pero estancada no fondo do pozo, señor Feijóo. A situación económica do noso país é de encefalograma plano, ¡asúmao! Por tanto, asuma que as súas políticas están conducndo á ruína deste país, ao devalo social, económico e demográfico...,

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**O señor JORQUERA CASELAS:** ...pero, polo que vexo, vostede segue preferindo vivir nun mundo virtual, en vez de asumir o fracaso das súas políticas e, polo tanto, asumir a necesidade de cambialas radicalmente.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Jorquera.

Ten a palabra o señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):**  
Moitas grazas, presidenta.

Señoría, eu estou orgulloso do persoal docente galego, e estou orgulloso de que conseguiran que o fracaso escolar en Galicia sexa o menor dende que hai estatísticas. Estou orgulloso de que máis de 80.000 rapaces —aos que non poden pagarlles os seus país ir estudar inglés— poidan estudar

inglés en Galicia no ensino público. Estou orgulloso de que poidamos, por fin, dixitalizar todas as aulas de Galicia en plena recesión económica.

Señoría, fala vostede das urxencias. Estou orgulloso de que na Coruña, que había unhas urxencias de menos de 1.000 metros, hoxe superen os 4.000 metros (*Murmurios.*) Estou orgulloso, señoría, de que en Lugo, que nin sequera había urxencias no novo hospital porque era un edificio baleiro, teña unha das mellores urxencias de España. (*Murmurios.*) Estou orgulloso, señoría, de que en Vigo vaíamos a multiplicar por cinco a superficie de urxencias e aceptemos –porque finaliza a obra, por fin, neste semestre– o maior hospital público de España. (*Aplausos.*) Estou orgulloso, señoría, de incrementar as urxencias do Hospital do Salnés e do Hospital da Mariña lucense. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

E por suposto, señoría, que temos que seguir falando de economía, por suposto que si. No índice de indicadores adiantados, que é o que vai ocorrer ao longo do ano 2015, os períodos na industria crecen un 7 %, en España o 1,6 %. O índice do comercio polo miúdo crece un 4,2 %, igual que en España. E o indicador de confianza do consumidor creceu 15 puntos neste trimestre, o mellor dato dende o ano 2003.

Señoría, temos un paro menor que no ano 2014, menor que no ano 2013 e menor que no ano 2012. Temos 17.000 persoas máis afiliadas á Seguridade Social.

Señoría, creo que vostede sabe igual ca min que a produción de vehículos en Galicia baixou máis de un 1 %, e en España subiu un 8,5 %. ¿Verdade que o sabe?

Sabe, señoría, que a industria naval, especialmente por Navantia, tivo un comportamento pésimo en Galicia, moi inferior –en máis de 20 puntos– sobre España. Vostede o sabe. E sabe tamén que o índice de produción enerxética en Galicia baixou con respecto a España, e creo que ningunha desas tres cousas, ningunha das tres, que supuxeron un PIB por debaixo do 1 %, dependen da Xunta de Galicia. Ningunha. (*Murmurios.*) O que si depende da Xunta de Galicia é investir, e estamos investindo cinco veces máis a Administración pública que o resto das administracións públicas autonómicas.

Señoría, eu fíxenlle unha proposta e non me contestou. Nós estamos dispostos a seguir falando de innovación, de internacionalización e da industria. E fíxenlle unha proposta moi clara, ¿cre vostede que non deberíamos falar da industria forestal en Galicia? Porque Galicia ten máis do 45 % da masa forestal do Estado...,

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...porque Pontevedra ten unha industria que supón o 13 % do PIB, e Pontevedra é a cidade con máis paro de Galicia, case o 29 %, por riba de Ferrol.

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señoría, ¿cre vostede que debemos falar do futuro de Ence?, ¿si ou non? Nós queremos falar do futuro de Ence, ¿vostedes queren pechar a industria forestal en Galicia para despois botarlle a culpa á Xunta de Galicia?, ¿si ou non? Se quere vostede falar disto, falamos, señoría, pero eu vou seguir protexendo a industria en Galicia e dando a cara por Galicia.

Moitas grazas, señoría.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, presidente.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Yolanda Díaz Pérez, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre os servizos e bens públicos que está a perder a cidadanía a causa do crecemento da débeda pública galega**

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra, para formular a súa pregunta, a señora Díaz Pérez.

**A señora DÍAZ PÉREZ:** Grazas, presidenta. Bos días.

Señor Feijóo, supoño que coñece coma min os datos que se veñen de publicar en marzo respecto da débeda do conxunto do exercicio pasado, do ano 2014. E supoño que coñecerá coma min, e non dirá que está inventado, o crecemento imparabile da débeda do noso país.

Vólvolle repetir que vostede é o presidente máis caro da historia democrática de Galicia, o presidente que lles custa 10.000 millóns de euros aos galegos e ás galegas deste país, nunha situación terriblemente alarmante, señor Feijóo, porque o único que crece é a débeda –10.000 millóns de euros– e o que decrece é a economía.

Como ben sabe, e xa o falamos na anterior sesión de control, estamos sete veces por debaixo do crecemento da media do PIB do conxunto estatal; pechamos o exercicio pasado cun crecemento do 0,1 %, señor Feijóo. E como sabe, ademais, nun país no que –segundo os datos de liquidación do seu orzamento– deixan sen executar 1 de cada 3 euros adicados a investimentos. Polo tanto, nunha situación calamitosa, señor Feijóo.

Pero mire, o incremento da débeda dende que vostede chegou case chega a 6.000 millóns de euros, exactamente crece nun 150 %, como reflicten os datos do informe do Consello de Contas deste país. Este informe do Consello de Contas di cousas moi interesantes, señor Feijóo, tan interesantes como, por exemplo, que pasamos da carga financeira que pagaba este país cando vostede chegou, que era tan só do 3,9 %, ao que hoxe pagamos ou deberíamos pagar, que é nada máis e nada menos, señor Feijóo, que o 28,4 %.

Pero insisto en que o Consello de Contas di cousas moi interesantes. Di, por exemplo, cousas tan interesantes como que vostedes son opacos cando falan da débeda; non hai luz e taquígrafos sobre algo fundamental deste país.

Segundo. Fala, efectivamente, dun incremento máis que notable, e fala de que estamos nunha situación insostible, en termos de débeda, para o conxunto de Galicia.

Pero fala tamén de algo relevante, señor Feijóo, sobre o que eu lle quero preguntar, igual que o fai o Consello de Contas, que vai ser a herdanza maldita, cando vostede se vaia de Galicia, que lles deixe aos vindeiros gobernos e que lle deixe a este país.

O Consello de Contas pregúntalle á Xunta de Galicia como vai facer para compatibilizar a redución neta do endebedamento para acomodarse ao 13 % que teñen fixado, grazas a esa reforma nocturna do 135 da Constitución, que exige –como sabe– baixar en 920 millóns de euros anuais ata che-

gar xustamente a ese 13 %. ¿Pódenos dicir vostede, señor Feijóo, como vai facer para isto? ¿E pódenos dicir, señor Feijóo, como pode xustificar que, dende que vostede chegou...,

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**A señora DÍAZ PÉREZ:** ...vaimos a razón de incremento de débeda de 100 millóns de euros ao mes? ¿Este é o prezo que lle custa vostede a Galicia, señor Feijóo? *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Díaz.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):**

Con moito gusto, señoría, imos falar da débeda pública dende un partido de esquerdas. Señoría, ¿de que se me acusa?, ¿de incrementar moito a débeda pública?, *(Murmurios.)* ¿de endebedarme pouco?, ¿de gastar menos?, *(Murmurios.)* ¿de facer máis déficit público? ¿Exactamente de que se nos acusa, señoría? *(Murmurios.)*

A súa pregunta é sorprendente. Resulta que nós temos moita débeda pública e non financiamos axeitadamente os servizos públicos. Señoría, temos débeda pública para manter os servizos públicos en época de recesión económica. *(Murmurios.)* Temos débeda pública porque estamos xestionando Galicia con 2.000 millóns de euros menos cada ano dos presupostos que me atopei no ano 2009 –por certo, falsos–. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señoría, nós temos débeda pública porque mantemos os servizos públicos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Temos débeda pública porque cremos na sanidade pública, porque cremos na educación pública, porque cremos nos servizos sociais básicos e porque somos un goberno ao que lle interesa a situación dos galegos. *(Aplausos.)* Por iso emitimos débeda pública. *(Aplausos.)* ¡Que quede claro, señoría! Ese é o noso posicionamento económico e o noso posicionamento social. *(Aplausos.)* E supoño que este *Diario de Sesións* vai ter conta das palabras que digo eu e que vostede di.

Mire, señoría, o que non me encaixa, por suposto, é a súa incoherencia. Insiste en que non nos preocupemos polo défi-



cit público. Dicia o seu compañeiro do BNG: non, non, o que hai que facer é que creza a economía a través de déficit público. Resulta, señoría, que ao mesmo tempo me pide que faga máis débeda pública —é dicir, máis déficit público— e, por outra parte, di que temos un incremento da débeda pública. É dicir, o que me solicita é que creza a débeda pública e que diminúa a débeda pública. Mire, señora portavoz, cando menos é sorprendente.

Nós non recorremos á débeda pública autorizada por capricho, é que cremos na sanidade pública, na educación pública e nos servizos sociais públicos. (*Murmurios.*) E como cremos niso, señoría, sabemos que temos que ter unha débeda pública controlada, porque, se non a controlamos, evidentemente quebramos, e entón non haberá nin sanidade nin educación nin servizos públicos. E sobre os datos da débeda pública para Galicia, para sentirse satisfeita de que estamos controlando a débeda pública, no ano 2014, do que vostede fala, ¿por que non di que Galicia é a comunidade autónoma que menos incrementou a débeda pública no 2014? ¿Por que lle oculta este dato á Cámara? ¿Por que lle oculta que Galicia é a comunidade autónoma que menos incrementou a súa débeda pública no 2014? ¿Por que? ¿Por que lle oculta, señoría, que somos a segunda comunidade autónoma que menos incrementou a débeda pública dende o ano 2009? ¿Por que? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A segunda comunidade autónoma que menos incrementou a débeda pública: Madrid un 133 %, Galicia un 151 %.

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Media de comunidades autónomas, 221%. É dicir, Galicia incrementou a súa débeda pública 70 puntos menos que a media das comunidades autónomas.

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señoría, ¿por que se nos acusa dunha cousa e da contraria? Señora portavoz, a súa política económica non existe, pero a súa demagogia non ten límite.

Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Réplica da señora Díaz Pérez.

**A señora DÍAZ PÉREZ:** Señor presidente, ¿vostede isto coñece? Supoño que non, que llo len, porque está mentindo en Cámara parlamentaria, mentindo directamente.

Mire, señor Feijóo, primeiro, ¿sabe o que di o profesor Álvarez Corbacho —que é un perigoso comunista que anda polo mundo— respecto do sumatorio da débeda pública e da débeda da que nunca falamos, que son esas colaboracións público-privadas a modo de hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo? ¿Sabe a canto ascende? A 14.000 millóns de euros. Profesor Álvarez Corbacho, un dos expertos deste país. ¡Vostede mente

Segundo. Mente cando está afirmando nesta Cámara o que está dicindo. Este Informe do Consello de Contas —que son marxista-leninistas— está dicindo que a débeda pública na media estatal do noso país baixou xustamente do 2007 ao 2009, pero di xustamente que no binomio seguinte se disparara por enriba do 11,7 %. Está mentindo, señor Feijóo, mentindo; lea o propio Informe do Consello de Contas deste país, que, como ben sabe, é revolucionario.

Tamén lle sigo dicindo que este informe está alertando de que estamos nunha senda de insostibilidade, señor Feijóo. E eu quero que me conteste, porque o informe é moi interesante. O informe fala de que nesta senda abraiante estaríamos nunha situación de ter que adicar 212 anos para pagar a débeda. No mellor dos casos, fala, no ano 2013, de 114 anos, señor Feijóo. ¿Explicame que é o que está a facer?

Tamén di unha cousa relevante o Informe do Consello de Contas deste país, que vostede contrae débeda para pagar débeda, para pagar gastos correntes. Pecado capital, xa llo dixen nunha ocasión, ¡pecado capital! (*Murmurios.*) Xa sei que a vostede a Igrexa lle dá igual, pero na súa ideoloxía... (*Murmurios.*)

**A señora PRESIDENTA:** Silencio, por favor.

**A señora DÍAZ PÉREZ:** ...despedimento da empresa privada, mal xestor e unha Galicia absolutamente insolvente.

E por favor, señor Feijóo, contésteme, páxina 78 do Informe do Consello de Contas...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**A señora DÍAZ PÉREZ:** ...remato xa-, ¿como vai facer para arranxar esta herdanza maldita para cando vostede estea en México ou en Madrid? ¿Como imos facer para cumprir ese obxectivo que lle está marcando o informe...,

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor.

**A señora DÍAZ PÉREZ:** ...de ter que reducir 950 millóns de euros ao ano? Señor Feijóo, cóntelle isto aos galegos e ás galegas que teñen que emigrar deste país. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):**  
Moitas grazas, señoría.

O bo destas sesións é que quedan no *Diario de Sesións*. Polo tanto, Galicia poderá ver –se lle interesa, pero queda demostrado– que vostede simplemente de débeda pública sabe o mesmo que doutras cousas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Mire, señoría –reitero–, no ano 2014, entre as comunidades autónomas de réxime xeral de financiación, Galicia é a comunidade autónoma que menos incrementou a súa débeda pública, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* o 8,1 %. Na evolución da débeda pública 2008-2014, as comunidades autónomas incrementaron a débeda pública 70 puntos máis que Galicia. *(Murmurios.)* E Galicia, xunto con Madrid, é a comunidade autónoma que menos incrementou a débeda pública nos últimos seis anos. *(A señora Díaz Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)*

**A señora PRESIDENTA:** Señora Díaz.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):**  
Hai que ler completos os informes, señoría.

Na evolución da ratio de débeda pública sobre o PIB, en Galicia pasamos do 6,7 % ao 18 %, incremento 11,3 %. En España, o 15,8 %; é dicir, 4,5 puntos menos que a media de España. Se vostede me quere dicir que debíamos de ter a

débeda pública, por exemplo, que tiveran a media das comunidades autónomas, en Galicia teríamos 2.700 millóns de euros máis de débeda pública. Se tiveramos o incremento de débeda pública que onde vostedes gobernaban –governaban, digo, porque a partir de agora imos ver se gobernan nalgún sitio–, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* en Andalucía, por exemplo, se tiveramos o incremento da débeda pública que fixeron en Andalucía, teríamos 4.000 millóns de euros máis de débeda pública. Se incrementáramos a débeda pública como se incrementou en Asturias, teríamos 7.800 millóns de euros máis de débeda pública. Señoría, ¿cal é o seu referente en xestión económica no que se refire á débeda pública? ¿Ten vostede referente? Porque me dá a sensación, señoría, de que non sei exactamente con quen estou falando nin que partido me está interpelando.

Cando me fala vostede de que non pagamos, resulta que pagamos en 21 días de media –fontes do Ministerio de Facenda–; as comunidades autónomas en máis de 50 días de media. Cando me di qué fixemos coa débeda pública, pois mire, 31 centros educativos; en sanidade, 36 centros de saúde e todos os hospitais en obras; en benestar, 23 centros de día, 72 escolas infantís, 38 residencias para maiores; en infraestruturas, 147 quilómetros de vías de alta capacidade; en infraestruturas hidráulicas, o 50 % do saneamento da ría de Ferrol, o 50 % do saneamento da ría de Vigo, 36 novas depuradoras. Señoría, ¿de que me fala vostede?

Agora o seu compañeiro falaba do Informe Fedea, de control do gasto público. ¿Sabe onde controlamos o gasto público? Nos intereses da débeda pública. En Galicia os intereses creceron o 102 %. Na media das comunidades autónomas, o 203 %, ¡o dobre!

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** E por iso en gasto corrente, señoría, en Galicia subimos un punto máis que as comunidades autónomas. ¿Por que? Porque controlamos a débeda pública.

Señoría, vostede fai oposición a voleo. *(Risos.)* Vén aquí, di unha cousa. Chega despois a unha asemblea e di a contraria. Agora nos di que incrementamos pouco a débeda...,

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, presidente.



**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):**

...fóra dirá que temos que incrementala máis; aquí que gastamos moito, fóra que gastamos pouco. Mire, señoría, os niveis de débeda pública de Galicia están moito máis controlados que o seu nivel de demagogia.

Moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, presidente.

Continuamos co desenvolvemento da orde do día co punto 6, de interpelacións.

### **Interpelación do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego dos resultados da política seguida en materia de vivenda**

*(Murmurios.)*

**A señora PRESIDENTA:** Prego silencio, por favor.

Para formular a interpelación, ten a palabra don José Antonio Sánchez Bugallo, do Grupo Parlamentario Socialista.

*(Murmurios.)*

Prego silencio, por favor.

**O señor SÁNCHEZ BUGALLO:** Moitas grazas, señora presidenta. Moi bos días, señorías.

Comparecemos novamente neste Pleno do Parlamento, xunto coa señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para facer unha valoración da política de vivenda, ou, para ser máis exactos, da inexistente ou desaparecida política de vivenda.

Facemos esta comparecencia no mes de abril do ano 2015; é dicir, recentemente acábanse de cumprir seis anos do Goberno Feijóo da Xunta de Galicia. No mes de novembro do ano pasado cumpriuse a metade desta segunda lexislatura, estamos probablemente a menos de dezaioito meses da convocatoria das próximas eleccións autonómicas, e, sen lugar a dúbidas, é un momento idóneo para empezar a falar máis da herencia que se deixa á futura Galicia que da herencia recibida hai seis anos.

Señorías, comparecemos, e neste caso ademais coincide despois dunhas intervencións nas que se nos pinta unha imaxe de Galicia que non sei se unha parte das súas señorías comparan –posiblemente si–, pero, desde logo, non é a que existe na realidade galega. Non é só que deixemos unha Galicia que colleu este Goberno cunha débeda de 3.954 millóns de euros, e que, sen contar os plans público-privados, ascende a 9.961 neste momento; é dicir, que practicamente se triplicou. Deixamos unha Galicia que en abril de 2009 tiña 1.034.000 traballadores dados de alta na Seguridade Social e na que en decembro de 2014 só quedan 923.000. E xa non falamos de como quedan, pero, en todo caso, quedan 110.000 menos.

Falamos, desde o punto de vista do paro, dunha Galicia que no primeiro trimestre de 2009, segundo a EPA, tiña 162.000 parados. E segundo a mesma enquisa de poboación activa, a 31 de decembro tiña 263.000. E o que é dramático para o futuro de Galicia, deixamos unha Galicia na que a suma de traballadores parados e de pensionistas supera a suma de traballadores que están cotizando. É dicir, temos 923.000 traballadores cotizando e temos aproximadamente cerca de 1.960.000 persoas que están percibindo ou que teñen dereito a percibir as súas contribucións. Evidentemente, isto debuxa un panorama dramático para o futuro, pero aínda máis dramático desde o punto de vista social, se facemos caso dos informes que presentan organizacións coñecidas polo seu espírito revolucionario como Cáritas Diocesana, que nos fala de que máis de 600.000 galegos están bordeando o risco de exclusión social.

Señorías, neste contexto, imos falar e facer o balance da política de vivenda nestes seis anos. Hai unha conselleira nova, que leva nove meses no cargo, pero que formou parte da estrutura directiva desa consellería ao longo destes seis anos, e, desde logo, o Goberno é o mesmo Goberno Feijóo desde abril de 2009 ata abril de 2015.

Quero empezar, cando falamos de vivenda, polo elemento que quizais vemos de forma máis dramática, que é o referido aos desafuzamentos. Aproximadamente 2.500 familias perden cada ano a súa vivenda habitual –sempre temos este debate e despois seguramente sairá–, pero non todas porque non poidan pagar a súa hipoteca, nin sequera a maioría; agora mesmo a causa principal de perda da vivenda habitual é o non poder pagar o aluguer, e, de feito, desas 2.500, case os dous terzos a perden por non poder pagar o seu aluguer.

Iso é o coherente, e incluso sorprendentemente baixo, tendo en conta as elevadísimas cifras de paro e tendo en conta que hai máis de 90.000 familias en Galicia que non reciben ningún tipo de ingreso nin pensión da Seguridade Social nin cobran o seguro de desemprego nin reciben ningún outro tipo de axudas; 90.000 familias. Polo tanto, aínda sorprende que a inmensa maioría das familias galegas poidan seguir facendo fronte aos pagamentos das súas vivendas.

Fronte a iso, señorías, hai unha política da Xunta de Galicia, e o elemento máis expresivo de toda ela é o que se nos leva vendendo das 500 vivendas para familias de realoxo. Levamos falando desas 500 vivendas máis de dous anos, dous anos e pico. Nestes dous anos e pico máis de 5.000 familias perderon a súa vivenda habitual, e temos realoxadas, segundo o último dato coñecido, 43 familias. ¿Como é posible que realoxando 43 familias resolvamos o problema de miles? É evidente que a responsabilidade e o peso de resolver este problema recae sobre as propias familias e non sobre a Comunidade Autónoma de Galicia.

Hai outro segundo tema ao que quero facer referencia, señoría, que son os datos facilitados pola propia Consellería e referidos ao Rexistro de Demandantes. Por parte deste deputado, solicitáronse estes datos, e foron facilitados con data 26 de xaneiro, e, tal e como me foron dados, vounos reiterar nesta Cámara.

Segundo aqueles datos, no Rexistro Único de Demandantes, o día 26 de xaneiro había inscritos 15.126 demandantes: 5.653 na Coruña, 7.196 en Pontevedra, 1.549 en Lugo e 828 en Ourense. Fronte a isto, ¿que veu pasando en Galicia? Desde o punto de vista da construción de vivendas protexidas, señoría, os últimos datos que eu coñezo son os seguintes: en 2007 iniciáronse 4.319 —estabamos en bonanza—; en 2010, 1.817; en 2013, 439; en 2014, segundo os datos oficiais do Ministerio de Fomento, a 30 de setembro, 42; segundo os mesmos datos oficiais do rexistro do Ministerio de Fomento, en España, nese mesmo período de tempo, nos tres primeiros trimestres de 2014, iniciáronse 11.965. É dicir, que as 42 de Galicia supoñen, nin máis nin menos, que o 0,35% do total das que se iniciaron en España. Sen lugar a dúbidas, impresionante. E xa a culminación, o ano anterior: no ano 2013 —do que si temos datos completos de todo o ano— en toda España iniciáronse 17.059, das que 439 foron en Galicia, o 2,5%. Parecía difícil baixar máis, pero, señora conselleira, conse-

guímolo, agora estamos no 0,35%. Estamos aínda moito máis abaixo. Por certo, ese dato contrasta, señorías, con outro dato. En España no ano 2013 o 7,37% das vivendas libres eran en Galicia; máis que a nosa poboación, o triplo que a porcentaxe de vivendas protexidas. E no 2014, nos tres primeiros trimestres, o 7,73%; é dicir, unha porcentaxe 22 veces superior á porcentaxe de vivendas protexidas.

Xa me queda pouco tempo, intentarei abreviar. Pero señorías, ¿cal é a causa de todo isto? Hai un detalle que a min me vén sorprendendo e que o reiterarei xa varias veces, que non é o grao de execución presupostaria, señoría, senón o grao de inexecución presupostaria. Voulle poñer un exemplo que quero exemplificar xustamente na partida 451A, Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda. No ano 2009, 74.660.000 euros de presuposto; executado o 74,99%. No ano 2010, o presuposto baixou de 74 a 35 millóns, e o grao de execución, o 10,82%. No ano 2011, o presuposto seguiu baixando a 27.970.000...;

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando.

**O señor SÁNCHEZ BUGALLO:** ...o grao de execución, o 13%. E, señorías, foi o máis alto deste período, porque o récord se acadou no ano 2013, onde o grao de execución foi do 1,31%; un ridículo 1,31%. ¿E que pasa no ano 2014? Grao de execución, 7,39%. De 22 millóns de euros, consumíronse 1.600.000.

Por certo, señora conselleira...,

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Bugallo.

**O señor SÁNCHEZ BUGALLO:** ...desde que vostede é conselleira, 57.000 euros nun semestre, o 0,21%, un auténtico récord.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

**O señor SÁNCHEZ BUGALLO:** Sacarei as conclusións na segunda intervención; espero que me dea tempo.

Grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, dona Ethel Vázquez Mourelle.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidenta.

Señor Sánchez Bugallo, o dereito constitucional dunha vivenda digna dende logo que é unha cuestión prioritaria para este goberno, e non en van tiven a oportunidade de presentar nesta Cámara o primeiro Plan autonómico de vivenda e tamén tiven a oportunidade, como conselleira, de presentar o primeiro Plan estratéxico desta consellería, tendo a honra de ser eu conselleira. Polo tanto, son feitos que, dende logo, mostran a nosa preocupación por este tema.

Antes de entrar no asunto en concreto da súa interpelación, gustárame –permítame– facer unha breve referencia á exposición de motivos da súa interpelación, porque alude a diferentes indicadores que, dende logo, non amosan a realidade actual da nosa comunidade. Permítame soamente un par de consideracións. O indicador de confianza dos fogares galegos incrementouse no primeiro trimestre deste ano máis de 15 puntos, respecto do mesmo período do ano anterior, e, polo tanto, non é que só mellorou, senón que acadou o nivel máis alto dende o ano 2003. E o segundo indicador que me gustaría tamén indicar é que Galicia rexistrou no mes de marzo un descenso de 5.412 galegos e galegas, de persoas desempregadas, un 2,1% menos que no mes anterior, o que significa que a nosa é a terceira comunidade autónoma na que máis diminuíu o paro rexistrado en termos relativos.

Creo, señoría, que estes dous son indicadores, dous exemplos, do bo termómetro para medir a situación económica actual na nosa comunidade, da situación económica actual, e para demostrar que os argumentos, desde logo, para min carecen de fundamento; non os podo compartir.

Fala de xestión orzamentaria. Estou segura de que vostede sabe moito de xestión orzamentaria, e, dende logo, saberá que as cifras que dá vostede están manipuladas porque non di vostede que os créditos foron transferidos polo Goberno Zapatero e son créditos inexecutables –entrarei a explicalo mellor–, e sabe vostede que hai que comparar créditos iniciais.

Xa entrando, volvendo á materia específica de vivenda, que constitúe, como xa digo, unha prioridade para o departamento no que traballo, que é a vivenda, dende logo, teño que dicir que a política de vivenda desenvolvida pola actual

Xunta de Galicia nos últimos anos tivo como obxectivo prioritario a atención aos sectores máis desfavorecidos. As cifras son significativas e os esforzos que temos feito, dende logo, así o demostran, a pesar das restricións orzamentarias, porque dende maio de 2009 levamos investidos –2009-2014– máis de 278 millóns de euros a través das distintas liñas de actuación dirixidas a facilitar o acceso a un fogar a aqueles galegos que máis o precisan; un investimento que permitiu beneficiar a máis de 125.000 galegos e galegas.

Neste período 2009-2014 rematáronse e entregáronse aos seus adxudicatarios seleccionados polo Rexistro de Demandantes máis de 2.000 vivendas de promoción pública; unhas vivendas nas que o Goberno bipartito –como sabe o señor Bugallo– iniciou moi poucos expedientes de adxudicación, e hai que sumar as dificultades para adxudicalas, porque vostedes deseñaban inmobles sen o criterio de demanda, é dicir, sen criterio, realmente, que é o que debe rexer, o criterio de demanda.

Na actualidade, o parque de vivendas de promoción pública do Instituto Galego de Vivenda e Solo é de 2.800 inmobles; 2.800 vivendas adxudicadas en réxime de alugueiro ou en réxime de ocupación temporal. Á parte destas vivendas propiedade do IGVS, destináronse tamén algunhas a casos de especial interese, como son vítimas de violencia de xénero e afectados por execucións hipotecarias. Porque Galicia foi unha das primeiras comunidades en poñer en marcha medidas propias destinadas a paliar os efectos das execucións hipotecarias co Programa de realoxos. Agora, o 100% dos solicitantes que cumprían os requisitos foron atendidos e recibiron unha vivenda, e o noso compromiso, o noso obxectivo, dende logo, é seguir realoxando o 100% das persoas que cumpran os requisitos. E, señor Bugallo, respecto das cifras que dá vostede, permítame indicarlle que creo que vostede debe saber que inclúen locais comerciais, garaxes, empresas; polo tanto, señoría, as cifras que dá vostede inclúen eses datos tamén.

E o acceso a un fogar tamén se facilita mediante a promoción de solo para a construción de vivenda protexida. Desde o ano 2009 concedéronse axudas para a promoción de solo con destino á construción de 5.200 vivendas protexidas, e facilitáronse axudas a preto de 2.900 familias galegas para adquirir vivendas de protección autonómica.

En materia de alugueiro, como sabe, o Programa Aluga, posto en marcha por este goberno, permitiu asinar máis de 13.100 contratos, que supuxeron axudas de 40,8 millóns de euros. Permítame, señoría, neste punto unha pequena apreciación. Como vostede coñece, o Programa Aluga púxoo en marcha este goberno e substituíu o Programa de alugueiro do Bipartito; un programa do Bipartito que estaba externalizado, cun incremento moi substancial de gastos de xestión, totalmente ineficaz, con demoras innecesarias. Esta é a diferenza do Plan Aluga e do Plan de alugueiro do Bipartito, no que vostedes gastaban 2,3 millóns de euros ao ano en externalización, e nós, eses 2,3 millóns de euros gastámoslos en darlles solución aos cidadáns, porque o facemos cos medios propios.

En canto á rehabilitación, tamén constitúe outro dos eixos fundamentais das políticas de vivenda que o Goberno galego vén desenvolvendo nos últimos anos a través de cinco liñas de actuación. No caso de vivendas de promoción pública, o IGVS realizou intervencións por importe de 9,6 millóns de euros na mellora da rehabilitación do parque propio de vivendas do Instituto. Tamén subvencionou ata un 80% dos orzamentos destinados á realización de obras de rehabilitación e mellora en comunidades de propietarios, 3,8 millóns de euros. Tamén axudas á rehabilitación no medio rural e nos conxuntos históricos, 11 millóns de euros e 4.400 vivendas. Nas áreas de rehabilitación, concedéronse subvencións a 7.700 inmobles e 53 millóns de euros destinados. E no marco do Plan de vivenda 2009-2012, 14.700 familias víronse beneficiadas das axudas á rehabilitación de vivendas. Tamén as dos danos provocados polos temporais teño que dicir que tiveron resposta da Xunta de Galicia, e favoreceu a rehabilitación de 1.370 vivendas, superando o 2,1 millóns de euros, máis de 1,7 millóns de euros do que deixaron vostedes en febreiro do ano 2009, que deixaron 500.000 euros, e nós subimos 1,7 millóns de euros, destinando un total de 2,1 millóns de euros tamén para danos provocados por temporais.

Como apuntei, señoría, estamos ante un conxunto de medidas en materia de vivenda nas que levamos investido máis de 278 millóns de euros, cos que achegamos ao seu fogar a máis de 125.000 galegos e galegas. Pero o noso obxectivo dende logo que é seguir avanzando, e por iso deseñamos o Plan RehaVita, por iso aprobamos o Plan RehaVita no Consello da Xunta e por iso presentamos nesta Cámara o Plan

RehaVita; unha programación estratéxica ata o ano 2020 que beneficiará a 152.000 cidadáns galegos e que suporá un investimento de máis de 600 millóns de euros, dos cales a Xunta investirá algo máis de 307 millóns, o que significa un 10 % máis que o quinquenio anterior, e sen esquecer, dende logo, os 26.500 postos de traballo que mobilizará.

Como saben, o Plan RehaVita estrutúrase en catro eixes: acceso á vivenda, con catro programas destinados a facilitar o acceso á vivenda ás familias que máis o precisan, 107 millóns de euros; a rehabilitación e a renovación urbana, con 134 millóns de euros; o terceiro eixe é o de prevención de exclusión residencial, con case 64 millóns de euros, que pretende dar cobertura a situacións de especial risco naquelas familias en que o custo da vivenda supón, dende logo, unha porcentaxe moi alta comparada cos seus ingresos, e ademais outras actuacións de medidas normativas, estudos, traballos...

Dende logo, señorías...,

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Vázquez Mourelle):** ...dous meses despois da súa aprobación, podo dicir con convicción que o Plan RehaVita está en marcha; está en marcha con axudas ao alugueiro que xa puxemos en marcha neste ano, 5,3 millóns de euros, a sinatura co convenio da Sareb, as 50 primeiras vivendas da Sareb; o apoio á implantación do informe de avaliación de edificios e os convenios asinados o pasado 14 de marzo co Ministerio de Fomento e tamén a nova convocatoria para a declaración de áreas de rehabilitación, que son 9,5 millóns de euros. Tamén estamos a falar da implantación de novas medidas, como o “bono alugueiro”. Dende logo, un conxunto de medidas, señorías, das que, no momento actual, tan só dous meses despois da aprobación do Plan RehaVita, o 42 % das medidas previstas están en execución e o 12,5 % están en fase de implantación.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, conselleira. Moitas grazas.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Vázquez Mourelle):** Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** ¿Grupos que queiran intervir?

Grupo Mixto, señora Martínez.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** Bo día a todas e a todos.

Eu tiña unha intervención, pero é que despois de escoitar a intervención da conselleira xa non sei... De verdade que eu creo que non hai droga que faga flipar máis que escoitar o Goberno, porque de verdade que isto é increíble. Fálanos do Plan RehaVita, fálanos de que se lles deu vivenda a todas as familias que foron desafiuzadas, a todas as mulleres que sufriron violencia de xénero; fala vostede dun descenso do paro, de que aumenta a confianza. É que, de verdade, escoitándoos a vostedes, vivimos no país das marabillas, pero a realidade social é outra moi distinta. A realidade social é que por primeira vez os traballadores con emprego a xornada completa non poden pagar a vivenda. Iso é un drama, e vostedes escóndeno. A realidade é que ás persoas ás que se lles está ofrecendo vivenda, ofréceselles moitísimas veces fóra da súa localidade, incluso fóra da súa provincia, o que os obriga a sacar os nenos dos colexios. A realidade é que hai familias que non poden estar cos seus fillos, que foron separados dos seus fillos porque non poden darlles unha vivenda e non poden darlles alimentación.

Non me mire con cara rara porque o drama é ese, o gran drama é ese.

Polo tanto, escoitamos agora “el gran Plan RehaVita”, que xa foi tratado nesta Cámara, e fala de axudas ás familias. ¿Que hai coas familias que non teñen ingresos? Falan de axudas de 200 euros, do aluguer social, coma se iso fora solucionar. Soluciona ás familias ás que iso lles axuda, pero a maioría das familias que teñen problemas de vivenda non o van solucionar con 200 euros ao mes. Estamos como sempre coa caridade, non cos dereitos. A vivenda é un dereito, é un dereito fundamental, non se pode tratar como caridade dándolles 200 euros ou 100 euros ás familias. ¿Pero de que estamos falando? ¿A onde chega a hipocrísia do Goberno? ¿Realmente vostede cre que se está solucionando o problema da vivenda neste país?

Rehabilitación das vivendas. A min paréceme estupendo que haxa axuda para rehabilitar as vivendas, pero hai familias que nin coa axuda poden rehabilitar a súa vivenda. Falaba-

mos de aumento de mortes neste país por gripe polas malas condicións, por falta de acceso á enerxía, e vostedes seguen vivindo nos mundos de Yupi.

Se realmente queremos axudar as familias a que poidan pagar as vivendas habería que establecer vivendas de alugueiro onde cada familia, cada persoa, pague en función dos ingresos familiares; non 200 euros. O que haberá que ver é que o 20 % dos ingresos que entran nesa familia non se supere, que non se supere ese 20 % que se dedica á vivenda. É a única forma realmente de atallar este problema, deixándose de propagandas que non nos levan a ningún sitio.

E realmente a única confianza que está aumentado neste país é a confianza en que deixen o Goberno. É a única confianza. A esperanza que ten este país é que deixen de gobernar en Madrid e que despois deixen de gobernar en Galiza porque é o único que nos pode salvar do desastre que nos van deixar.

Xa estivemos falando do desastre da débeda que nos deixan, con cantidade de concesionarias durante anos e anos. Hipotecados nos van deixar; hipotecados e empobrecidos, sen vivenda.

¿Vostede sabe o que supón perder a vivenda habitual? Supón a exclusión social directa. Alguén que non ten vivenda non ten acceso a case nada. Supón que non ten acceso a preparar unha comida, que non ten acceso ao seu aseo. Pero, claro, como dixo o presidente do Goberno, hai por aí xa servizos sociais que os acollen para que se poidan duchar e para que poidan comer. ¡Un auténtico escándalo de contestación por parte do presidente da Xunta!

Segundo Cáritas, a política de vivenda está permitindo a vulnerabilidade e a exclusión social de moitísimas persoas en Galiza. Galiza é a segunda autonomía do Estado en número de persoas sen vivenda, en “sen teitos”, como se lles chama; 133 persoas de media fronte á media de España, que é de 71. E escoitamos á conselleira felicitarse polo ben que o están facendo.

Necesítanse vivendas en alugueiro. As persoas xa non queren mercar porque non saben o que vai pasar mañá co seu posto de traballo. Onte falabamos aquí da empresa Vestas de Viveiro, unha empresa con beneficios que despide os traballadores. ¿Con base en que se lles consenten estas cousas ás



empresas? Con base nunha reforma laboral que o permitiu. ¿Que traballador ou traballadora se vai hipotecar se sabe que o seu goberno non o vai defender cando intenten despedilo, ou incluso se a súa empresa traballa para a Administración e ten beneficios, como ocorre no caso de Povisa, ou cando sabe que un á vez que perde o seu posto de traballo e non ten ingresos a Xunta de Galiza o único que vai facer é permitir que se poña na rúa a el, a ela e a toda a súa familia, incluídos menores e dependentes? Esa é a realidade do noso país.

Os desafuzamentos incrementáronse no ano 2014 en Galiza nun 1,4 % respecto do 2013 e non son xa, como dicía o voceiro anterior, alzamentos por hipotecas, senón por non poder pagar os alugueiros. Un promedio de 5 desafuzamentos, de 5 desaloxos ao día entre xullo e setembro do ano pasado; 5 familias perderon a vivenda en Galiza diariamente. ¿De que se gaban vostedes?, ¿de que se felicitan vostedes?

Hai que dar primeiro saída ás vivendas que están baleiras. O primeiro que hai que facer é falar cos bancos para impedir que se siga botando a xente das súas vivendas, para que se renegocien as hipotecas, para que se amplíen os prazos, para que se baixen os intereses, porque moitas desas hipotecas xa estarían pagadas con todo o que cobrou a banca de máis en cláusulas suelo e noutras cláusulas abusivas. Pero roubáronlles ás familias, e, agora que as familias están asfixiadas, bótanos das súas vivendas, e vostedes defenden a banca.

Tamén necesitan axudas para que as persoas non sigan sendo expulsadas das súas vivendas en alugueiro. ¿De que serve darlles unha axuda ao alugueiro despois de que son expulsadas dunha vivenda por non pagar o alugueiro? Sexan previores, axuden as familias antes de que sexan desafuzadas. Ademais de poñer todas as vivendas baleiras en Galiza, que son un montón en todas as provincias, traballen cos propietarios desas vivendas baleiras para que se poidan poñer en alugueiro social. E, ademais, fagan vostedes unha política de vivenda que vaia unida a unha política económica. A xente non se vai vivir a onde non hai posibilidades de futuro, a onde non hai traballo. Hai que facer unha política conxunta: vivendas e postos de traballo. Pero vostedes van cada un polo seu lado e nin sequera se paran a pensar no que hai.

España —e Galiza, por suposto— é dos países que teñen menor stock de vivendas de alugueiro social, está moi por

debaixo da media da Unión Europea. O mesmo que o valor da vivenda de alugueiro está moi por encima da media da Unión Europea, en concreto, un 16 % máis que en Finlandia, un 17 % máis que en Francia, un 23 % máis que en Austria e un 32 % máis que en Holanda. Polo tanto, estamos falando dunha política de vivenda que non vai ligada realmente aos problemas da nosa sociedade.

Segundo un estudo elaborado pola Consellería de Medio Ambiente, o 18,4 % dos pisos están desocupados no noso país, desocupados permanentemente todo o ano. Xa non estamos falando desas vivendas que se ocupan no verán. Iso significa que en Galiza...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** ...—vou rematando— hai 241.047 vivendas baleiras. Vostedes din que van construír vivenda, e, mentres tanto, os que xa non teñen vivenda, que esperen, porque vostedes non están dispostos a darlles saída a estas vivendas baleiras pertencentes á banca ou a propietarios que as teñen pechadas. Pero, dígolles máis, nas grandes cidades como A Coruña hai máis de 20.000 vivendas baleiras e en Vigo hai 18.654; dúas cidades cunha alta demanda de vivenda en alugueiro.

Polo tanto, nada máis que dicir, díxeno todo no Plan Reha-Vita. Vostedes seguen —e agora moito máis— en campaña electoral, lanzando promesas que, cando chega a realidade, como vemos sempre, non se cumpren, igual que non se cumpren os orzamentos, igual que non van construír nada do que prometen. Ao mellor, como dicía o voceiro anterior...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Martínez.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** ...o 1,5 %.

Nada máis. Moitas grazas.

**A señora PRESIDENTA:** Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Pombo Rodríguez.

**O señor POMBO RODRÍGUEZ:** Grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados, señora conselleira, moi bo día.

Efectivamente, xa pasamos o ecuador da segunda lexislatura, o segundo goberno do señor Feijóo, do que a actual conselleira formou parte, e a herdanza deste goberno para o noso país non é nada positiva nin para o presente nin para o futuro do mesmo. Non é positiva para a vivenda, mais tampouco é positiva para todos os aspectos sociais polos que estamos atravesando.

Acaba de falarnos a señora conselleira dun plan virtual de vivenda no que nos indica que debemos ter confianza, mais é un plan virtual que anunciou que na lexislatura, señor Feijóo, investiron 278 millóns de euros en varias liñas; 278 millóns de euros en varias liñas. Xa denunciei eu cando foi a comparecencia da conselleira anunciando este plan virtual que na etapa do señor Feixóo á fronte da Xunta recortaron nada máis e nada menos que máis de 700 millóns de euros. E, claro, despois de recortar máis de 700 millóns de euros, veñen anunciarnos un plan virtual que vai solventar todo con só 278 millóns de euros de inversión feita.

Dende o 2009 os indicadores sociais son alarmantes: a poboación ocupada, os empregados, mermou un 13 %, os afiliados á Seguridade Social mermaron un 10 %, case 10.000 persoas menos. A cidade de Ourense digamos que perdeu durante estes dous gobernos consecutivos o emprego, que aquí nos dan cifras virtuais para indicar non sei que cousas. Os informes de Cáritas, referendados mesmo polo Valedor do Pobo, falan de 600.000 galegos ao bordo da exclusión social, 132.000 en exclusión social severa e 55.000 fogares que precisan dunha atención urxente. Xa digo, informe de Cáritas.

Señora conselleira, emprego, vivenda e saúde son os principais e gravísimos problemas polos que está a atravesar o noso país. Máis de 258.000 parados. En dúas lexislaturas, 95.000 máis dos que había; ou sexa, que o gran logro do Goberno Feijóo é que hai 95.000 parados máis que cando el entrou, e coa boa xestión, e máis da metade destas persoas que están no paro, por certo, están sen prestación social ningunha. E hai 90.000 fogares galegos todos no paro, como dicía aquela canción da época tan moderna de Vigo da movida: “Estamos todos no paro”.

A vivenda, excesivamente cara; mellor dito, vense obrigadas moitas persoas a dedicar máis do 30 % do seu cativo soldo a pagar a vivenda. O resultado non pode ser peor. Cada vez

son máis as persoas que, por mor da crise e mais das políticas de recortes do Goberno galego, non poden ver garantido un dereito tan elemental como o dereito a unha vivenda digna. Desafuizamentos hipotecarios e de alugueiros abocan a moitas familias a quedar na rúa.

Non hai moito tempo que aparecían unhas alarmantes noticias na prensa nas que un estudo feito por Cáritas no mes de decembro falaba de que Galiza, o noso amado país, era a segunda comunidade do Estado con máis persoas –non eramos campións, pero si subcampións– que se ven obrigadas a vivir na rúa, con máis familias vivindo na rúa; preto de 4.000 familias galegas na rúa, sen vivenda.

Para o Grupo Parlamentar do BNG todo o dito vén confirmarnos o fracaso da política económica e de vivenda do Goberno galego, e o fracaso tamén das políticas sociais: asistencia sanitaria, protesta continuada, recortes pola privatización, repagos, hepatitis C, recortes na atención primaria... Hai unha semana o Bloque denuncia o recorte en atención primaria; médico tras médico é retirado para que non poida atender as persoas maiores do noso rural: Pobra de Brollón, 1.800 habitantes, só un médico fixo para atender a poboación, cando hai tres veterinarios para atender os animais. Atención sanitaria: miles de persoas protestando na rúa. Respecto dos infartados de Lugo, señoras e señores deputadas, cando a nivel de Estado morren 35 de cada 100.000, curiosamente na provincia de Lugo morren 77, máis do duplo, porque só hai atención hemodinámica en horario de oficina, o mesmo que en Ourense. Atención para o cancro en Lugo: teñen que recorrer 10.000 quilómetros ao mes, 500 diarios nunha ambulancia para chegar a unha atención de oito minutos. ¡Lamentable!

No ensino, protesta continuada contra os recortes, contra a privatización, contra a LOMCE. As universidades do futuro, señorías, para os fillos dos ricos, e os demais a traballar en traballos mal pagos.

Atención social: protesta continuada. Onte mesmo os traballadores de Benestar de toda Galiza viñan a Compostela a entregar 5.000 sinaturas para protestar polo lamentable estado no que están a traballar. Denunciaban sobreexceso humano e turnos maratonianos. Pedían onte mesmo a dimisión de Beatriz Mato. Fracaso das políticas económicas e sociais do Goberno galego do señor Feijóo. Mais a prometida recu-



peración para Galiza tardará moito máis en chegar que a outras partes. Galiza no 2014 estaba, ou estamos, á cola do crecemento, co PIB a nivel do Estado. Medramos algo, si, o 0,5, mentres o Estado o 1,4. Farolillo vermello, Galiza. Polo tanto, lamentabelmente, diante desta grave situación, o Goberno galego non foi quen de tomar medidas para garantir o dereito á vivenda para todas e para todos os galegos, e non foi por unha sinxela razón. Efectivamente, sei que investiron 278 millóns nestes anos de Goberno Feijóo, pero a realidade foi que foi un recorte continuado: fomento e rehabilitación de vivenda, recorte nada máis e nada menos que do 80 % do que adicaba aquel Goberno bipartito, o 80 %. E no acceso á vivenda o recorte non é do 80 %, é do 87 %. Así non se poden facer políticas de vivenda. Pero o máis grave é que estes recortes os poñen nun papel pero despois executan, por exemplo en vivenda, o ano pasado, tan só o 7,3 % do que alí escribiron.

Total, o Grupo Parlamentar do BNG entende que o Goberno galego, que ten competencias plenas en materia de vivenda, debería ser quen de empregar todas as súas ferramentas para conceder o dereito dos galegos a ter unha vivenda, mais non foi quen, desde logo, o Goberno galego de facelo así, e o plan que utilizaron estes anos foi nin deter os desafiuamentos –máis de 10.000– nin elaborar modificacións normativas reclamadas para protexer os cidadáns nin protexer as persoas fronte á banca e fronte aos negocios privados nin garantir o dereito a unha vivenda digna. É certo que a señora conselleira o mes pasado nos veu vender fume anunciando un plan virtual no que seica temos agora que crer porque estamos ás portas dunhas eleccións municipais, mais cada vez máis galegos e máis galegas –que se contan por milleiros– non acreditan xa no fume e na propaganda; mesmo o Valedor do Pobo non hai moitos días que tiña que chamar a atención de todos os poderes públicos para protexer as familias con menores a cargo: denuncias en Ribeira, en Vigo, en Ourense, en Aríns..., Galiza enteira. O grupo parlamentar ten demandado un compromiso activo deste Parlamento, mais, lamentabelmente, as políticas do señor Feijóo en vivenda non axudan a cumprir o dereito que todo cidadán ten a ter unha vivenda digna.

É certo que segundo a conselleira empregaron 278 millóns de euros en varias liñas de vivenda, mais tamén é moito máis certo que durante ese mesmo tempo recortaron máis de 700 millóns de euros que deberan ser empregados...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Vaia rematando.

**O señor POMBO RODRÍGUEZ:** ...–xa remato, señor presidente– para garantir o dereito a unha vivenda digna e que lamentabelmente, a día de hoxe, non se cumpriu.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Pombo.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señora Díaz.

**A señora DÍAZ PÉREZ:** Señora conselleira, a verdade é que a pregunta que formula o señor Bugallo é unha pregunta concreta, pero é certo que os antecedentes que se formulan na interpelación da que traemos causa e imos falar dela agora mesmo é unha emenda á totalidade no que se vén denominar as políticas sociais da Xunta de Galicia.

Vostede concordará comigo, en primeiro lugar, en que se examinamos os orzamentos públicos dende que chegou o supergobierno Feijóo no ano 2009 ata agora, transcorridos máis de cinco anos, vemos que os recortes, o 40 % do orzamento global en termos nominais e reais do orzamento da Xunta de Galicia, foi xustamente nas políticas sociais, e fundamentalmente en dúas, na política sanitaria e na política que ten que ver xustamente co ensino e coa universidade pública; cousas que, como ben sabe vostede, non son casualidade, son obxectivos claros de recortes por unha política que é instigada polo propio Goberno Feijóo, e explicámonos. O argumentario oficial do Partido Popular en Galicia é que caen os ingresos como causa da crise e que, polo tanto, vostedes se ven obrigados a recortar, cando saben certamente que iso é falso. Caen os ingresos porque vostedes deciden non intervir na política tributaria e ademais deciden incorporarnos nun ciclo económico contracíclico; é dicir, fan todo o contrario do que deberían de facer, sobre todo dende unha consellería como é o caso da súa.

Pero é certo que o señor Bugallo a pregunta que formula, que é ben acaída na metade deste exercicio político, pois xustamente é: ¿cal é a valoración que fai vostede respecto das políticas de vivenda como responsable directa das mesmas? E o titular debería de ser que a vostede deberían reti-

rarlle as competencias de vivenda por inacción das mesmas; inacción en termos oficiosos e tamén inacción en termos formais, porque certo é –e estámosllo dicindo dende hai máis de dous anos– que, efectivamente, o recorte orzamentario tamén en política social no seu departamento dende que chegaron foi do 80 %. Si, si, señora conselleira. Cargáronse practicamente todos os programas que había desa herdanza maldita que era o Bipartito. Pois eu vou aquí defender a política e a herdanza maldita do Bipartito porque, efectivamente, vostedes se cargaron eses orzamentos porque non cren na intervención pública para garantir un dereito fundamental e un dereito humano, como é o acceso a unha vivenda digna.

E isto non só son palabras son feitos. O Estado español é o único estado que en menos dun ano foi receptor –como coñece ou debe coñecer– de dúas sentenzas emanadas polo Tribunal de Xustiza Europeo que condenan a España por vulnerar os dereitos fundamentais no que atinxe á materia de vivenda. A primeira das sentenzas que vostede lembrará ou debe lembrar e coñecer perfectamente sinalaba xustamente que era absolutamente legal que nos artigos 695 e seguintes da Lei de enxuízamento civil non se permitiran causas de oposición a esas execucións hipotecarias. Ben, ¿cal foi a reacción do Partido Popular, e tamén do Partido Popular de Galicia, que votou xunto con eles? Pois, efectivamente, incorporar algunha mudanza, pero manter o groso das reivindicacións dos bancos do noso país.

A segunda sentenza –como sabe vostede, recente tamén– que foi obxecto de debate nesta mesma Cámara, como coñece perfectamente, di algo tan grave nun estado democrático como que é ilegal que non se permitan recorrer en apelación todas as resolucións derivadas xustamente de procedementos de execución hipotecaria. Esta é a política de defensa dun dereito fundamental, humano, como é a que practica o Partido Popular e tamén vostede no noso país, na nosa comunidade autónoma. Vostedes, pola práctica, atacan o autogoberno. O Ministerio de Vivenda non ten competencias para estas materias, sen embargo vostede fai inacción absoluta dunha materia que debería ser central xustamente no departamento que vostede lidera.

Pero falabamos das sentenzas que se teñen ditado nese marco xurídico ao que nos obriga o Tribunal de Xustiza Europeo que están violentando dereitos fundamentais, pois temos os datos recén publicados no Consello Xeral do Poder

Xudicial nos que a senda, dende o ano 2009, de desafiuzamentos por causas hipotecarias e por un incremento máis que destacado no que atinxe aos alugueres vai *in crescendo* ata chegar ao exercicio 2014, no que temos un total de 1.705 lanzamentos no noso país, nada máis e nada menos. Crecendo, señora conselleira; que vostede algo está a facer mal, algo está a facer mal, e non nos veña falar aquí, como xa fixo recentemente –que se acordaron que estaban en eleccións municipais e que teñen que lavar un pouco a cara–, dun plan de vivenda fallido. Non hai política máis fallida, señora conselleira, que poña un plan de realoxo enriba da mesa e que os resultados acaídos no mesmo sexan os que vostede mesma deu aquí. ¡Lamentable! Iso é lamentable, sabendo perfectamente que todos os días familias deste país son desafiuzadas.

Pero é lamentable tamén, señora conselleira, ademais desta vulneración de dereitos fundamentais, ademais de que non fagan, por exemplo, como esas cousas tan malditas que fixo o Goberno de Syriza en canto chegou ao mesmo, que foi prohibir os desafiuzamentos, señora conselleira. Esa é a diferenza entre os gobernos que están co pobo ou os gobernos –como no que vostede está– que están en contra do pobo. Esa é a grandísima diferenza, porque estamos en tempos de excepción e, efectivamente, estamos a falar de garantir un dereito fundamental, porque vostedes incumpren ese dereito fundamental todos os días. Insisto, son datos do Consello Xeral do Poder Xudicial, que non son de Alternativa Galega de Esquerda, e datos que deberían facerlle repensar o que están a facer realmente mal por parte da súa consellería.

Pero vai todo nun paquete, señora conselleira, porque, mire, política de rehabilitación deste país non hai e política social de vivenda non hai. ¿Vostede cre que, co que está chovendo, o seu departamento non debería estar fomentando vivenda pública no conxunto do país? ¿Vostede cre que non? ¿Non cre que sería, ademais, necesaria para saír deste ciclo maldito económico? ¿Non cre que é necesario azuzar o gasto público xustamente en materia de dereitos fundamentais para saírmos de onde estamos? Pois para vostede semella que non. Eu pónolle de exemplo a súa xestión en materia de política de vivenda, que son as vivendas do Bertón, e non lle vou contar o rosario de desagravios que poderíamos facer. Esa é a súa xestión: suspensión absoluta neste materia.

Pero a súa xestión tamén é atacar os dereitos fundamentais. Por exemplo, eu non son forofa do que fixo o Goberno anterior, pero ¡home!, algo é algo; é dicir, cargarse a renda de emancipación non era revolucionario, pero algo era algo. Cargáronse a renda de emancipación para persoas novas, ¡fulminada! Cousas substanciais que demostran que están gobernando como pobo, como foi ese artigo 35 incorporado ao Real decreto 20/2012, no que vostedes, Galicia, aplica con carácter retroactivo a chamada subsidiación dos préstamos bancarios, e aí temos barrios enteiros, como o caso de Navia, en Vigo, ou temos na Coruña milleiros de persoas afectadas que xa tiveron que acudir aos tribunais, señora conselleira, porque vostedes estaban vulnerando a lexislación vixente, e aínda con sentenzas na man vostedes a seguen a incumprir. Esta é a súa política de vivenda; si, señora conselleira, a súa política de vivenda. Lea as sentenzas, que son, efectivamente, moi interesantes.

E deixo para o final, no escaso tempo que me queda, a Sareb, ese favor que nos vai facer a Sareb por entregarnos o uso temporal de 50 vivendas. E, señora conselleira, tiña que darlle vergoña dicir isto neste hemiciclo.

Este grupo parlamentar leva dous anos presentando iniciativas para intentar paliar esa enorme estafa que foi a venda de Novagalicia Banco, e esa enorme estafa que foi despois xustamente ceder as vivendas que nos roubaron aos galegos e ás galegas para seguir facendo negocio dende a Sareb e despois, ademais, vendelas a prezos suculentos para que outros sigan a facer negocio.

Pedímoslle nesta Cámara que puxeran esas vivendas que pertencían ás antigas caixas a favor das persoas que as precisaban, e a súa votación permanente nesta Cámara foi non, non e non. E ¿por que? Porque a banca, esa á que vostedes atenden, lles dicía que por aí non pasaran. Igual que se negaron a atender algo tan elemental como é incorporar con carácter retroactivo a posibilidade da dación en pago. Non, e non o fan porque, como sabe vostede, saíron os dous grandes magnates das concentracións bancarias dicindo que iso era excesivo e que, como no caso do Goberno de Andalucía, se poñían en xogo os intereses da banca, eses aos que vostede representa.

E, falando de rehabilitación, señora conselleira, sería interesante que nos dixese, por exemplo, en barrios importantes de

titularidade pública nos que este país algo terá que dicir, qué imos facer; dígolle, por exemplo, Recimil e dígolle outros porque supoño que vostede está aí para arranxar esas cuestións, ¿ou está aquí de adorno pagada cos recursos públicos do noso país?

Polo tanto, resumo, señora conselleira, a súa política de vivenda é fallida, un auténtico fracaso. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Díaz.

Grupo Parlamentario Popular, señor Castiñeira.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Señor presidente, señorías.

“De adorno” di, señora Díaz; paréceme que se vai o adorno. De adorno fala vostede, cando ten un adorno sentado ao seu lado. ¿Iso é o que nos conta? ¿Iso é o que nos conta? Porque... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, céntrese vostede.

Señora Díaz, eu creo que está un pouquiño... *(Murmurios.)* —relájense ¡home!, relájense— desfasada. Fala da interpretación do artigo 35 do Real decreto 20/2012, e vostede sabe que nesta Cámara aprobamos unha iniciativa do... *(A señora Díaz Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Señora Díaz, por favor, xa estivo vostede no debate. Grazas.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Vostede supoño que sabe que se aprobou esa iniciativa... *(A señora Díaz Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)* Por certo, pero...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Non interrompa, señora Díaz, por favor; non interrompa.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Parece que non está contenta coa súa propia intervención, paréceme que non, pois, se non... Eu creo que a escoitei co máximo respecto, igual que aos outros compañeiros desta Cámara, e é o mesmo que pido, nada máis, porque creo que é o principio fundamental da democracia, escoitar e respectar a todos. *(Aplausos.)* Hai algúns que non entenden iso, hai algúns e algunhas que non saben o que iso significa.

Señora Díaz, insisto, está un pouco desfasada nas informacións; ou non llas pasan a tempo ou algo lle pasa, pero desde agosto do ano pasado hai un cambio interpretativo de criterio, e a propia Xestur e a Consellería revisaron máis de 1.800 expedientes, e todos aqueles que cumprían os requisitos, de acordo coas propias peticións que reiteradamente se facían desde a Consellería, desde que emitiu esa interpretación do artigo 35 do Real decreto 20/2012... Desde a Consellería insistíuse ao Ministerio –por certo, de Fomento, non de Vivenda; o de Vivenda desapareceu desde a época de Zapatero, non se olvide; desde aquela non hai Ministerio de Vivenda– na interpretación, que debería ser diferente, dese real decreto, dese artigo. O Ministerio terminou dando a razón, entre outras, á Comunidade Autónoma de Galicia, e estase revisando e estanse valorando novamente e informando positivamente aqueles expedientes que cumpren os requisitos do plan polo que foron concedidos.

Si, si, hai algunhas sentenzas si, pero tamén hai sentenzas dándolle a razón á Comunidade Autónoma de Galicia de que a súa intervención era correcta. Vostedes pedían que se pagaran con fondos públicos da Comunidade Autónoma, co cal, perderíamos o diñeiro, e, polo tanto, estiveron ben defendidos os intereses dos galegos e das galegas desde a Comunidade Autónoma, señora Díaz.

E eu o que lles pediría é que se poñan de acordo, porque a señora Martínez, despois de largar aquí o que lle interesou –loxicamente, que para iso estamos aquí e é libre– dicía que non á construción de vivendas, e vostede di que si á construción de máis vivendas, e o señor Bugallo tamén. ¡Oia!, que eran ata hai pouco o mesmo grupo. E incluso nos intentaban dar leccións de que había que facer un plan conxunto e dicían como que o Goberno actual cada un ía polo seu lado. ¡Mire quen fala!, cada un vai polo seu lado. Diso sabe moito a señora Martínez e a señora Díaz tamén, saben vostedes moito de que cada un vai polo seu lado; de feito, un pide unha cousa e outro outra. Esta é a oposición que temos, que fai un estudo rigoroso, realmente, da situación da vivenda en Galicia.

Mire, señor Pombo, vostede, que foi alto cargo do Goberno da Xunta bipartita, de plans virtuais sabe moito. Sabe cando gastaron preto de tres millóns de euros nun plan –que aquel si que foi virtual que nin os seus propios alcaldes o querían– co que querían meter vivendas de protección oficial ata nos

cascos históricos, nos centros ou nos terreos que estaban sen urbanizar. Pero fixeron alí un plan moi virtual, moi ben presentado, e sabe vostede as queixas, e aí si que había protestas polo que vostedes pretendían facer. E tamén sabe vostede e o señor Bugallo –agora vou con vostede, señor Bugallo, que non me olvido de vostede; non me olvido, non, non–... O señor Bugallo falou de débeda –e aí aféctalle ao señor Pombo, porque era alto cargo de aquel goberno bipartito–, pero, claro, é o costume que teñen os socialistas, e eu véxoo todos os días, porque me pasa co seu compañeiro, o señor Orozco, porque tamén fai o mesmo... Falan de débeda e nunca contan as facturas que deixan nos caixóns, as débedas que teñen co Estado da devolución que facía falta, da débeda que tiñan en sanidade, da débeda que había, falando de vivenda, en Xestur, 263 millóns de euros. Señor Pombo, non é que a Consellería investira 270 millóns en vivenda, non, fóronlle 330 millóns dende maio do ano 2009; 270 era o que debían, era o que deixaron vostedes na desfeita que deixaron en Xestur. Iso si que o houbo que pagar e, loxicamente, os cartos saen de onde saen e son 270 millóns –preto de 270 millóns– que houbo que detraer, precisamente, de políticas de vivenda, entre outras cousas, por culpa da nefasta xestión –si– do malvado Bipartito, porque, loxicamente, esa é a realidade.

E vostede dicía: altos orzamentos. ¡Home!, é que un xa é veterano aquí, xa empeza a ter canas bastantes e xa analizou algúns orzamentos dos que vostedes facían, e, claro, dicir que Xestur lle vende a Vivenda –como era a consellería independente– e que Vivenda lle volve vender a Xestur e que con isto incrementamos o orzamento, así calquera; incluso executan, claro, porque fan unha venda e logo unha retroventa para o outro lado e resulta que fixemos un orzamento impresionante, ¿verdade? ¿Acórdase daquilo? Se quere, falamos de Lugo, de como se venderon As Gándaras, de como se vendeu todo o solo de Vivenda a Xestur para deixar a Xestur fundida totalmente nos terreos públicos de Garabolos; e noutros sitios, porque Lugo foi un caso, pero podemos falar da Xestur de Pontevedra, da da Coruña ou doutras, do que vostede queira. Podemos falar largo e tendido, podemos falar largo e tendido de deudas e deudas, señor Bugallo, que deixaron vostedes no caixón. Podemos falar, desde logo, bastante.

Vivendas baleiras. Que o señor Bugallo fale de vivendas baleiras cando no seu mandato –creo que era alcalde vostede desde o ano 2001 ao ano 2011 en Santiago– hai un censo oficial, que era o Censo de Poboación e Vivenda, e o 30 %

das vivendas que se executaron... Aí están os datos. Eu asegúrolle que internet é unha marabilla e eu, se se engana, pode ser, pero o 30 % das vivendas na súa época como alcalde –supoño que iso non o negará, que foi alcalde do 2001 ao 2011– estaban baleiras, ¡baleiras! Desde logo, non creo que coa política de vivenda que tiveron vostedes en Vivenda e no Ministerio poidan dar leccións. Vostedes en política de vivenda non creo que poidan dar moitas leccións. Estou convencido de que non. Esa era unha realidade.

En tema de desafuizamentos, seguro que non é suficiente, seguro, porque é un drama, xa sexan desafuizamentos hipotecarios –que parece, afortunadamente, que se van reducindo, grazas ás medidas que vostedes criticaron, pero que se tomaron tanto polo Goberno da Xunta como polo Goberno do Estado–... Pero, efectivamente, están aumentando os de alugueiro, por iso hai medidas para apoiar o alugueiro. E xa dixen moitas veces que nada que haxa un desafuizamento haberá un problema, e teremos que estar aí, e son consciente e estou seguro de que o Goberno da Xunta nesa liña vai. Pero ¡home!, non veña aquí dicindo como que os desafuizamentos empezaron cando chegou o Goberno de Feijóo á Xunta, porque vostedes saben que había máis de 300.000 desafuizamentos antes. Había desafuizamentos antes, e había desafuizamentos de alugueiro. E, desde logo, si se foron freando coas medidas tanto do Goberno central como coas da Xunta, e están aí.

E mire, ¿parécelle pouco 43 vivendas que se entregaron no Plan de realoxo? Pregúntelles aos usuarios, aos beneficiarios e ás familias que utilizaron esa posibilidade desas 43 vivendas a ver se lles parece mal, porque lles podo asegurar –e díxolle a conselleira, reitérollelo eu e reiterarémosllelo máis veces– que o 100 % dos expedientes solicitados que cumprían os requisitos tiveron unha resposta axeitada, e a maiores non só a través do establecido pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio senón tamén doutras consellerías como a de Traballo a través do Plan Reconduce, onde se actúa antes de que haxa o problema, no momento, para poder tomar as medidas oportunas. Polo tanto, ¿que non son suficientes? Bueno, é como en todo, a todos nos gustaría moito máis, pero estamos convencidos de que logo son medidas importantes.

A min gústame falar, dar –que xa deu a señora conselleira– datos do pasado, pero tamén me gusta falar de futuro. E, mire, no pasado o que hai que ver é o que se fixo, 330 millóns

de euros investidos en materia de vivenda, que, se contamos os 263 que houbo que pagar a maiores, imaxinen as cousas que se poderían facer. Pero é unha realidade que hai 2.000 vivendas feitas, rematadas e entregadas. Esa é unha realidade que está aí, é unha realidade que hai 57 ARI que están con axudas da Xunta; e é máis, esas 57 ARI –que a min é unha das cousas que máis me interesan do futuro, porque a economía empeza a permitilo, non se olviden de que vostedes viviron en épocas de bonanza e de que estamos en épocas de crise, e nestas épocas de crise, aínda así, se aposta polo importante, claramente–... E aí temos como se están planteando 15 millóns, máis de 15 millóns de euros, para as 57 áreas de rehabilitación e para aquelas novas, que está o prazo aberto para solicitar novas ou para ampliar as existentes, ou medidas tan importantes como a rehabilitación rural ou os distintos eixes que plantexou a señora conselleira e que explicou aquí do Plan RehaVita, do que xa falamos, efectivamente, hai uns días aquí, onde se prevé un investimento global de máis de 600 millóns de euros; 307 millóns de euros, que é a proposta de investir con fondos públicos.

E, efectivamente, falaba a señora Díaz de que se ía facer co parque público de vivendas de promoción pública, pois mire, axudar a rehabilitalas, se son comunidades de propietarios, se son do parque das 2.900 vivendas –remato agora mesmo, señora presidenta–...

**A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés):** Remate, señor Castiñeira.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** ...propiedade do Instituto, pois rehabilitalas ou telas, desde logo, en condicións, como se estivo facendo ata agora, dedicando máis de nove millóns de euros á súa modernización e rehabilitación. Eses son os datos que hai aí, e os datos son cifras, non se poden manipular, aínda que vostedes son capaces ata diso.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés):** Rolda de réplica do señor Sánchez Bugallo.

**O señor SÁNCHEZ BUGALLO:** Grazas, señora presidenta.

Encantárame poder contestarlle a todo o que dixo o señor Castiñeira, pero teño cinco minutos e é evidente que non



podo contestarlle. Polo tanto, centrareime en a quen pedimos a comparecencia, que era na señora conselleira.

Por onde quero empezar é quizais por un preámbulo, dicindo que, señora conselleira, os datos que eu manexo a nivel da institución presupostaria están aquí. Esta é a execución presupostaria que nos pasa a Xunta de Galicia: tomo 1, volume 1, páxina 211; polo tanto, a partir de aí pódese contrastar de onde veñen os datos. E os datos que manexo do Ministerio da Vivenda, señora conselleira, están aquí; pon aquí: *“Gobierno de España, Ministerio de Fomento, vivienda protegida, número de calificaciones definitivas”*. Se hai algunha dúbida, facilitareille os datos.

A partir de aí, teño que entrar no seguinte, señora conselleira, porque a realidade desmente as súas afirmacións. Di vostede que o dereito á vivenda é un dereito constitucional e que é unha prioridade para a Xunta de Galicia. Pois eu dígolle que a realidade, os feitos, din exactamente o contrario. Veu vostede aquí presumir de que a Xunta de Galicia investiu 278 millóns de euros nos seis anos comprendidos entre 2009 e 2014 en políticas de vivenda. ¿Sabe o que supón iso? O 0,5 % do orzamento da Xunta de Galicia; polo tanto, a súa prioridade é do 0,5 %. ¿Sabe outro dato máis significativo? ¿Sabe canto tiña nos orzamentos da Xunta de Galicia para executar en política de vivenda? 670.995.000 euros. Iso quere dicir que deixou sen executar 392 millóns de euros; quere dicir que o grao de execución global foi do 40 % en políticas de vivenda.

Outro dato que teño que matizar é o do paro –xa antes o dixo o presidente–. Eu voulle dicir o que eu vexo do paro. Este venres virá a miña filla e ireina recoller á unha do mediodía. Eran sete amigas máis ou menos desde primaria, e todas fixeron a súa carreira. Dúas están en Madrid, unha en Barcelona, outra en Londres, outra en Berlín traballando, e dúas aquí en Santiago; por certo, as dúas que están en Santiago, no paro. E, efectivamente, as outras non contan no paro porque están fóra e téñense que ir buscar a vida fóra. É unha forma de reducir o paro, pero tamén é unha forma de condicionar o noso futuro. Igual que o condiciona o feito de que hoxe en Galicia teñamos só 930.000 persoas de alta na Seguridade Social e teñamos, en cambio, entre pensionistas e parados, da orde de 960.000; é dicir, que haxa máis dun pensionista e parado por cada un que está en activo. Iso condiciona e hipoteca absolutamente o noso futuro.

Outro tema. Veu vostede aquí fardar, presumir, de 2.000 vivendas construídas en seis anos. ¡Oia!, ten vostede nas listas de espera –segundo me comunican– 15.126. ¿Sabe, por unha simple regra de tres, canto terán que esperar estes 15.126 para obter a súa vivenda? Corenta e cinco anos e nove meses. ¿A vostede parécelle que iso é unha forma de solucionar o problema? O Plan Aluga, se tan ben funciona, ¿por que o quitan?, ¿por que baixaron o seu orzamento, que era de 11 millóns de euros, a 3 millóns o ano pasado –unha redución do 70 %–? Se tan ben funcionaba, ¿por que o quitaron?

En fin, non me dá tempo a falar de moitas máis cousas porque, se non, deixo sen sacar as conclusións.

Señoría, eu facíalles unha pregunta nesta interpelación, que era: ¿que valoración fai o Goberno galego? E a conclusión que teño que sacar é unha moi sinxela: primeiro, que o Goberno galego está encantado de coñecerse –alégrome, nós tamén os imos coñecendo co tempo, só que non estamos tan encantados–; segundo, que hai un absoluto abandono das políticas de vivenda, que non é ningunha prioridade para este goberno, e iso maniféstase tanto nos presupostos, que se foron reducindo continuamente –como dicía o señor Pombo–, pero aínda máis na inexecución. Porque cando na partida 451A estamos falando do 7,39 % de execución no ano 2014 –e non lle bote a culpa a Zapatero, que grazas a Deus está vivo, pero non gobernando, da incapacidade da Xunta de Galicia e do seu departamento, cun 92,61 % sen executar e un 0,21 executado por vostede no segundo semestre–, eu creo que debería avergonzarse, pedir desculpas e dar explicacións.

Nós non queremos condicionar o futuro, pero é evidente que o que levan feito non nos avala para nada...

**A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés):** Remate.

**O señor SÁNCHEZ BUGALLO:** ...para que creamos no futuro.

E, por certo, podemos falar de mobilizar o parque de vivendas libres e de construír novas vivendas, pero aquí non se fai ningunha das dúas cousas, e o Partido Popular non permite que se toque o parque de vivendas libres. E, volvo repetirlles –datos oficiais do Ministerio de Fomento, sacados do propio

ministerio—: 42 vivendas cualificadas en Galicia como vivendas protexidas nos tres primeiros trimestres...

**A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés):** Remate, por favor.

**O señor SÁNCHEZ BUGALLO:** ...de 2014: o 0,35 %. Todo un éxito.

Moitas grazas e máis nada. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés):** Para o peche desta interpelación ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidenta.

Señorías.

Señor Bugallo, dende o Goberno galego, dende logo, non estaremos satisfeitos mentres unha soa familia estea en risco de perder a súa vivenda. E volvo reiterarlle que desde maio do ano 2009 se investiron 178 millóns de euros e se axudou a 125.000 galegos. Tan importantes son as medidas como que cheguen ás familias e como que coñezan as familias os programas que ten a Xunta de Galicia. E por iso tivemos onte a reunión co Valedor do Pobo para que cheguen as medidas e sexan coñecidas. Tiven a oportunidade de xuntarme co Valedor do Pobo onte e terei a oportunidade hoxe de xuntarme esta tarde coa Fegamp, co presidente da Fegamp, para que as medidas cheguen e as medidas sexan coñecidas.

E con respecto á execución orzamentaria, estou convencida de que vostede sabe de execución orzamentaria e, polo tanto, seguro que me entenderá. Vostedes, cando estaban no Goberno, deberían saber que no ano 2008 a Xunta de Galicia cobrou do Estado 30 millóns de euros do Plan de vivenda estatal 2005-2008 que non souberon gastar e que seguen nas contas. Son 30 de millóns de euros que o Goberno Zapatero transferiu para el dicir que executara o cen por cento, pero sabendo perfectamente, tanto vostedes como o Goberno Zapatero —teño que dicilo—, que eran inexecutables. Polo tanto, se falamos en serio de execución orzamentaria, créditos iniciais —como vostede sabe—, orzamentos totais, completos e homoxéneos, ano 2008, Goberno bipartito, o 77 % executado; ano 2014 —o ano pasado—, o 89 % executado.

Polo tanto, isto é unha comparativa da xestión orzamentaria 2008-2014.

E vostedes tamén, señorías, no Goberno bipartito —teño que dicilo, síntoo— dedicáronse a comprar solo empresarial indiscriminadamente, a calquera prezo e sen criterio; sen criterio de demanda. Insisto, indiscriminadamente, a calquera prezo e sen criterio ningún, *(Murmurios.)* e iso xerou unha débeda de 263 millóns de euros; é que é a realidade, teño que dicilo. ¿Por que non lles explican aos cidadáns que seis anos despois temos que pagar nos orzamentos do IGV5 40 millóns de euros para pagar esa débeda? ¿E por que non lles explican tamén a súa culpa de que se está vendo reducida estes anos en 263 millóns de euros a débeda por comprar só —insisto— indiscriminadamente, a calquera prezo e sen criterio?

E non sei se desde o Partido Socialista e desde o Partido do BNG saben o que fariamos con 263 millóns de euros: construír 3.000 vivendas... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés):** ¿Por favor!

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Vázquez Mourelle):** ...de vivenda pública para persoas e familias desfavorecidas, ou actuar en 80.000 vivendas para rehabilitación, ou apoiar a máis de 52.000 actuacións nas ARI, ou cofinanciar a dez anos o alugueiro a máis de 10.000 vivendas.

Con respecto ás execucións hipotecarias, a Xunta de Galicia activou un plan —foi das primeiras comunidades autónomas que activou un plan—, atendemos o cen por cento dos afectados que o solicitaron e que cumprían os criterios, pero —como xa dixo o parlamentario Jaime Castiñeiras, creo que o coñecen— tamén había execucións hipotecarias no ano 2008. Non son menos importantes os que non saen na prensa; a nós impórtanos os que saen na prensa e os que non saen, e por iso temos un plan, o Plan de realoxo. Cando gobernaban vostedes nin pola imaxinación lles pasou ter un plan.

Pero falemos de futuro. Eu quero falar de futuro e o Plan RehaVita inclúe medidas de nova creación —moitas das que están a pedir aquí, por certo— que agardamos que sexan de utilidade, e o convenio asinado coa Sareb, para incorporar vivendas baleiras ás familias que máis o necesitan. Hai un



programa tamén concreto de vivendas baleiras, un bono de alugueiro, vivendas de inserción, axudas de eficiencia enerxética. En definitiva, o 42 % do Plan RehaVita que aprobamos hai dous meses está en marcha ao 12,5 %, en tramitación, e esperamos que no verán o 50 % estea totalmente en marcha. Seguiremos avanzando sen dilacións, sen demoras, dende logo, e cumprindo os nosos obxectivos.

Señorías, estes son os feitos, estas son as medidas dunha planificación que, dende logo, será con criterio; unha planificación con criterio en materia de vivenda. E, dende logo, señorías –insisto–, dende o Goberno galego non estaremos satisfeitos mentres unha soa familia estea en risco de perder a súa vivenda.

Pola miña parte, nada máis.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**Interpelación de D<sup>a</sup> María Tereixa Paz Franco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa redacción que presenta o borrador de decreto referido ao denominado “paquete lácteo”**

**A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés):** Ten a palabra a señora Paz Franco.

**A señora PAZ FRANCO:** Grazas, señora presidenta.

Bos días, señoras e señores deputados.

Señora conselleira do Medio Rural, a verdade é que unha xa vai perdendo a esperanza de que se poidan dar, sobre os temas importantes, debates en serio neste Parlamento. Pero eu, polo menos, polo que atinxe ao meu grupo, vou intentar que este debate sobre o sector lácteo que pretendemos suscitar con esta interpelación sexa o máis serio e rigoroso posible, e sobre todo que sexa o máis útil para un sector económico tan importante do noso país. Aínda que a moitas persoas lles poida parecer pouco un sector económico que, segundo os últimos datos que se coñecen, aporta un 1,5 % ao noso produto interior bruto, creo que hai outro dato que é moito máis revelador da importancia deste sector: en máis do 50 % do noso territorio a existencia de actividade económica depende da existencia dun sector lácteo máis ou menos vizo-

so. Hai aquí moitos deputados, fundamentalmente do Grupo Popular, que foron alcaldes de concellos nos que eles seguramente son conscientes de que a desaparición do sector lácteo suporía de facto a desaparición de calquera actividade económica dese concello. Hai outros que somos da provincia de Ourense e que xa podemos falar en pasado diso. A nós xa nos pasou, xa desapareceu o sector lácteo e xa desapareceu en gran parte da provincia de Ourense.

A situación a día de hoxe é que apenas quedan en Galiza 9.500 explotacións lácteas. A realidade é que o prezo que perciben os gandeiros galegos polo leite que producen se está volvendo absolutamente insostible, e xa non porque estea outra vez ao prezo máis baixo de todo o Estado español e ao prezo máis baixo de toda a Unión Europea –non hai ningún outro lugar na Unión Europea no que se cobre menos polo leite do que se cobra en Galiza–. E eu fago unha pregunta: se unicamente foran as circunstancias de mercado as que condicionasen o prezo do leite, ¿por que baixa en Galiza e non baixa, por exemplo, en Asturias ou en Andalucía? ¿Non estamos nun mercado globalizado no que teoricamente as circunstancias de mercado son as mesmas?

E, por certo, aquí teño que dicir que houbo algún tempo breve neste país, no ano 2007 e no 2008, no que por única vez na historia o leite en Galiza se pagaba máis que no resto do Estado e máis que no resto de Europa. Non digo que fose grazas ao Goberno, simplemente digo ese dato.

Estamos nunha situación na que se aprobou unha modificación do decreto chamado “do paquete lácteo” que está provocando que os contratos sexan utilizados por parte das industrias como unha auténtica ameaza contra os gandeiros, porque, ao final, convértese nunha obriga ter un contrato. Ademais, coa colaboración entusiasta do Ministerio, que xa anunciou que ía ser inflexible coa imposición de sancións a aqueles gandeiros e a aquelas industrias que fixesen transaccións sen contar con contrato. Ese decreto que deixou, unha vez máis, sen instrumentos de negociación, que deixou unha vez máis sen posibilidade de indexar os prezos con base en criterios obxectivos para garantir que os gandeiros non teñan que vender, como está pasando... Imos convir un prezo. Eu non sei, creo que todos podemos dar exemplos de prezos absolutamente disparatados desde aquí, pero imos convir en que para este mes, aproximadamente, a media é de 28 céntimos, ¿verdade? Non imos discutir esa cifra, media de 28

céntimos o litro. Aínda que todos e todas sabemos que, por exemplo, os de Lugo, estes que colleron o de Alimentos Lácteos, os de loxística, andan ofrecendo contratos a 21 e a 22 céntimos, coñecemos casos de 25, pero a media é de 28 céntimos. E estes contratos, este decreto, está deixando indefensos os gandeiros fronte a unhas industrias que están impoñendo prezos de 28 céntimos cando tamén imos convir –podemos convir outra cifra, pero imos convir segundo din os expertos– que producir un litro de leite en Galiza custa de media 30,5 céntimos. Polo tanto, todo o que se pague por debaixo diso é *dumping*, é obrigarnos os gandeiros a facerse *autodumping*.

Estamos nunha situación na que se dan casos como os que denunciaba onte un gandeiro de Guntín –pero que podía ser de calquera outro lugar e que poden ser moitos outros gandeiros os que fagan a mesma denuncia–: o de que por parte das industrias, sen que ninguén faga nada, se está realizando unha práctica abusiva, practicándolles retencións por se acaban tendo sanción por sobreproducción. Concretamente, a este gandeiro Reny Picot tenlle retidos 160.000 euros, señoras e señores. ¿Alguén pensa que unha explotación de 300 vacas que comen todos os días, que hai que muxir todos os días, e polo tanto gastar electricidade todos os días e prender todos os días o tractor, pode permitirse o luxo de que lle deban 160.000 euros e seguir mantendo a súa actividade?

Señora conselleira, nese contexto temos que escoitalle a vostede dicir que vostede e a Consellería teñen que manter unha actitude neutral. Pois non, señora conselleira, eu dígo-lle que a neutralidade, neste caso, significa situarse claramente do lado dos que están machucando os gandeiros, do lado dos que están machucando as explotacións, do lado das industrias. Pero tamén a neutralidade, cando todos imos aos supermercados, ás grandes áreas comerciais, que cando non vemos ofertas de litro de leite a 30 céntimos vemos que che regalan un pack por comprar unha coca-cola, a neutralidade, neste aspecto, señora conselleira, tamén é seguir permitindo que se utilice o leite nas grandes superficies por parte da distribución coma se fose un produto de desfeita, coma se fose un produto absolutamente banal.

¿Por que seguen existindo 9.000 explotacións neste país? Seguen existindo porque os gandeiros e as gandeiras fixeron un tremendo esforzo nos últimos anos, un tremendo esforzo para dimensionarse, para modernizarse, para comprar cotas

–lembramos que foron máis de 200 millóns de euros investidos polos gandeiros e as gandeiras en cota para poder competir– e facer investimentos multimillonarios. Nese contexto, e cando agora non saben se eses investimentos van ter algunha rendibilidade, teñen que aguantar que o Goberno lles diga que o Goberno si que fixo os deberes pero que non fixeron os deberes os gandeiros. Ou cando lles vendemos un modelo, señora conselleira, que consistía en que meteran as vacas nos cortellos e lles deran de comer única e exclusivamente penso, que a alimentación con base en forraxes a herba e a millo, etc., estaba pasada de moda, agora dicímos-lle que o que teñen que facer é ir cara a un modelo para aforrar custos, ao mesmo tempo que lles poñemos todo tipo de trabas á ampliación da súa base territorial. Ou permitimos, señora conselleira... Eu pídolle encarecidamente que lle diga ao seu secretario xeral de Montes que tome isto en serio. Vaia vostede pola pista forestal ou pola pista de concentración parcelaria que lle dea a gana deste país e verá como gastamos miles de millóns de euros en facer concentracións parcelarias para que agora estean os prados cheos de eucaliptos, cheos de piñeiros, dáme igual qué especie, pero para que estean forestados, ao mesmo tempo que despois chegas á seguinte aldea e te atopas cos gandeiros practicamente chorando porque non teñen a posibilidade de alugar, de comprar, de achegar ningunha hectárea de terra ás súas explotacións. Dígalle, por favor, ao secretario xeral de Montes que o tome en serio. Dígalle, por favor, que non obriguen os veciños a ter que denunciarse uns aos outros por ese tipo de prácticas e por preservar a superficie agraria.

E mire, señora conselleira, pídolle a vostede encarecidamente que, se de verdade cre que o sector lácteo é importante para este país, o tome en serio, vostede e o seu gabinete. E dígalle ao señor presidente tamén que o tome en serio. Porque, mire, se vostede vai, porque eu sei que vostede tamén vai, e eu tamén vou, e dáme igual falar con organizacións de produtores grandes, de pequenos, de medianos, dá igual unha aldea de Frades, de Lalín, de Boimorto, de calquera sitio, unha sae de alí coas ganas de chorar, porque os gandeiros o que che din é que non saben se con esta situación van poder aguantar o mes de abril, ou van poder aguantar o mes de maio, pero que con esta situación é absolutamente insostible poder continuar coa actividade gandeira.

Ante iso, señora conselleira, eu só lle fago unha pregunta: ¿ten vostede pensado, por fin...,

**A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés):** Señora Paz.

**A señora PAZ FRANCO:** ...facer algo, calquera cousa? ¿Díganos o que?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés):** Para a réplica, ten a palabra a señora conselleira do Medio Rural e do Mar.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo):** Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señora Paz, case vou rematar por onde vostede terminaba, ou vou empezar por onde vostede remataba, para deixar claro, en primeiro lugar, que esta consellería, esta conselleira e o Goberno de Galicia estivo, está e estará sempre traballando a prol do sector lácteo galego, (*Aplausos.*) valéndonos dun valor fundamental no noso traballo: a unidade e a disposición a colaborar sempre coas organizacións agrarias desde unha posición de respecto e xusta valoración das súas iniciativas.

Pero polo que vexo, noutros ámbitos da nosa comunidade parece que nunca hai bo vento para quen non sabe cara a que porto se dirixe. Porque, mire, vou poñerlle un exemplo: sempre se nos acusa a este Goberno da baixada dos prezos, nós nunca nos apoderamos dunha tendencia positiva, porque sabiamos que nós non temos vacas, nós non muximos as vacas e nós non vendemos o leite. Houbo —si é certo— quen se empeñou en quitarnos calquera tipo de méritos cando adoptamos medidas a prol do sector falando só do mercado cando o prezo subía. Pero agora, cambiar o rumbo e poñer-nos a proa facéndonos culpables da caída dos prezos, para iso si que somos culpables. En todo caso, nós seguimos traballando con responsabilidade e cun único rumbo desde 2009: facer viable, sostible e rendible o sector lácteo, e seguir facendo das nosas vacas un elemento fundamental do futuro do noso agro. Dende logo, eu, coma vostede, son da provincia de Ourense, e a verdade non creo que fora nestes últimos anos que se dera o caso de que desaparecera a metade da provincia de Ourense, como vostede dixo aquí que desaparecera a metade da provincia de Ourense por desaparecer o sector lácteo.

Ben, entrando no fondo das súas preguntas, no que ten que ver coa primeira, en canto á valoración que facemos do novo decreto do paquete lácteo, eu creo que temos que concluír que este novo real decreto trae pasos adiante, e vén reforzar unha fronte que sempre consideramos fundamental na xusta e equilibrada construción de prezos. Debemos valorar positivamente que unicamente se admitan duracións de contratos inferiores a un ano nos supostos debidamente xustificadas polo produtor á Administración e a necesidade de presentar ao produtor unha oferta por escrito con dous meses de antelación ao vencemento do contrato anterior, ou da primeira entrega do leite no caso de nova relación contractual.

Ademais, é certamente importante que as condicións establecidas inicialmente no contrato non se poidan modificar cando teñan como obxectivo cambiar as condicións iniciais do contrato relativas ao leite que xa fose entregado, nin poidamos modificar o prezo pactado, non podendo aplicarse bonificacións ou depreciacións sobre o prezo que non este-an reflectidas no contrato. Temos que valorar como un paso adiante a incorporación da figura do mediador se durante un proceso de negociación das condicións dun contrato non se chegase a un acordo entre unha organización de produtores e un receptor do leite. Ambas as dúas partes, de mutuo acordo, poderán acollerse ao sistema de mediación.

Creo que tamén é importante o engadido normativo para as organizacións e as asociacións recoñecidas, que poderán alcanzar acordos, decisións e prácticas concertadas que se refiran á produción de produtos lácteos ou á utilización de instalacións comúns de almacenamento ou tratamento e transformacións de produtos lácteos.

En definitiva, cremos que este novo real decreto que modifica o inicial vén a avanzar nesa capacidade de negociación e supón outro paso máis na mellora da cadea de construción de prezos do leite, que se debe unir aos outros dous reais decretos aprobados para completar a regulación da lei de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria. Estes tres reais decretos constitúen o marco regulamentario que permitirá un mellor funcionamento das relacións comerciais entre os distintos operadores, sendo un paso importante para Galicia e para España, e sendo a primeira vez que se fai na Unión Europea. Pero reforzar a capacidade de negociación e darlle ferramentas ao sector ten que sustentarse nunha acción fundamental, que é a responsabilidade

das organizacións de produtores lácteos. Esta acción é a de negociar. Para que esta normativa sexa efectiva ten que haber negociacións, xa que non se pode mediar nunha negociación que non existe. E se non hai negociación das OPL, esta medida sería inviable porque non pode atender a mediación de milleiros de contratos.

No que ten que ver coa segunda pregunta acerca de se teño pensado algunha vez defender os intereses das explotacións galegas ante o Ministerio, teño que dicirlle que si, e que o fixen o día 4 de xaneiro de 2012, cando tomei posesión da nova Consellería do Medio Rural e do Mar e xurei defender os sectores primarios desta comunidade autónoma. E así o veño facendo dende aquel día.

Teño que dicir deste novo real decreto que, visto que a actuación das organizacións de produtores lácteos non foi suficiente para mellorar a posición negociadora do sector produtor, esta consellería tomou parte activa na iniciativa de modificar o real decreto do ano 2012, con dúas cuestións importantes entre os seus obxectivos: unha, que os contratos teñan unha duración real dun mínimo dun ano; e dúas, a posibilidade de incorporar o sistema de mediación no suposto de non obter un acordo na negociación das condicións dos contratos.

Sabiamos que ambas cuestións eran complicadas e con impedimentos legais, xa que, a respecto da duración dos contratos, temos que subliñar que o Regulamento 1308, do ano 2013, da Unión Europea, polo que se crea a organización común de mercados de produtos agrarios, establece que o gandeiro ten o dereito a rexeitar a duración mínima dun contrato por escrito. Por ende, no Real decreto 125 do ano 2015, que modifica o Real decreto 1363 do ano 2012, tampouco que puido impoñer como obrigatoria, á luz da aplicación da normativa xeral sobre este teor, a figura do mediador, e soamente se poderá utilizar se así o acordan voluntariamente ambas as partes negociadoras.

Polo tanto, creo que queda claro que as cuestións que demandabamos non puideron ser incorporadas por impedimentos legais e non por falta de vontade. E creo tamén que, fronte a outros que non deron pasos adiante e mesmo se meteron en mesas que puideron deixar sancións aos gandeiros, temos hoxe en Galicia un goberno que dá pasos continuos e seguros cara á sostibilidade do noso sector.

No que ten que ver coas actuacións que vai desenvolver para vetar a aprobación do decreto tal e como está formulado na actualidade, debo dicir que vou facer unha negación, unha afirmación e unha pregunta. A negación da maior das súas cuestións, porque este goberno xa estivo traballando arreo pola defensa do sector en varias fronteas, xa que, xunto con Cantabria e outras comunidades autónomas, estamos colaborando para afondar na defensa dos intereses dos gandeiros a través de inspeccións no sector lácteo para controlar os contratos. E tamén puxemos á disposición do sector diferentes ferramentas, entre as que cómpre salientar o Observatorio Lácteo de Galicia. Unha afirmación, xa que a aprobación deste real decreto acredita que estivemos traballando xunto co Ministerio para mellorar a aplicación do paquete lácteo e facer posible unha negociación en pé de igualdade, chegando ata onde legalmente foi posible. E unha pregunta, porque quixera saber eu se debemos vetar unha norma que nos permite avanzar na negociación e na contractualización, que dispón da figura do mediador e que chega ata o límite nas ferramentas a entregar ao sector. Gustaríame saber qué pasos neste eido se deron baixo outros gobernos e se se valora positivamente os que estamos dando neste goberno.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, conselleira.

Rolda de grupos para fixar posicións. *(Pausa.)*

Polo Grupo Mixto, a señora Martínez.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** Bo día, señora conselleira.

A min, despois da súa intervención, quédanme moitas dúbidas. En concreto, eu estiven prestando atención –igual o dixo e eu non me enterei, pode ser– sobre os problemas de acceso a pastos, que a voceira do BNG lle expuña aquí, e non comentou nada diso, ¿non?

Pero bueno, eu creo que temos falado bastante do problema que está a vivir o sector lácteo galego. Ante unha situación nova que podería ser unha oportunidade, como a desaparición da cota láctea, Galiza está tendo problemas e non está aproveitando esa desaparición. E os gandeiros e gandeiras do noso país, en vez de estar nunha situación mellor, cada vez están máis empobrecidos e con máis dificultades para

seguir adiante coas súas explotacións. Ademais, nun país que temos unhas terras que son especialmente boas para as forraxes, para o gando, e témolas desaproveitadas, como dicía a voceira, pois moitas delas están a eucalipto e a crear monte.

Pero isto é un desastre non só para as gandeiras e para os gandeiros, é un desastre para o país, é un desastre para Galiza, que leva soportando trinta anos de desastrosas políticas agrarias, tanto por parte da Xunta de Galiza, que leva gobernando dende o ano 1981 practicamente todos estes anos, como das medidas que se tomaron dende o Goberno do Estado.

O sector lácteo necesita un apoio, un apoio real, un apoio con orzamento, un apoio para defensa do sector sobre todo neste primeiro ano de desaparición da cota láctea, para aproveitar e aumentar as explotacións familiares mediante a recuperación ou a creación de novas explotacións lácteas.

Partimos dunha situación difícil para as máis de 10.000 explotacións leiteiras de Galiza, que ven como se disparou en pouco tempo a gran cantidade de cartos que investiron para adquirir dereitos de produción e que agora non serven para nada, nin sequera para establecer e garantir un marco estable de prezos; onde as grandes empresas da distribución e da comercialización están arruinando os nosos gandeiros. Pero, sobre todo, sabemos que todo foi un engano e que todas estas políticas nos levaron a unha situación cada vez peor.

Era unha demanda do sector a necesidade de establecer un marco de relacións entre produtores e empresas coa mínima estabilidade que posibilitase a planificación da produción e a supervivencia económica. Só se reclamaba, entón, minorar os efectos da lei da selva que veñen rexendo as relacións entre a produción, a industria e a comercialización, e que tiveron sempre as labregas e os labregos como vítimas. Durante moitos anos, o que se pedía era algo tan simple e razoable como que os contratos homologados servisen para dar unha garantía mínima aos gandeiros. A resposta das administracións case sempre foi a mesma: que a obrigatoriedade dos contratos que garantisen uns prezos mínimos á produción en orixe podía tentar contra a libre competencia. O sacro sacramento da libre competencia, que non é nin máis nin menos, como todas e todos sabemos, que a expresión que se utiliza por parte dos ultraneoliberais que gobernan

tanto na Xunta como no Estado como en Europa para referirse á liberdade dos poderosos, das multinacionais, das grandes corporacións para esmagar o pobo, as pequenas empresas e os traballadores e traballadoras.

Como se trata de exixir a competencia ás lácteas, o conto aquí cambia. Primeiro, é moi difícil que se pillen porque a Comisión Nacional de Mercados e da Competencia carece de medios para cumprir o encargo que ten de vixiar, por un lado, os produtores, incapaces de influír individualmente nos prezos, e as empresas, que son os auténticos monopolios. E, segundo, porque a multa imposta polas súas prácticas ilegais, dende logo, é ridícula. E acabarán, coma sempre, pagándoa as vítimas, que son os gandeiros.

O Decreto 125/2015 está claro que non vai protexer os produtores en nada, e mostra diso é que a Xunta achantou ante a imposición da industria e da distribución. Pero ¡que podíamos agardar de quen meteu nas mans dos seus amigos, para que os enterraran no fiasco de Alimentos Lácteos, os cartos que deberían de ter servido para comezar a construír un grupo lácteo galego, imprescindible para o país, que ten o 55 % das explotacións leiteiras do Estado, representa máis do 40 % da produción e ten escasamente o 5 % da industria láctea! Disto falamos moitas veces. Eu insisto moitas veces en acabar, en rematar, as cadeas de produción no noso país. Vostedes dedícanse a producir a materia prima, pero non se preocupan para nada de levar esa materia prima ao valor engadido de terminar todo o proceso no noso país.

Polo tanto, déixannos vostedes neste país unha herdanza do Goberno de Feijóo que se pode reducir á corrupción, a amizades perigosas con Marciales Dorados ou Pachis Lucas, a unha sanidade colapsada e privatizada, un ensino españolizado e segregado por sexos, un aumento increíble da pobreza e da desnutrición infantil, os traballadores a xornada completa pobres que xa non poden ter un mínimo de calidade de vida, á liquidación total e absoluta do noso idioma e á desaparición do noso sector agrogandeiro. Polo tanto, unha incompetencia total demostrada durante todos estes anos para resolver ningún dos problemas que afogan a xente do noso sector agrogandeiro. Pero o máis terrible de todo, o máis alarmante de todo, é qué vai pasar no noso país cando o Goberno galego e o Goberno do Estado apoian algo que vai ser tan tremendo –non só para o sector agrogandeiro, senón para todos, pero vai incidir gravemente no sector



agrogandeiro— como é ese tratado de libre comercio con Estados Unidos. E vostedes están a favor. ¿Que vai pasar con ese sector na situación en que está hoxe? ¿De verdade que vostedes teñen responsabilidade de Estado, que vostedes consideran que gobernan este país? É que eu xa non sei, porque entre que non queren competencias e que todo o que prexudica a este país lles parece marabilloso, de verdade... Non se ría, conselleira, eu non me río. Paréceme tristísimo, tristísimo, que vostedes falen de negociar e de mediación entre as empresas e os gandeiros, cando non pode haber unha negociación xusta entre dous sectores tan desiguais na súa posibilidade de presionar. E, sobre todo, cando o Goberno está do lado das empresas e non está do lado dos gandeiros. Iso vai ser a ruína total para o noso sector agrogandeiro. *(Murmurios.)*

Non sei qué lle pasa por aí ao Grupo do Partido Popular...

**A señora PRESIDENTA:** Señora Martínez, céntrese na súa intervención.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** Eu céntrome, pero este rum, rum, rum, rum...

**A señora PRESIDENTA:** Pero céntrese na súa intervención. *(Murmurios.)*

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** Eu céntrome na miña intervención pero gustárame que, igual que se lle chama a atención á oposición cando está falando o Partido Popular e interrompen, faga o mesmo co Partido Popular cando interrompe. Porque no Partido Popular tamén pasan esas cousas.

Ben, en resumo, señora conselleira, estamos falando dunha total ineficacia e falta de actuación por parte da Consellería. Vostedes, coma sempre, todo o deixan en papel mollado, e ao final no que acaban é nesa inacción, facilitando e amparando os abusos das grandes empresas e das multinacionais, e desprotexendo un sector que podería ser un sector de gran creación de emprego e de futuro para este país, un sector que pode volver fixar poboación no noso medio rural. Pero vostedes cada un anda polo seu lado, e nin sequera son capaces de poñerse de acordo en compatibilizar as políticas das distintas consellerías.

Nada máis e moitas grazas.

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, señora Martínez.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, o señor Sánchez García.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Señora conselleira, eu a veces... Eu son un home tranquilo, e ás veces teño problemas para conterme, ¡eh! En serio. Inténtoo pero non.

Mire, as palabras grandilocuentes, baleiras, sobran, sobran. Repetir unha e outra vez que a Xunta de Galicia e a Consellería está traballando, traballará e traballou a prol do sector, iso é palla, iso é palla.

Eu si que creo que a Consellería do Medio Rural non está a facer política de medio rural, está desaparecida, non o está facendo. É unha xestoría que reparte os cartos que chegan da Unión Europea, dos fondos do Estado, etc. Créoo sinceramente.

Mire, estamos falando de cuestións moi serias para este país. Porque unha cousa son as palabras bonitas e outra cousa son os datos e os feitos. Mire, non me chame catastrofista. Eu estiven estudando para arriba e para abaixo os datos do Instituto Nacional de Estatística sobre a estrutura das explotacións agrarias e debuxan un panorama dramático, preocupante, chámelle como queira. Mire, en seis anos, do 2007 ao 2013, perdemos 9.000 titulares de explotacións, 9.000; de 85.000 pasamos a 76.000. Perdéronse 35.000 UTA, que é como perder 35.000 empregos, que son traballos a tempo completo durante un ano, 35.000. Pero é que no 2007 os menores de 40 anos representaban o 8,5 %, creo que son 8.700, case 9.000 mozos que traballaban na actividade agraria. No 2013 representan o 4,86 %, non chegan ao 5 % as persoas de menos de 40 anos que son titulares de explotacións agrarias. En cambio, os maiores de 60 anos pasaron en seis anos de representar o 51 % ao 59 %. ¿Que significa iso? Significa que estamos diante dunha estrutura de poboación agraria abocada á redución drástica dos seus efectivos. Hai moita xente que está na actividade agraria agardando a retirarse e, en cambio, non está incorporándose xente moza. Ou a xente que se está incorporando está fracasando. Iso é o que din os datos, señora conselleira.

¿Por que é isto? ¿A que é debido iso? ¿A vostede de verdade lle preocupa isto e non analiza por que non se incorpora

xente ao agro, tendo sectores onde temos potencial moitísimo para desenvolver políticas, non só no lácteo, senón na agricultura ecolóxica, na horticultura, na fruticultura, no monte...? ¿A vostede non lle preocupa este camiño que levamos cara a destrución? Estes son os datos, non me fale de... Vostedes non chegaron hoxe ao Goberno, levan moito tempo gobernando, son responsables desta realidade.

E no sector lácteo, máis do mesmo, non hai relevo, non hai relevo. A maior parte da xente está esperando a xubilarse e moi pouca xente se está incorporando ou está dándolle o relevo nas propias explotacións. E ese é un problema de futuro para este país. E este é o contexto.

Pero despois os datos e os feitos tamén son que neste país os gandeiros cobran o prezo máis baixo do Estado. Ese é un feito, iso non o inventamos nós, ese é un feito. Seguen a sufrir o abuso da industria e da distribución á hora de negociar, non poden negociar, non hai liberdade de mercado. A liberdade de mercado para os gandeiros non existe, teñen que asinar o que lles poñen. E entón non me veña falando do que van facer a partir de agora. Recoñeza que ata o de agora foron un fracaso as normativas e as leis que trataron de equilibrar a cadea alimentaria. Foron un fracaso, porque hoxe mesmo estanlle entregando á xente os contratos e asinan o que lle pon a industria, iso é unha realidade tamén. Entón, recoñeza ese fracaso.

Despois, hai un final do sistema de cotas e non temos un plan estratéxico. Italia ten un plan estratéxico, Francia ten un plan estratéxico. Nós non temos un plan estratéxico. Na mobilidade de terras o mesmo, porque vostede fala, fai política propagandística, pero non pon os medios e recursos necesarios para levala a cabo. Vostede, o señor Feijóo, comprometeuse a mellorar a mobilidade de terras e o aumento da base territorial das explotacións a finais do 2012. Pero é que esas cousas non se fan co DOG, hai que poñer recursos. E vostedes están desmantelando todos os recursos, non están reforzando os recursos necesarios para facer iso. É que non se fai tan fácil. É dicir, non, mire, agora que tiña vostede montada unha explotación enfocada a alimentarse con pensos que se compran no estranxeiro, pois de repente vostede ten que aumentar a base territorial, ten que cambiar as técnicas de cultivo, ten que adaptarse, cultivar etc. ¿Iso faise así? Non, hai que poñer técnicos que estean no campo, que visiten, que fagan cursos, que fagan

asesoramento. E iso vostedes estano desmantelando. Acaban de facer unha proposta de amortizar 130 prazas. Ao contrario, hai que contratar xente para que traballe nas oficinas agrarias. É que é rendible contratar xente para que traballe, eses son os viveiros de empresas do rural. Hai que contratar estudantes, que á universidade en Lugo xa non van estudantes, que antes había titulacións con cen alumnos e hoxe son seis, sete e oito. O futuro da universidade así é incerto, que pode pechar. Vostedes están desperdiando un potencial enorme, vostedes non están facendo política para poder crear..., sen exaxerar. Se nós queremos manter a poboación activa agraria nos próximos anos, no próximo PDR, no próximo período, temos que incorporar con éxito a dez mil mozos e mozas, e iso non se fai por xeración espontánea. E logo Estados Unidos, Dinamarca, que están contratando técnicos para o asesoramento público, ¿é que son uns despilfarradores? Non, é que saben que teñen problemas para o relevo xeracional na actividade agraria e teñen que poñer os recursos necesarios para facelo. Porque vostede sabe coma min –e, se non, tamén podemos reactivar ese grupo de traballo para a incorporación de mozos e mozas– que se necesita reforzo, asesoramento, e que por iso fracasa moita xente que intenta iniciar a actividade e non pode. E vostedes non están poñendo os elementos para facer iso.

É que o descenso de poboación agraria non é modernidade cando non se crean, por outra banda, na industria, na transformación e noutro tipo de sectores. É que aquí estase destruindo poboación agraria pero ao mesmo tempo non se está creando outra baseada nunha actividade industrial transformadora. Non é así, é un auténtico páramo, non hai futuro. Vostedes non teñen un plan de futuro para o agro deste país.

Entón, no paquete lácteo, concretamente –porque, se non, vanme dicir que non falo do paquete lácteo, está tan falado xa que ¿que lle vou dicir?, pero vou falar del para que non me chamen a atención–, eu creo que había que contextualizar o que é a falta dun proxecto de país para o agro nun sector que sinceramente ten todas as condicións para acoller formas de vida para moita xente. A xente necesita vivenda –que as hai, baleiras, estanse abandonando, o rural estase abandonando–. Estanse pechando escolas, estanse pechando comedores, hai terras dabondo, hai demanda de produtos galegos. Fai falta poñer os recursos, vostedes non os están poñendo.



No paquete lácteo vostedes fan unha reforma porque recoñecen o fracaso da anterior normativa, unha normativa que vostedes facían para tratar de garantir que os gandeiros puideran asinar contratos dignos, que recibisen un prezo digno e que puidesen vivir dos prezos percibidos polo leite. Están recoñecendo un fracaso e, en cambio, están facendo unha reforma que practicamente non cambia nada. Porque vostede mesma falou dun mediador de mutuo acordo. É evidente, de mutuo acordo é como non dicir nada, non vai valer para nada. Porque unha industria, cando quere impoñer un prezo por debaixo dos custos, non vai querer ir de mutuo acordo a un mediador. ¿Que defensa ten un gandeiro ante iso?

Cando vostede di que a liberalización do sector lácteo é unha oportunidade para os gandeiros, ¿de onde saca vostede que a liberalización, a chamada liberalización, é unha oportunidade para o sector primario? Dígame un caso histórico onde esa liberalización fose unha oportunidade para o sector primario se non houbo unha boa regulación. Nunca. A industria e a distribución van ter moito máis onde escooller e o gandeiro vai ter as mesmas oportunidades que antes. Estánselles abrindo oportunidades á industria e á distribución. ¿De onde saca vostede que é unha oportunidade cando teñen sen facer os outros deberes da terra, do complexo industrial de transformación? E no marco normativo vostedes recoñecen que o anterior foi un fracaso, o anterior foi un fracaso, e por iso reforman a normativa. E reforman a normativa para non cambiar nada. Vostedes acaban de recoñecer o seu fracaso.

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Querían co paquete lácteo garantir que se asinasen contratos, e contratos con prezos e condicións dignas. Non o conseguiron e fan unha reforma que non cambia nada, porque o mediador de mutuo acordo significa que as dúas partes queren ir ao mediador. E a industria, que ten a posición de forza, evidentemente, non vai querer ir a non ser sabendo que van aceptar a súa proposta.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Sánchez.

Polo Grupo Socialista, don Pablo García.

**O señor GARCÍA GARCÍA:** Grazas, presidenta.

Bos días, conselleira.

Efectivamente, esta debe ser a enésima ou máis veces que xa falamos aquí e traemos iniciativas sobre o paquete lácteo.

Dou por descontado, porque xa o teño feito noutras ocasións anteriores, que en todas as propostas que temos feito, non aceptadas ningunha, nin por parte da Consellería nin por parte do Grupo Popular, aínda que só sexa por esas leis estatísticas –en estatística, repito, nin sequera porque teñamos idea disto, senón por pura estatística–, en algo seguramente teríamos razón. En todo caso, non obtivemos nunca ningún apoio por parte do Goberno nin tampouco por parte do Grupo Popular, nin na elaboración do decreto, nin na xestión da supertaxa, nin na repartición dos fondos da PAC nin absolutamente en ningún tipo de política desenvolvida. Nunca houbo ningún tipo de aceptación dunha mínima parte do que propoñía a oposición.

É dicir, estamos facendo e levamos facendo estes anos a política que quixo o Partido Popular, a política que quixo este goberno e a política que quixo este grupo parlamentario. Polo tanto, tamén entendemos que ten que asumir esas responsabilidades; é dicir, estamos facendo o que vostedes quixeron facer. E, polo tanto, a situación que temos ten que ser asumida por vostedes.

Digo un punto de partida. Vou obviar parte da intervención que fixo, porque eu sempre veño aquí cunha intención e despois, claro, quen lle fai a vostede os discursos sobe aquí e di algunhas cousas que, como dicía o señor Sánchez, enervan a un, pero... Hai unha cousa positiva, por fin lle escoitei algo claro: ata agora sempre dicía e negaba, e hoxe recoñeceuno, por fin. Efectivamente, vostede pretendía unhas cousas no decreto –porque eu non quería crer o que vostede viña dicindo aquí moitas veces de que non pretendía nada– que non se deron feito. E a min chégame coa súa palabra; é dicir, se vostede di que iso é ilegal e que a Unión Europea o impide, a min chégame, polo tanto é un razoamento. Puido dicilo antes. Eu non considero que sexa así, porque noutros países desenvólvense políticas con esa mesma regulamentación. Pero se vostede o considera, asuma as consecuencias. E a min váleme. Puido dicilo hai tres meses, non o dicía. Hai tres meses non dicía nada disto.

En todo caso, algo dixo nese sentido. Se é ilegal, xa está, é ilegal. É como o outro día co tema do *greening* e o do *verdeo*, se é ilegal é ilegal. Teremos que asumilo. Se os outros non o fan, por algo será. Isto é como o que vai en dirección contraria e ve que os coches veñen todos contra el e di que veñen todos a contramán. Ao mellor hai que plantexarse se estamos indo nós ao revés. Pero, en todo caso, a min váleme como argumento.

Señora conselleira, polo tanto, todos os reproches, todas as peticións xa os dou por feitas, e asumo que, efectivamente, vostede –porque prefiro esa parte– non foi capaz de facer e de influir na elaboración desa normativa como quixera. Quedo con esa parte, que é o único positivo que dixo vostede. O tema é: agora estamos na situación que estamos, ¿que é o que imos facer? ¿Que é o que está facendo? Porque, cando nós dicíamos que ese decreto tiña que comprender determinadas cousas, non era unha cuestión dun contubernio xudeomasónico, non era por unha cuestión filosófica, era precisamente para que vostede –vostede, nin sequera nós, vostede como goberno– tivera instrumentos para poder controlar e para poder incidir na situación de que non pasase o que hoxe está pasando. Porque, claro, agora temos o decreto, a vostede gústalle, di que son pasos adiante. Ben ¿que facemos con ese decreto? Ante a situación que temos ¿que estamos facendo? E, sobre todo, ¿que podemos facer e que marxe temos para actuar? Esas son as preguntas que temos. Nos reproches e en todo o demais eu poño o contador o cero. Agora vostede ten a regulamentación que vostede quixo ter, porque dixo que estaba de acordo basicamente con ela. Ten a situación desastrosa –non o vou repetir aquí–, tena. ¿Estamos de acordo con que a situación é desastrosa ou non? ¿Estamos de acordo con que a horquilla de contratos están entre 0,21 e 0,26 ou non? ¿Iso é bo ou é malo? Cando os propios informes do Ministerio falaban de 0,34 para non perder cartos. É verdade que baixou o petróleo desde aquela. ¡Vale!, 0,32. E nós estamos entre o 0,21 e o 0,26. A situación ¿é desastrosa ou non desastrosa? E se é desastrosa ¿que pode facer vostede, que mecanismos ten de actuación? Baixo o meu punto de vista, con esta regulamentación moi poucos, moi poucos. E politicamente vostede tampouco se ten caracterizado nestes seis anos por ser unha persoa cunha iniciativa política desbordante e que nos leva a todos coa lingua fóra porque non damos feito un seguimento das súas actividades. Polo tanto, as perspectivas son as que son. Oxalá cambien, pero coa normativa non temos moita marxe, e coa

iniciativa política os antecedentes non son precisamente halagüeños de que vaíamos ter moitísima iniciativa política. Pois ese é o problema.

Señora conselleira, porque vostede coñece, claro, habería que preguntarse.... Negociación, carta enviada aos produtores: “*Asimismo, le adelantamos por este medio que el precio para el litro de leche del mes que viene es de 0,24. En tal sentido tiene usted la posibilidad de aceptar o rechazar ratificándolo con su firma o devolviéndolo tal cual*”. Negociación, señora conselleira. Señora conselleira, Iparlat, eu pónolle nome, Iparlat, contrato, ¿a que se referencia o contrato?, ¿mantequilla?, ¿leite en polvo? ¿O futuro do leite galego é referenciar á mantequilla e ao leite en polvo? É dicir, á intervención, a cando hai un desastre de prezos e os mecanismos que ten a Unión Europea para sacar leite do mercado..., é dicir, cando non se quere no mercado normal e polo tanto é o leite que a moi baixo prezo... ¿o contrato está referenciado a iso? ¿Este é o futuro do leite neste país? Isto é co novo decreto, coa súa regulamentación, co que está ben, co que deu pasos.

Señora conselleira, Lactalis ¿A referencia do prezo ten que ser o prezo medio pagado en Galicia á empresa que compra o 25 % do leite en Galicia? É dicir, ¿ese é o prezo referencia co seu decreto, señora conselleira? ¿Que fai vostede? ¿sábeo?, ¿coñéceo?, ¿que fai?, ¿que dixo?, ¿fixo algo? Na intimidade, en todo caso.

Señora conselleira, outra. Por certo, vostede dixo que só se os gandeiros piden expresamente... –xa lle mandan a cartiña onde o gandeiro di, xa lla mandan grampada– *que al amparo del proyecto... que el motivo de dicho rechazo es que el precio no es de mi interés...* Estanlle ofrecendo un prezo moitísimo máis baixo para que el rechace ese contrato dun ano. “*En previsión de obtener mejor precio en una negociación libre y directa... a lo largo de la campaña*”. É dicir, a mesma empresa.

Señora conselleira, isto é o que está pasando hoxe, hai quince días, hai unha semana, hai mes e medio. ¿Vostede onde estivo?, ¿que fixo?, ¿que vai facer? Ata agora non sabemos nada. Coa normativa, con ese decreto que vostede di que está ben... Nada, non pode, non pode, non pode facer nada. Entón ¿que? Vén aquí dentro de quince días co de “nós sempre estaremos ao lado do sector e loitaremos... o que di o que

Ile escribe ese discurso, e repítelo. Ante isto ¿que fixo? Nada.

Señora conselleira, organizacións de produtores, que son as grandes culpables..., porque ante isto que lles chega aos gandeiros os culpables son os gandeiros. Ante isto, son os gandeiros os culpables, e as organizacións de produtores que non existen.

Innovación. Pasou non sei cantos meses dicindo que o problema era que había que agrupar as OPL. Había dúas das que vostede nunca se preocupou, nin tivo ningunha reunión con elas, nin fixo absolutamente nada para que se constituíran. O que eu lle teño dito: pensaba que un día se levantaba un domingo despois de misa e, de repente, saía unha organización de produtores lácteos, por unha cuestión de ciencia infusa, non había que dedicarlle nada. Iso si, agora estamos innovando.

Carta do alcalde de Castro de Rei do doutro día –convocando os gandeiros o alcalde–, co membrete da alcaldía, con membrete da alcaldía. Fan unha asemblea de gandeiros para constituír outra OPL; é dicir, a señora conselleira pasa tres meses dicindo que o problema era que había que agrupar as OPL que había, esas OPL deciden agruparse e agora o alcalde de Castro de Rei convoca os gandeiros para facer unha nova OPL, con asistencia dun funcionario da súa consellería ás once da mañá, en horario laboral.

Coñecendo persoalmente o funcionario e coñecendo o alcalde de Castro de Rei, por referencias que me dan, loxicamente isto non vai a ningún lado, é unha chuminada.

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**O señor GARCÍA GARCÍA:** Pero digamos que isto é o que en teoría é a súa proposta e ao que vostede se está dedicando.

Señora conselleira, non queda máis tempo xa. Independentemente da miña opinión do que ten pasado ata agora, a miña pregunta é sencilla: con todo isto ¿que está facendo e que ten vostede pensado facer? Se é que algunha vez ten pensado facer algo, señora conselleira. Porque se non ten pensado facer nada, dígallo tamén claramente xa ao sector. Efectivamente, cheguemos á conclusión aquí todos, convénzame a min e dígame que non se pode facer absolutamente nada. E,

polo tanto, no que están facendo o resto de países e no que están facendo o resto de comunidades, efectivamente, están todos equivocados, e nós estamos na mellor situación posible e a nosa política agraria e política con respecto ao sector lácteo é a mellor posible, que é que non fagamos nada. E ao mellor, pois, convénceme. Pero cheguemos e sexamos claros, sexamos claros coma antes. Diga que, efectivamente, vostede quería facer unha serie de cousas e que non llas deixaron facer...,

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor García.

**O señor GARCÍA GARCÍA:** ...e que non as puido facer.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor García.

*(O señor García García pronuncia palabras que non se perciben.)*

Moitas grazas. Rematou o seu tempo.

*(O señor García García pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor García, rematou o seu tempo, por favor.

*(O señor García García pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Na seguinte ten unha chamada á orde.

Polo Grupo Popular, a señora García Pacín.

**A señora GARCÍA PACÍN:** Bo día, señorías.

Grazas, señora presidenta.

Ben, pois unha vez máis no sector lácteo, por iniciativa neste caso dos nacionalistas, propoñen unha serie de medidas, unha serie de actuacións, accións, unha alternativa, diferentes á do Goberno. Por iso este ataque tan furibundo e tan de desgaste do Goberno que sempre se fixo con todas as políticas adoptadas. Achegar a Administración pública, tanto a Administración local como a Administración pública autonómica... Eu creo que calquera administración que teña responsabilidades de investir tanto en políticas como

en normativas, e estar a carón dos sectores estratéxicos para o rural, a carón dos sectores produtivos galegos, o está facendo.

O que non podemos entender, señora Paz, é que vostede afirme que nas nosas bancadas existen alcaldes ou ex alcaldes de concellos leiteiros, de comarcas, que non están a carón do sector produtor. Señora Paz, vostedes non son os únicos que van de visita. Moitos dos compañeiros, que tamén se achegan de visita, tamén son alcaldes que militan no mesmo partido ca min mesma e que son gandeiros, alcaldes que son veterinarios, alcaldes ligados intimamente ao sector lácteo. Pulamos todos no mesmo sentido para dignificar e non volver utilizar o victimismo. Fixo vostede aquí un discurso cheo de sentimentalismo, apelando á pena que lle dá chegar a algúns alcaldes e as dificultades que están pasando os nosos produtores.

Fala dos nosos produtores —e aos datos me remito, señor Sánchez, datos que vostede aquí evidenciou—, e vostede fai referencia a que caeron nun número de miles as explotacións, os titulares de explotacións, nun período temporal a partir de 2007. Ben, señoras e señores que nos escoitan, entón, cando as responsabilidades eran do Bipartito, ¿daquela non pecharon explotacións? ¿Daquela o Bloque Nacionalista Galego —no que vostede militaba— non tiña ningunha responsabilidade de goberno, señor Sánchez?

Eu acórdome daquelas campañas onde si se investían diñeiros públicos no de “Fica no rural”. Daquela, cando emigraban galegos e galegas, mozos e mozas... Agora non. Agora, señora Pontón, comarcas por antonomasia produtoras de leite como Sarria, como Castro de Rei, resulta que agora é un pecado que os alcaldes e os dirixentes con responsabilidades de goberno fagan un chamamento a que a produción, grazas a medidas normativas habilitadas polo Partido Popular, se poidan xuntar... ¡Chuminadas!, señorías, tivemos que escoitar que unha organización de produtores lácteos é unha chuminada, segundo o señor voceiro socialista. Realmente eu creo que estamos dexenerando, e o rigor e a seriedade que a señora Paz demanda no debate lácteo... *(Fortes murmurios.)*

**A señora PRESIDENTA:** ¡Silencio, por favor!

**A señora GARCÍA PACÍN:** ...estase perdendo. *(Murmurios.)*

**A señora PRESIDENTA:** ¡Silencio, por favor!

**A señora GARCÍA PACÍN:** Señor Fajardo, só repito o que aquí se dixo... *(O señor Gallego Lomba pronuncia palabras que non se perciben.)*

**A señora PRESIDENTA:** ¡Señor Gallego!

**A señora GARCÍA PACÍN:** ...e estiven atenta ás interpretacións. Poden ser segadas e erradas pola miña parte, pero literalmente acusouse as organizacións de produtores lácteos que se están facendo, ou que se poden facer, de chuminadas. Eu creo que con esa actitude, señora conselleira, non imos a ningún sitio.

E a oposición mesmo utiliza a demagogia outra vez co sector lácteo afirmando que non somos responsables dos bos prezos acadados en campañas anteriores, porque no 2013 e no 2014 o leite tiña un prezo distinto. O quilo de leite, señora Paz —que non o litro—, tivo un diferencial na marxe nesas campañas igual que no 2007 e 2009. Sabe vostede que en Galicia esas cousas son puntuais, que a norma é que en Galicia, coas condicionalidades que nós temos, pois temos uns prezos do leite distintos que os que se pagan en Francia ou que se pagan noutras comunidades —e vostede sábeo—. E logo vostede, ¿que alternativa propón? En todas estas iniciativas que afirman que fixeron e fan, tanto en comisión como en pleno, ¿que mecanismos?, ¿que medidas? Concreten. ¡Non son capaces! Non son capaces porque a única política que vostedes fan aquí é a de desgaste, a da demagogia, a de utilizar medias verdades, manipular e terxiversar a opinión pública.

Pero, señorías, a realidade éles outra. A realidade é que esta Consellería de Medio Rural sempre liderou todos os avances que se fixeron en materia política, en materia normativa, da que adoecían todas as cuestións importantes. Porque, señorías, contratos homologados, Mesa do Leite, señora Paz, ¿son as grandes empresas nas que o nacionalismo se metía? ¿A Mesa do Leite, onde todas as autoridades da competencia estaban advertindo de cousas que se estaban facendo mal, que non se poden facer...?

Veñen agora os socialistas dicindo que a normativa houbo que corrixila, houbo que modificala porque non funcionou. ¡Pois claro!, é certo, houbo que modificala para reforzar as

organizacións de produtores lácteos, para facer un chamado á responsabilidade, onde a negociación colectiva por primeira vez está permitida e onde non se dá. ¿Por que non se dá, porque a figura do mediador non existe? Eu creo que hai que ser un pouco máis serios e un pouco máis rigorosos. Vostedes ¿que precisan?, ¿que a Administración obrigue as industrias a recoller o leite, a poñer prezos, a sentarse nunha negociación? ¿Vostedes queren que a Administración non cumpra a normativa? ¿Ou é que vostedes poden amosarnos aquí un texto literal conforme a normativa vixente, a normativa europea que teñen que cumprir todos os Estados membros, e poden vostedes traernos aquí...? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Si? Non é certo, señor Antón, porque podemos revisar as súas iniciativas, os seus datos, as súas propostas, e nada de nada.

Porque, señor Antón, vostede ao único que fai referencia é a que as oficinas de extensión agraria pois non teñen suficiente persoal para asesorar, para formar, para achegar a iniciativa privada ao rural. Eu creo que iso non é así, señor Antón Sánchez, porque realmente o que se pretende da Administración non é que propoña, non é que teña o papel de emprendedor, senón que axude ao emprendedor. E non podemos sacar un decreto onde obriguemos a que se produza leite, onde se obrigue a que se forme ou a que se estude o que vostede demanda. Non, o que teñen que facerse son políticas activas que si axuden, que fagan atractivo o relevo xeracional, a produción agraria.

Señorías, estamos de acordo en cuestións básicas, en que hai que revalorizar a nosa produción e pechar aquí cadeas. Temos que ser capaces de competir en mercados non só co leite líquido senón utilizando as catro denominacións de orixe de queixo, utilizando a produción ecolóxica, utilizando moitos factores. Porque o potencial –coincidimos todos– témolo. E ningunha administración puido –como se dixo aquí hoxe– dicir que o modelo produtivo era con base en concentrados, en pensos, que non se fora aproveitar a forraxe ou mesmo procesos semiproductivos como se están dando. Galicia ten unha peculiaridade de todos coñecida, e o que si sabemos, señor Sánchez, señora Franco, é producir leite, producir leite de calidade. E aí está a Administración con medidas en materia de promoción, con medidas en materia de impulso.

E, claro, vostedes acórdanse dos proxectos que non... ¿Acórdáronse vostedes de Clesa, que me dicían que están acadan-

do xa as cifras de empregados que tiñan no pasado? ¿Acórdanse vostedes de apoios decididos a prol das cooperativas? Eu creo que aquí o gran esquecido tamén é o sector cooperativo, que ten moito potencial, que ten moito que dicir e que ten moito que negociar coa industria. E seguir investindo dende a Administración. Pero non só dende a Administración local –que tamén, señor García–. Aí están todos os concelleiros, todos os alcaldes. ¿Por que? Porque tamén son gandeiros, produtores de leite, todos teñen negocios e empresas directamente relacionadas co sector lácteo. E a vostede o que lle molesta é iso, (*Murmurios.*) que a xente realmente sabe do que fala e non vén aquí facer demagogia das características puntuais que o mercado lácteo está atravesando neste intre.

Porque, señor García, vostedes, cando tiveron responsabilidades, cando a desaparición... ¡Oh!, desapareceron as cotas, desapareceu o sistema de continxentación. ¿E que fixeron os gobernos de España aló en Europa cando dixeron que ían desaparecer? ¿Opuxéronse?

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**A señora GARCÍA PACÍN:** ¿Fixeron algunhas medidas ou solicitaron algunhas demandas para que agora...? Non, señor García, caladiños, aterraxe suave. E agora o que piden é responsabilidades da Administración. Pois, mire, unha PAC forte onde os pagamentos acoplados, as producións acopladas, se incrementan substancialmente. Un apoio decidido non só en asesoramento e en materia de formación e investigación, en I+D+i, que aí temos que seguir traballando e pulando, con cifras, con datos nos orzamentos.

Eu creo, señora conselleira...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Pacín.

**A señora GARCÍA PACÍN:** ...que temos que dar as grazas, que temos que seguir ao seu carón...

**A señora PRESIDENTA:** Rematou o seu tempo, señora Pacín.

**A señora GARCÍA PACÍN:** ...e que temos que ser positivos e produtivos... (*Murmurios.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Pacín.



**A señora GARCÍA PACÍN:** ...en todas as políticas, incluídas as de oposición.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Rolda de réplica.

A señora Paz Franco, polo Bloque Nacionalista Galego.

**A señora PAZ FRANCO:** Grazas, señora presidenta.

Desde logo, eu coa señora García Pacín procurarei perder só trinta segundos. Dixo só unha verdade: que había moitos alcaldes do PP metidos no negocio do leite, xa o vimos en Alimentos Lácteos. (*Aplausos.*) Por certo, eu dígolle que repase a miña intervención, porque eu o que dixen é que aquí había alcaldes que eran conscientes de que se desaparecía o sector lácteo desaparecían os seus concellos. Non dixen que non fixeran nada. Pero, bueno, en fin, ou lave os oídos ou escoite un pouco mellor ou non traian escritas as intervencións para poder responder ao que realmente dicimos desde esta tribuna.

E despois contou vostede un chiste, un chiste propio do Club da Comedia: dicir que a Xunta de Galiza está investindo cada vez máis en I+D+i. Eu non sei noutras consellerías –non me vou meter, algo oíu aquí cando o señor Losada e a señora Adán debaten sobre esas cousas– pero eu sei que na Consellería do Medio Rural... Vaia dar un paseo a Mabe-gondo, fale cos investigadores que hai alí e a ver que lle contan e exactamente en qué situación están. Están nunha situación –para que o saiban os demais– na que, se algúns proxectos de investigación queren manter, é a base do esforzo persoal das persoas que traballan alí.

Pero a vostede non lle vou dedicar xa máis... Dixen trinta segundos e xa vai un minuto e trinta. ¡Vaia por Deus!

Mire, señora conselleira, vostede veu aquí facer unha intervención que eu creo que, se miramos no *Diario de Sesións*, xa debeu facer en máis dunha ocasión. Pero, mire, o caso é que a situación do sector lácteo –será moi sentimental, señora García Pacín– cada día se deteriora máis e cada día se fai máis inaturable. Mire, as OPL nin funcionan nin van funcionar. Hai unha razón para que iso non funcione, que non funciona en ningún lugar. Porque no único sitio onde había

unhas OPL fortes, que era en Castela, xa se encargou a industria de boicotealas e de mandalas a tomar por saco –¿pódese dicir esa expresión?–. Pois mentres non sexa obrigatorio estar nunha OPL non valen para nada as OPL, señora conselleira, co cal olvidémonos dese asunto.

Mediación. A mediación, se é voluntaria, se ten que ser de mutuo acordo e se non é obrigatorio asumir os veredictos do mediador tampouco vale para nada. Imaxinen vostedes no ámbito laboral que as resolucións de arbitraje do SMAC fosen voluntarias para as partes. Desde logo non valerían para nada.

O marco legal. Mire, eu, mirando para outros países da Unión Europea vexo que os gobernos se comportan doutra maneira en relación co sector lácteo. E, polo tanto, supoño que o marco legal dará para algo máis que para o que fai o Goberno de España e para o que fai vostede, señora conselleira. E tamén vexo que ese señor que ás veces se senta aí nese sillón, o señor presidente da Xunta de Galiza, a respecto doutros sectores, doutros sectores económicos e doutras industrias, tamén se comporta doutra forma. Porque a normativa para o señor Núñez Feijóo, ¿non é a mesma no sector do automobilismo que no sector lácteo? Pois eu ben que o vin ir a París a facer de comercial de Citroën a firmar contratos para Citroën. Aínda nolo recordou hoxe á mañá, aínda nos vendeu a moto esta mañá. Estaba vostede presente ¿verdade? E hoxe á mañá tivemos que velo como vén aquí a este Parlamento a facer de comercial de Ence e a pedirlle explicacións ao Bloque Nacionalista Galego de por que non defendemos a Ence. Ou sexa, que parece ser que a Xunta ten que ser neutral cando se trata dos intereses de nove mil e pico explotacións gandeiras, co que iso comporta en termos económicos e de emprego no medio rural. Pero non ten que ser neutral cando se trata de defender os intereses dunha gran empresa como Ence...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**A señora PAZ FRANCO:** ...ou de defender determinados intereses.

Mire, señora conselleira, eu voulle facer unha pregunta moi concreta. Dáme igual como lle chamen –mesa do leite, interprofesional, comité de crise, gabinete de crise...–. Mire, neste país hai xente que sabe moitísimo do sector lácteo, non

só dos problemas —que diso sabemos todos— senón de como resolvelos. ¿Está vostede disposta a sentarse nunha mesa cos gandeiros, cos seus representantes, coa industria, coa distribución, con toda a xente que algo sabe e ten que dicir de como saír desta situación do sector lácteo, si ou non?

Señora conselleira, vostede dixo que xurou o 4 de xaneiro de 2012 non sei qué a respecto do sector lácteo. ¿Está vostede disposta a non ser aquí a terminal do que diga a señora Tejerina e a defender de verdade os intereses do sector lácteo aínda que iso implique...

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, señora Paz.

**A señora PAZ FRANCO:** ...plantarlle cara ao Goberno do Estado, si ou non?

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, señora Paz. Rematou o seu tempo. *(A señora Paz Franco pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Pido, por favor, que nas interpelacións se respecte o tempo, que o estamos a respectar todos.

Ten a palabra a conselleira do Medio Rural e do Mar, dona Rosa Quintana.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señora presidenta.

Señorías, a verdade é que xa non sei por onde empezar. A señora Paz, cando fixo a súa primeira intervención dicíame que esperaba un debate serio e que fora útil para o sector. Con esa idea veño eu sempre debater a esta Cámara, e vostede poderame dicir que seguramente a miña primeira intervención pode figurar no rexistro dos diarios de sesións desta Cámara, porque nunca mentirei. Polo tanto, sempre vou utilizar os mesmos argumentos que estou utilizando dende o 4 de xaneiro de 2012, é que non hai outra. É que a min non me van dicir que non estou facendo todo o que é necesario facer polo sector. Aquí dixéronse moitas cousas que a min me preocupan. Din que eu non fago política. Si, si, a miña política queda escrita na defensa duns intereses, nuns reais decretos, nuns decretos, nunha normativa; non é papel mollado, é papel publicado nuns boletíns oficiais, nun diario oficial. Eu para o que non farei nunca política é para intentar quedar

ben co sector e meterlle un canutazo ao sector. Porque vostede, señora Paz, dicíame: ¿é vostede capaz de dicirme que é capaz de sentarse nunha mesa cos produtores, coa industria, coa distribución? Ténome sentado, teño estado en moitas xornadas, en moitos encontros, temos debatido moitos temas. Nunca me sentarei nunha mesa onde como consecuencia de estar sentada nunha mesa lle meta un calote ao sector produtor como me ten anunciado o Tribunal da Competencia por mesas que se teñen celebrado no período do 2006 ao 2008. *(Aplausos.)* Nunca me sentarei nunha mesa nesas condicións, nunca lle deixarei ao sector un calote como alguén lle deixou ao sector bateeiro, por meterse nunha negociación de prezos, de 3,9 millóns de euros que ten que estar pagando o sector produtor do mexillón por falar de fixación de prezos.

A verdade é que aquí se din moitas cousas. Pero, mire, é que a baixada de prezos no ano 2014 foi certa. Baixou de 39 a 37 céntimos, baixou 7 céntimos, e iso é un gran desastre, eu podo entender que si. Pero é que dende decembro do 2007 a xuño do 2009 baixou de 46 céntimos a 25 céntimos, e aí non pasaba nada. Resulta que os contratos homologados eran un fito histórico para o sector produtor e agora resulta que con tres reais decretos publicados no *Boletín Oficial do Estado* onde se lle dá toda a forza aos diferentes eslabóns da cadea..., ¡Claro que si, señora Paz! Vostede ten que recoñecer que a Administración é evidente que ten que adoptar unha posición neutral. Porque son importantes todos os eslabóns da cadea. Para que o sector lácteo teña futuro é necesario que exista un sector produtor forte, é necesario que exista unha industria forte, e é necesario que exista unha distribución forte. Non pode haber desequilibrios nos eslabóns da cadea.

Pero eu voulle dicir unha cousa, señora Paz: ¿será casualidade que a industria diga que vai recorrer contra o real decreto porque resulta que favorecemos o sector produtor? ¿Será casualidade? ¿Onde se posicionou o Goberno do Estado e onde se posicionou o Goberno da Xunta de Galicia? Mire, nós imos favorecer sempre, sempre, o desenvolvemento do sector produtor. E a min dóeme sinceramente que se diga aquí que temos que apostar polo medio rural e que soamente se traian a este Parlamento cifras negativas do sector primario. Porque aquí estase dicindo que diminuíu o sector produtor. ¿Diminuíron o número de explotacións? Si. ¿Incrementou a produción? Si, máis de 80 millóns de litros

nos últimos dez anos. ¿Incrementou o número de vacas por explotación? Si. ¿Incrementou a superficie agraria útil por explotación? Si. Logo, o sector produtor... (*Murmurios.*) Si, señor, incrementou un 8,3 % mentres diminuíu en Asturias un 6,3 % no período 2009 ao 2013. Son datos estatísticos, señora Paz, son datos estatísticos, que eu non minto.

E, miren, a verdade eu o que lle podo dicir é que nós vimos aquí con cousas serias, non a facer teatro. A nós pódese acusar de que fixemos un real decreto no ano 2012 e que no ano 2015 fomos quen de modificalo porque entendemos que tiña determinadas lagoas que se estaban utilizando para extorsionar o sector produtor. Modificámolo. E en tres anos corriximos, e en tres anos publicamos as normas que outros países xa tiñan publicado de antes. ¿Onde estivo o Goberno do señor Zapatero cando tiña que ter xa publicado este desenvolvemento do paquete lácteo? (*Aplausos.*) Agora, agora aquí é cando se veñen pedir explicacións, (*Aplausos.*) agora aquí é cando se vén pedir a posición do Goberno da Xunta de Galicia. Eu creo que queda bastante claro onde está a posición do Goberno da Xunta de Galicia: na defensa do seu sector lácteo, na defensa do sector rural.

E se me di vostede se estou de acordo coa señora ministra Tejerina, téñolle que dicir que si, porque é unha persoa que está pelexando e loitando por defender os intereses dos gandeiros.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Quintana.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señora presidenta. (*Aplausos.*)

### **Interpelación do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o labor contra a fraude fiscal que está a levar a cabo a Axencia Tributaria de Galicia**

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra o señor Méndez Romeu para formular a interpelación.

**O señor MENDEZ ROMEU:** Señora presidenta.

Señor conselleiro, supoño que estará de acordo con este grupo en que existe un clamor social contra a fraude fiscal como consecuencia, dunha parte, da presión contributiva

crecente en España, e co seu goberno, e da mingua dos retornos que os cidadáns perciben en forma de prestacións ou de servizos públicos. Coa crise, a fraude fiscal medrou fortemente ata representar –segundo algúns informes en Galicia– arredor dun cuarto da economía galega, en torno a 14.000 millóns de euros anuais estimados, e incluíndo aquí tanto a fraude fiscal *sensu stricto* como a fraude laboral.

Sorprendentemente, a maioría popular deste Parlamento rexeitou a semana pasada unha modesta, modestísima, proposición do Grupo Socialista que trataba de comprometer a Axencia Tributaria Galega a ofrecer algúns niveis de información complementaria a esta Cámara. E digo “sorprendentemente” cando quizais debería dicir “comprensiblemente”, porque é difícil xustificar máis rigor da Axencia Tributaria na persecución da fraude cando o partido que ostenta o poder en Galicia e en España vén sendo un defraudador fiscal reiterado e continuado no tempo, segundo os últimos autos xudiciais. Unha conduta irregular, presuntamente delictiva, que en calquera caso cuestiona calquera intento de rexeneración democrática que impulse a Xunta. Polo menos mentres non se produza a imprescindible explicación e a non menos imprescindible asunción de responsabilidades, algo que ata hoxe non aconteceu.

Hoxe coñecemos con asombro que nada menos que o antigo vicepresidente económico do Goberno, o señor Rato, se acolleu á amnistía fiscal co actual Goberno, e que ademais está sendo investigado por presuntos delitos de branqueo de capitais. Ademais de estar sendo investigado e procesado por delitos como estafa, falsidade documental, apropiación indebida e delito societario. ¡Case nada para quen foi, ademais de vicepresidente, responsable do fracaso de Bankia! Quen no seu momento dirixía a loita contra a fraude fiscal resulta ser un dos grandes defraudadores do Estado español. Con eses precedentes, señor conselleiro, enténdese mellor a súa posición neste debate.

Porque na loita contra a fraude fiscal o Goberno Rajoy non está sendo exemplar: a amnistía fiscal do ano 2012 para os grandes defraudadores, lonxe de perseguilos e sancionalos, ofreceulles condicións regularizadoras moito máis favorables que as que teñen a meirande parte dos contribuíntes; como non resulta exemplar o uso político e partidario que fai o ministro de Facenda dos datos e informes fiscais que coñece polo seu cargo; e como non resulta presentable a

actuación sectaria e invasiva do Estado na Axencia Tributaria estatal, que está a producir unha deterioración da súa imaxe, cando, en razón da súa misión, esa axencia debería tender a un estatuto de máxima autonomía no exercicio dos seus obxectivos. Vostedes téñena reducida a unha oficina intervida politicamente, no camiño contrario aos países que nos rodean.

En Galicia non existe información da actividade inspectora en relación coa fraude que sexa medianamente contrastable e verificable. Anualmente o Goberno emite unha nota para os medios de comunicación de dúas páxinas e de carácter marcadamente propagandístico, sen datos sistematizados ou verificables. A Axencia Tributaria de Galicia na súa web non ofrece datos referidos á actividade inspectora. Os informes que vostedes aproban no Consello foron reiteradamente solicitados por este grupo sen resposta ata hoxe. O Plan especial de control tributario igualmente foi negado ao Parlamento.

¿Por que a Xunta nega información sobre a actividade contra a fraude fiscal? Pois hai unha razón xeral: o noxo sistemático que ten o Goberno polo control parlamentario. E hai unha razón específica: probablemente os datos reais non son salientables nin verificables.

Cando noutras cámaras esa información contra a fraude dá lugar a comparecencias anuais dos máximos responsables do goberno e a información se ofrece sistematizada, en Galicia, o Goberno foxe de calquera información rigorosa, de calquera debate –vostede vén hoxe porque o convocamos ineludiblemente e o director xeral cando comparece limitase á información administrativa–.

Ao día seguinte de votar en contra da modesta proposición deste grupo para que houbera información, o presidente ofreceu unha rolda de prensa. E nesa rolda de prensa ofreceu uns datos –reitero, non á Cámara senón á prensa–, e para iso mesmo tivo que utilizar un eufemismo –como todos os días–, o eufemismo chámase “débeda non declarada”. E elevouna a 181 millóns de euros, ocultando que o 85 % desa cifra se corresponde á actividade ordinaria de asistencia e comprobación, e só 35 millóns á actividade propiamente inspectora da fraude. Ese eufemismo que se desliza arteralmente nunha rolda de prensa é logo reelaborado polos gabinetes de prensa para transformalo directamente en redución da fraude.

O certo é que o labor inspector da Axencia Tributaria de Galicia está reducíndose, o propio organismo cifrouno en 16 millóns de euros no 2013 –subliño, 16 millóns de euros–. Daquela tamén o Goberno, en nota informativa en rolda de prensa, transformou os 16 millóns en 150, a milagre dos pans e dos peixes na fiscalidade. Un multiplicador do 900 % para enganar a opinión pública pero que non se reflicte nas cifras de liquidación orzamentaria nin no gasto executado. Mesmo o Ministerio de Facenda –que si que publica informes anuais máis rigorosos e con algunha información relevante sobre Galicia– contrasta que dedique varios centos de páxinas a esta comunidade, mentres o Goberno galego dedica dúas páxinas –como digo– de carácter propagandístico.

Aínda así, da información do Ministerio dedúcese que a actividade inspectora da Axencia Galega no 2013, en relación co ano anterior, baixou un 62%; en actas, un 61%; en cota tributaria, un 33 %; e tamén baixaron o número de actas por inspector e baixaron os expedientes sancionadores nun 45%, e baixou o importe das sancións nun 81%. Señor conselleiro, un pouco de eficacia, un pouco de eficacia.

Ademais, infórmase, por parte do Ministerio, que os medios humanos da Axencia Tributaria Galega baixaron un 13 %, que non hai carta de servizos, nin plans de calidade, nin enquisas de satisfacción, que nin sequera existe a cita previa, nin un centro de atención telefónica. Case nada, señor conselleiro, para unha entidade creada no século XXI.

En termos comparados, España ten proporcionalmente á súa poboación menos da metade de funcionarios fiscais dos que ten Francia, e un terzo dos que ten Alemaña, e aínda así, Galicia ten un terzo da media española e incluso Asturias dedica máis do duplo de recursos que Galicia: alí, 12,3, euros/habitante/ano; e aquí, 4,9.

Vostede mesmo, na súa primeira comparecencia parlamentaria, non ofreceu ningún dato sobre a fraude fiscal. Vostedes, señor conselleiro, coa súa política de facer recaer a crise sobre os asalariados e as rendas máis baixas, basearon a recadación fiscal na imposición indirecta, fundamentalmente no IVE e nas bases de cotización de asalariados e pensionistas. Hoxe, os traballadores en España soportan a maior presión fiscal da historia, mentres o tipo efectivo das empresas, especialmente das grandes, ten minorado.

O 90 % dos ingresos fiscais proceden das persoas físicas, entre impostos sobre a renda...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**O señor MÉNDEZ ROMEU:** ...e sobre o consumo, e só a décima parte, de sociedades; e, mentres, as empresas multinacionais eluden contribuír.

Con vostedes as familias teñen soportado incrementos fiscais en todas as figuras impositivas, tamén nos prezos e nas taxas.

Señor conselleiro, logo desta exposición, reclamamos un compromiso máis firme da Xunta no ámbito das súas competencias obviamente contra a fraude fiscal e por un maior incremento dos recursos públicos.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Facenda, don Valeriano Martínez.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Moitas grazas, señora presidenta.

A Axencia Tributaria de Galicia entrou en funcionamento no ano 2013, con dous obxectivos fundamentais: mellorar a información e a asistencia ao contribuínte e loitar con maior eficacia contra a fraude fiscal.

Así pois, loitar contra a fraude fiscal é unha das prioridades da política tributaria da Xunta de Galicia, porque entendemos que un sistema tributario xusto pasa porque todos contribúan co que lle corresponde, sostendo de forma equitativa o financiamento dos servizos públicos fundamentais. E así o vén demostrando a actividade da Administración Tributaria Galega, desenvolvendo dous plans especiais de loita contra a fraude; en concreto, o primeiro, en 2011-2012, que permitiu aflorar preto de 230 millóns de euros; e o segundo, o pasado ano, aflorando outros 50,7 millóns de euros.

Estes plans especiais constitúen un complemento á actividade ordinaria de control da Administración fiscal, que –como

saben–, no exercicio de 2013, sen plan especial, acadou un importe de 150 millóns de euros entre actividades de xestión e de inspección.

Por outra banda, cada ano publícanse –como fan todas as administracións tributarias– os criterios xerais que informan o Plan de control tributario, que, por lei, ten carácter reservado, aínda que si son obxecto de publicación os principios informadores do mesmo. Precisamente no día de hoxe se publica o correspondente ao ano 2015, aínda que a actividade de control non decaeu e se leva facendo constantemente dende primeiros de ano.

Pois ben, señoría –como vostede sabe, e así o impón o artigo 116 da Lei xeral tributaria, e o sentido común tamén–, as actuacións concretas de inspección non poden ser obxecto de coñecemento xeral, porque, se fose así, perderían todo o seu sentido, que é descubrir e non avisar os defraudadores. Se fosen públicas as distintas liñas específicas de intervención inspectora, estaríanse dando pistas aos defraudadores para que actuasen a través doutras formas distintas de fraude das feitas públicas.

Por outro lado, vostede –non tanto na súa primeira intervención como no escrito que se me remitiu da interpelación– apunta que o Plan xeral de control tributario non ten ningún obxectivo cuantificado, cando non é certo, xa que a previsión de ingresos consignada nos orzamentos de cada ano si inclúe os derivados das actuacións de control que imos desenvolver, e que se pode comprobar no estado de execución final dos ingresos.

Pero, ademais desta información, a Atriga publica na súa páxina web os datos correspondentes á súa actividade. E o propio director compareceu o ano pasado na Comisión 3ª para dar conta dos resultados da actividade do 2013, ao igual que vai facer este ano, e así o ten solicitado respecto dos datos do exercicio 2014. Polo tanto, señoría, cando se afirma que non se aporta información substancial, penso que non se está a ser rigoroso.

Pero permítame que faga unha breve mención aos resultados da actividade global de control tributario levada a cabo no exercicio 2014 pola Atriga, con independencia da explicación máis polo miúdo que se faga por parte da dirección na Comisión 3ª.



Como xa tiven ocasión de comentar, as actuacións de control tributario poden levarse a cabo a través dos órganos de xestión e a través da Inspección. No ámbito da Xestión Tributaria, no ano 2014, comprobamos preto de 260.000 autoliquidacións, tanto no imposto de sucesións e doazóns como no imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Isto representa un 13 % máis que o ano anterior, é dicir, 30.000 autoliquidacións máis. No imposto de sucesións e doazóns, comprobáronse 115.600 autoliquidacións, fronte ás 94.900 do ano 2013; e no imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, preto de 144.000, fronte ás 135.000 do ano 2013. Este incremento no número de comprobacións é consecuencia, en gran medida, do Plan especial de loita contra a fraude fiscal executado o ano pasado, e do que xa falei na miña primeira comparecencia neste mesmo pleno.

Do total comprobado, resultaron incorrectas 33.400 autoliquidacións, dando lugar á súa correspondente liquidación, chamada coloquialmente “paralela”. Hai que subliñar, polo tanto, que o 87 % das autoliquidacións comprobadas –que se comprobaron practicamente o 52% do máximo potencial– resultaron conformes.

Con respecto ao ano 2013, produciuse un incremento do 6%, e o número de liquidacións medraron en 2.000. Como consecuencia destes labores de control realizados polos órganos de xestión, afloraron 148,5 millóns de euros.

Por outra banda, a loita contra a fraude fiscal tamén se materializa –como xa mencionei anteriormente– a través da Inspección Tributaria. Os procedementos da Inspección requiren de máis tempo e de maior especialización e teñen por lei un período superior para rematar coa denominada acta de inspección. Non hai que esquecer que a Inspección, na maior parte dos casos, non parte dunha autoliquidación, senón que leva a cabo investigacións e cruzamentos de datos que permiten detectar os feitos impositivos non declarados polos contribuíntes. No ano 2014, o importe detectado pola Inspección foi de 32,8 millóns de euros, o que representa o dobre que no ano 2013.

En total, pois, señorías, o importe detectado no ano 2014 foi de 181,3 millóns de euros, é dicir, 31 millóns de euros máis ca no ano 2013, é dicir, un 20 % máis. Estes resultados son froito do esforzo do persoal da Atriga, a quen quero recoñecer publicamente o seu traballo.

Polo tanto, señorías, este goberno está a loitar contra a fraude fiscal con todo o seu empeño, porque non debemos esquecer –como xa dixen– que loitar contra a fraude permite obter os recursos que necesitamos para facer fronte ao financiamento dos nosos servizos públicos. Non é certo, pois, que non se reduciara o importe respecto do detectado en 2014, senón que se aumentou nun 66%, un 20 % en concreto, pasando de 150 millóns de euros a 181. Non é certo que os labores de control sexan unicamente os realizados pola Inspección, senón que tamén intervén a Xestión Tributaria. O importe resultante de actas da Inspección duplicouse respecto do ano 2013. Tampouco é certo que o Plan xeral de control estableza directrices xerais, como moitas veces se ten comentado e como se adiantaba na súa pregunta por escrito.

Porque, cando analizamos as actuacións e o previsto no apartado “actuacións preferentes”, non podemos avanzar máis por cuestións de prohibición legal que existe ao respecto, como saben, coñecen vostedes, tanto polo que se refire á Lei xeral tributaria como ao seu regulamento.

E, finalmente, a Xunta de Galicia ofrece os datos sempre derivados da actividade da loita contra a fraude fiscal de forma pública, tanto a través da súa web como comparecendo neste Parlamento, que así o ten xa solicitado, e espero que canto antes poida comparecer ante vostedes na Comisión 3ª o director de Atriga.

Por todo o dito anteriormente, moitas grazas a todos vostedes. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Grazas.

Grupos que queiran intervir.

Grupo Mixto. Señora Martínez.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** Grazas, presidenta.

Bo día, conselleiro.

Di vostede que dende Atriga se mellorou a información ao contribuínte, non aos contribuíntes, é dicir, información ao contribuínte para que faga as súas declaracións, pero non información sobre a fiscalidade galega, nin sobre a fraude

que se dá no noso país. Polo tanto, non ten nada que ver o que acaba de afirmar co que estamos falando.

Falaba vostede tamén do grande éxito do Plan 2012, supoño que pola cantidade de xente, máis de 31.000 persoas, que se acolleron á amnistía fiscal do señor Montoro —aí aflorou bastante diñeiro—, e esas son as súas actuacións para acabar coa fraude fiscal: unha amnistía para os defraudadores, que non lles conceden, por exemplo —aínda están pendentes de se llela conceden ou non—, aos traballadores do sector do transporte da folga do 2011. Pero, claro, vostedes amnistían os seus amigos, o pobo queda fóra das súas amnistías.

Di vostede que cando o director da Axencia Tributaria compareceu ante o Parlamento e se negou a dar información amparándose no carácter reservado, vostede tamén nos di aquí que teñen carácter reservado, e por iso este Parlamento non pode ter determinada información, pero eu entendo que non se pode dar o nome das persoas investigadas ou, mellor, o das empresas que se están investigando, pero si se pode falar do número de investigacións realizadas sobre grandes fortunas, grandes corporacións. Pódese falar do tipo perseguido, cantos delitos de cada tipo se están perseguindo, pódese falar da cantidade sobre a que se supón que inflúen ou repercuten eses delitos. E tamén, rematadas esas inspeccións, pódese facer público o resultado das mesmas, incluído o nome das persoas, empresas, corporacións que defraudaron e o tipo de delito que cometeron e a cantidade defraudada. Pero vostedes calan todos amparándose nese carácter reservado, que non é máis que intentar non dicir a verdade ou dicir só a parte que a un lle interesa.

Segundo informou nesa comparecencia do ano pasado sobre o ano 2013, comprobáronse 230.000 de 441.000 liquidacións de impostos e taxas autonómicas. En 30.500 casos detectáronse erros ou fraude, porque non é o mesmo os erros que a fraude. Vostede agora na súa exposición volveu mesturar todo, os que teñen declaracións incorrectas cos que foron inspeccionados. Para vostede todo o venden como fraude, pero o realmente importante é que o que se recada cada día vía Inspección é con moita diferenza moito menor que o que se recada por outras vías de revisión.

A disparidade desas cifras, entre o que se recada por revisión de autoliquidacións e o que se recada por investigación da fiscalidade, déixanos moi clara a falta de compromiso do

Partido Popular na loita real contra a fraude. Como dicía xa o voceiro do Partido Socialista, normal, porque vostedes teñen gran parte dos seus afiliados e dos cargos públicos metidos de cheo en delitos de fraude fiscal, incluído o señor Rato, pero incluídos outros tantos que rondan os 700 cargos públicos que están sendo investigados ou que están pendentes de xuízo por fraude fiscal.

Pero tamén fala esa intervención da falta de compromiso coa transparencia, igual que se plasmou onte cando debatíamos sobre o informe do Consello de Contas, onde se rexeitaron todas e cada unha das propostas encamiñadas a facer máis transparente a fiscalidade galega.

Por outro lado, a falta de datos do noso país —inda que despois citarei algún—, o 20 % dos contribuíntes máis ricos do Estado acapara o 44 % dos ingresos declarados. Ademais, son os que máis fraude fiscal cometen. As grandes fortunas e grandes empresas concentran o 72 % da fraude fiscal, máis de 42.000 millóns de euros. E vostedes dedícanse a perseguir o desempregado que fai unha chapuciña sen declarar. Están perseguindo os pensionistas, que estaban hoxe aí concentrados, reclamándolles aos pensionistas, que teñen unha pensión de miseria, que paguen a Facenda, mentres deixan totalmente impunes as grandes fortunas e as grandes corporacións.

Os técnicos da Axencia Estatal piden máis esforzo para perseguir as multinacionais e as grandes compañías, para que se concentre nesas investigacións a maior parte dos recursos e dos esforzos da Axencia Tributaria, porque ata agora o 80 % se dedica precisamente a perseguir eses desempregados, pensionistas e outras persoas que non teñen realmente un valor serio sobre a fraude fiscal.

No coeficiente de Gini, que é unha medida de desigualdade —como vostede sabe— para medir desigualdades, entre outras cousas, dos ingresos, establécese entre 0 e 100, onde 0 é a perfecta igualdade e 100 a perfecta desigualdade. O Estado español ten un índice do 35,1 no ano 2012, é o país da Unión Europea con máis desigualdade despois de Letonia, co 35,7; e o promedio da eurozona é o 30,5.

Polo tanto, estamos falando non só de fraude, senón da desigualdade que se establece a través desa fraude e que vostedes se negan a perseguir.

Segundo Oxfam, menos de medio millón de españois acaparan máis riqueza que os 33 millóns de españois restantes. O 1 % posúe máis bens que o 70 % menos afortunado. O sistema fiscal español, segundo esta mesma organización, favorece a desigualdade, como temos falado neste Parlamento moitas veces.

En maio do 2013 a OCDE colocaba España no punto de mira e dicía que era o país da eurozona con máis desigualdade e que crecieran ademais as diferenzas entre o ano 2007 e 2010. O informe do ano pasado da OCDE sinala que o 1 % da poboación española con maiores ingresos acumula o 8 % de todas as rendas.

Por iso, por xustiza social, é imprescindible perseguir a grande fraude fiscal. A fraude fiscal en Galiza sitúase, segundo os datos de Gestha, o sindicato dos técnicos, un punto por riba da media española, un 25,6 %, fronte ao 24,6 % do resto do Estado, e representa 14.100 millóns defraudados en Galiza. Ademais, a bolsa de fraude fiscal tense incrementado en catro anos en case 6 puntos, é dicir, durante o seu goberno.

Para unha loita eficaz contra a fraude fiscal é necesario incrementar os medios humanos e técnicos e centrar as actuacións nas grandes fortunas e nas grandes empresas, para combater a fraude e a evasión, fronte á planificación actual, que se centra, como xa dixen, nos que xa están controlados, nas persoas asalariadas, pensionistas e autónomas.

Pero, por outro lado, a min quedame aí unha pregunta e quero ver se vostede ma responde. E é o que fixo a Xunta, a que dedicou os case 3,5 millóns de euros que foron recadados de contas de abintestatos. ¿A que os dedicou? Porque non temos ningunha información dese tipo, e aí a Xunta non declara impostos, non se lle aplica a fiscalidade como ao resto dos galegos e das galegas, que se lles aplica polas herdanzas recibidas, pero tampouco hai unha explicación da Xunta de a que dedicou todos eses bens inmobiliarios ou cartos directamente ingresados.

No 2014, sen embargo, os galegos pagaron á Xunta máis de 170 millóns polas herdanzas recibidas. É a cuarta comunidade que máis ingresa, e representa o 8,2 % do total do Estado. Tal é este gravame en Galiza que 5 herdeiros se ven obrigados a renunciar cada día aos legados das súas familias; no

primeiro trimestre do ano pasado 930 galegos e galegas dixeran que non ao patrimonio herdado; en 2013 a cifra foi de 1.683; e segue subindo.

O Plan xeral de control tributario 2014 non incluía medidas efectivas para...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Vaia rematando, por favor.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** ...—vou rematando— a loita contra a fraude destas fortunas.

De aí que o Plan de control tributario non servirá para reducir a economía mergullada, xa que, no mellor dos dous anos, o ano 2014, só se conseguiu que aflorara o 23 % da fraude fiscal.

Polo tanto, está claro que non hai ningún éxito que vender. Ademais, vostedes deberían de ser os máis interesados para loitar contra a fraude fiscal, porque...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Martínez.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** ...xera descompetencia, falta de seguridade laboral...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** ...e problemas de pensións.

Nada máis, moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señor Jorquera.

**O señor JORQUERA CASELAS:** Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, deputados e deputadas.

En ningún Estado do mundo cun mínimo de cultura democrática acontece o que acontece no Estado español, que o

partido que dá soporte ao Goberno é sospeitoso cando non hai evidencias moi claras de que se financiou irregularmente durante anos e que o ex vicepresidente do Goberno e ministro de Economía é sospeitoso de fraude fiscal e branqueo de capitais, e aquí non pasa absolutamente nada. Niso debe de consistir a famosa “marca España”.

Pero, dito isto, e centrándome no debate desta interpelación, esta interpelación, como manifestou o señor Méndez Romeu, é coincidente, cando menos na exposición de motivos, cunha proposición non de lei do Grupo Socialista que foi debatida e votada e rexeitada pola maioría do Partido Popular o pasado xoves na Comisión 3ª deste Parlamento. Por tanto, inevitabelmente vou reiterar algún dos argumentos dados naquel debate.

O Parlamento de Galiza acordou, en distintas ocasións, intensificar a loita contra a fraude fiscal, sen ir máis lonxe, no último debate de política xeral sobre o estado da nosa nación. Aprobouse daquela por unanimidade unha resolución, froito dunha transacción entre o Grupo Popular e o BNG, co seguinte texto –vouna ler textualmente–: “O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a conceder unha importancia prioritaria á loita contra a fraude fiscal. En particular, debe ser obxecto dunha actuación prioritaria e específica por parte da Axencia Tributaria Galega a persecución das distintas formas de fraude, evasión e elusión fiscal practicadas polas grandes empresas e os grandes patrimonios”.

Pero, por moito que acordásemos conceder unha importancia prioritaria á loita contra a fraude fiscal, estamos a 15 de abril e o Plan xeral de control tributario para este ano aínda non foi publicado e o do ano pasado houbo que esperar ao 28 de maio para coñecelo. E por moito que acordásemos a persecución das distintas formas de fraude, evasión e elusión fiscal practicadas polas grandes empresas e os grandes patrimonios como unha actuación prioritaria, a información dispoñíbel non permite avaliar nin os esforzos realmente realizados neste eido nin os resultados, resultados que, en calquera caso, e á vista dos datos anticipados por vostede, parecen ben modestos.

Ben, para o BNG a fraude fiscal debe de ser o seu combate –insisto–, unha tarefa total e absolutamente prioritaria. Como temos manifestado en moitos debates, nin no Estado español nin na Galiza, fronte á crenza que pretende instalar

a dereita, existe un problema de gasto público excesivo, nin existiu nunca. O gasto público por habitante na Galiza e no Estado é sensibelmente inferior á media europea. O que si temos é un problema de déficit de ingresos fiscais, por mor dun sistema impositivo inxusto, que fai recaer o esforzo fiscal sobre todo nas rendas medias e baixas e, en particular, nas rendas do traballo, e por mor dun volume de fraude fiscal sinxelamente escandaloso.

Fíxose alusión por parte dos intervinientes que me precederon a informes de Gestha. Un informe de Gestha do ano 2011 sinalaba que o volume de fraude fiscal no Estado español era nese ano dez puntos superior á media europea. Ese estudo estimaba o impacto da fraude fiscal no Estado español nun 23 % do PIB, fronte ao 13 % da media europea; é dicir, no Estado español deixábanse de recadar ao ano, froito da fraude fiscal, case 60.000 millóns de euros. Simplemente reducindo a economía somerxida en dez puntos para equiparar a media europea, a recadación no conxunto do Estado incrementaríase nada máis e nada menos que en 38.577 millóns de euros. Pero, ademais, segundo outro informe de Gestha publicado o pasado ano, o volume da fraude fiscal, lonxe de corrixirse, segue incrementándose. No conxunto do Estado elévase xa ao 24,6 % do PIB e na Galiza está situado no 25,6, un punto por riba da media estatal.

E por moito que as competencias de Galiza nesta materia sexan moi reducidas, cremos que é imprescindible que no ámbito das súas competencias a Xunta incremente e reforce a loita efectiva contra a fraude fiscal. E cremos que é imprescindible tamén que haxa transparencia, que exista un control parlamentario real sobre a actuación neste eido. De feito, o BNG, tanto en pleno como en comisión, propuxo a creación dunha comisión de estudo sobre a fraude fiscal e as accións necesarias para combatela, e o Partido Popular, como nos ten acostumados, utilizou a súa maioría de bloqueo para impedir que se crease.

Por iso, compartimos que a Xunta debe presentar ante o Parlamento un informe previo á aprobación dos plans anuais de control tributario e debe aumentar substancialmente a información facilitada.

Pero permítanme que dea argumentos a maiores para apoiar os argumentos dados polo autor desta interpelación, polo

Grupo Socialista. Como, por exemplo, os datos da recadación do ano 2014. Se excluimos Euskadi e Navarra, que teñen outro réxime fiscal, se facemos a comparativa coas comunidades autónomas que forman parte do réxime común, resulta que Galiza foi a segunda comunidade no Estado español na que a recadación tivo un peor comportamento. En todas as comunidades, agás Cantabria, aumentou a recadación, pero onde menos aumentou foi en Galiza. E se examinamos especificamente a recadación do IVE, o principal imposto sobre o consumo, Galiza ocupa tamén o segundo posto pola cola.

¿Que quere dicir isto? O que debatemos hoxe mesmo na sesión de control na pregunta ao presidente da Xunta: que a economía galega está en encefalograma plano, que non se reactiva o consumo, que a demanda interna medra na Galiza moi por baixo do que está medrando no conxunto do Estado.

O balance da recadación en 2014, polo tanto, é unha razón máis para reclamar a necesidade dun cambio radical na orientación das políticas económicas da Xunta de Galiza, pero tamén é unha razón máis para demandar que se intensifique a loita contra a fraude fiscal, concentrada naqueles que máis teñen, na persecución por tanto das distintas formas de fraude, elusión e evasión fiscal practicadas polas grandes empresas e os grandes patrimonios. Porque, ademais, todos os datos indican que é neste segmento onde está concentrada a grande bolsa de fraude fiscal. Segundo distintos estudos, do volume total de fraude fiscal existente no conxunto do Estado español máis do 70 % é atribuíbel ás grandes fortunas e ás grandes empresas.

Compartimos, polo tanto, os argumentos expostos polo Grupo Socialista e dado que esta cuestión xa foi debatida en forma de proposición non de lei na Comisión 3ª, creo que incluso podo anticipar xa o apoio do BNG á moción que presente o Grupo Socialista como consecuencia desta interpelación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Jorquera.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.  
Señor Ron.

**O señor RON FERNÁNDEZ:** Bo día a todos e a todas.

Con respecto á fraude fiscal, temos claro desde Alternativa Galega de Esquerda que non pode existir ningunha mostra de tolerancia, e non pode ser aceptable, ademais, cando a maioría das persoas padece as consecuencias dos recortes e da austeridade ultraliberal. Lembremos: unha taxa de paro do 20,9 %, case 265.000 persoas desempregadas e o 30 % das asalariadas por debaixo dos 700 euros, ademais das propias persoas empobrecidas en Galicia. Por iso, os movementos dos xestores do capitalismo son –como non pode ser doutra forma– hipócritas e cheos de vacilacións e, no fondo, permiten a opacidade e o comportamento ladrón das grandes empresas.

De feito, existe preocupación no Parlamento Europeo, e decidiron mesmo o 12 de febreiro de 2015 crear unha comisión parlamentaria especial sobre resolucións fiscais e outras medidas de natureza e obxecto semellantes. A mesma preocupación non existiu neste Parlamento, xa que o Partido Popular votou en contra dunha proposta que traía o BNG destinada a crear unha comisión de estudo non permanente sobre a fraude fiscal. Europa está preocupada e nós, non. Algo ten vostede que dicir ao respecto.

De feito, esta comisión estudará as resolucións fiscais desde 1991 ata a actualidade e ten o fin de achegar solucións para combater as prácticas fiscais de elusión, reforzar a cooperación administrativa entre os servizos fiscais e traballar en acordos de cooperación máis ambiciosos no relativo a transparencia, con esas rexións onde reina a opacidade e a complicitade, en palabras do eurodeputado popular Alain Lamassoure, presidente desta comisión especial.

Nós entendemos que é preciso coñecer cal é a verdadeira dimensión da evasión e da elusión fiscal, e esa debe ser unha obriga da Atriga, para loitar de forma eficaz contra ela. En todo caso, non podemos aceptar ningunha actitude morna nin febleza contra a evasión e a elusión fiscal.

Recoméndolle –seguramente xa tivo ocasión de lelo– o último informe de Oxfam Intermón de marzo de 2015, chamado *A elusión fiscal*. Demasiadas sombras na fiscalidade das grandes empresas, onde aí asistimos eu penso que a suficientes probas de que, se seguimos por este sendeiro de roubo tolerado, asistiremos a unha total destrución da pro-



tección social, dos servizos públicos, que deben ser garantidos pola Administración pública.

O que debe facerse xa é prohibir de forma directa as actuais prácticas que os xestores do capital chaman optimización, e que tributen o que establece a lei, porque para nós a optimización é un dobre roubo legalizado: por unha banda, roubo da plusvalía xerada pola clase traballadora do país en que exerce a súa actividade unha empresa determinada, e, por outra banda, o roubo do diñeiro que debera reverter en procesos de redistribución da riqueza e no afortalamento dos servizos públicos. A ética democrática implica certamente a necesidade de que estas prácticas fiscais se sancionen e que as persoas culpables coñezan o peso da xustiza.

Como se recolle na iniciativa do Partido Socialista, o último plan coñecido é o que se publicou no DOG do 28 de maio de 2014, cando a dirección da Axencia Tributaria daba a coñecer os criterios xerais do Plan xeral de control tributario 2014. Xa tivo AGE a ocasión de denunciar eses criterios, porque esquecía recoller unha decisión unánime do Parlamento de Galicia, do 12 de novembro de 2013, na que se solicitaba introducir no Plan xeral de control tributario 2014 un plan específico para controlar fiscalmente as operacións mercantís e transmisións patrimoniais realizadas polos grandes patrimonios e así evitar a fraude fiscal. O Plan do 2014 contén así liñas grosas de actuación e non concreta nada, e considerando, ademais, como vén anunciado no dito plan, que o obxectivo é centrarse na loita contra a fraude fiscal, é preciso prestarlle moita máis atención e é preciso que nos deteñamos un pouco.

Economistas como Manuel Lago xa estudaron as consecuencias negativas para os ingresos das arcas públicas da brutal caída do imposto que grava o beneficio das empresas, o imposto de sociedades. Existe unha permisividade que choca precisamente cos incrementos dos impostos indirectos que gravan o consumo, IVE e outros impostos especiais, e que atacan a todas as persoas por igual, aos ricos e aos empobrecidos, e logo os incrementos do IRPF, que atacan sobre todo as rendas do traballo, quedando as do capital practicamente inmutables.

Mentres, a tributación directa sobre os beneficios empresariais cae —e aí está a trampa—. A realidade, é dicir, figura na lei o 30 % para as grandes empresas que facturan máis de 10 millóns de euros e 25 % para as demais. ¡Ah!, pero resulta

que a realidade é que, despois de deducións, axustes, correccións, consolidacións e outras estratexias de optimización, permítese que as empresas —e canto máis grandes e agrupadas, peor— tributen de media entre o 5 %, 5 % os grupos consolidados, e o 16 % pemes e grupos non consolidados.

Para nós isto é un roubo sistemático —insistimos—. Segundo o informe elaborado por Gestha e a Universidade Rovira i Virgili, a economía mergullada pasa factura. Di que no Estado hai 1.625 persoas súper ricas. Pois ben, grandes fortunas e grandes empresas contribuíron a que se defraudasen 42.711 millóns de euros no 2010, un 72 % do total.

E iso, que foi causado por oligarquías e gobernos cómplices, foi precisamente a argumentación existente que se usou para dicir que non había diñeiro nas arcas públicas para contribuír a afortalar os servizos públicos e que era preciso realizar axustes, isto é, atacar dereitos de todo tipo, relegar á precarización e á inestabilidade e empobrecer e desprotexer socialmente a poboación.

A Atriga anunciou en febreiro de 2015 que detectou 50,7 millóns de euros de importes non declarados, e a través do novo conselleiro de Facenda, de vostede, deu lectura a unha serie de números con vistas a eloxiar a acción inspectora da Axencia nesa loita. No entanto, como xa dixemos, hai carencias e eivas e hai unha necesidade manifesta de que as liñas de investigación se orienten cara aos grandes patrimonios, cara ás estratexias elusivas dos grupos empresariais, e tamén de ver como nos responsabilizamos desde Galicia da situación en que as ditas prácticas deixan os países máis empobrecidos, porque se están producindo estratexias de elusión fiscal que erosionan a capacidade dos países, por exemplo, de Latinoamérica.

En Galicia 14.100 millóns de euros, 25,6 % do PIB, non pasa polos controis fiscais pertinentes. Polo tanto, está claro que falta unha estratexia global e que asistimos simplemente a feitos parciais; está ben, pero non chega.

Falta compromiso do Executivo para dotar de recursos humanos e materiais, porque, se non, non se poderá atacar na súa dimensión todo o problema da evasión e da elusión fiscal, unha legalizada, ilegal —a evasión—, e outra que aproveita precisamente a permisividade da lei, e esa é a que está carente de ética. Calquera empresario que aproveita as mar-

xes da lei para non tributar o que debe tributar no país actúa de forma non ética, de forma inmoral, porque o máis insolidario é precisamente iso: aproveitarse do esforzo dos traballadores e traballadoras para lucrarse a si mesmo, pero leválo ademais a un paraíso fiscal. Sabemos que hai moitísimas estratexias de elusión fiscal, abusos nos prezos de transferencia, préstamos intragrupo ou deslocalizar intanxibles.

E vou citar estes dous exemplos, porque afectan por exemplo a Ikea, que ten unha tenda na Coruña e que conta cunha sociedade en Holanda, que é convertida Holanda nun verdadeiro paraíso fiscal, e que ten unha fundación en Luxemburgo. A sociedade matriz e as filiais como a da Coruña deben pagar un 3 % do seu volume de facturación en concepto de licenza de uso á sociedade rexistrada en Holanda, que despois a remite a Luxemburgo. Así, millóns de euros que escapan do fisco, unha inxente contía de millóns de euros. A educación democrática implica que se explique á cidadanía galega qué se agocha en realidade detrás da política de prezos desta compañía.

E o mesmo acontece...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Vaia rematando.

**O señor RON FERNÁNDEZ:** ...—vou ir rematando— co grupo Inditex, que conta con dúas filiais en Holanda e outra en Suíza, onde presta servizos de consultoría e factura por dereitos do uso da marca. Pois ben, con esta estratexia, tres lugares que teñen o 0,14 % do total da plantilla xeran o 18 % do beneficio do grupo empresarial, a través de estratexias de elusión fiscal.

Polo tanto, só lembremos que 34 das 35 empresas do Ibex teñen 810 filiais en paraísos fiscais, no 2013, un 44 % máis que no 2012, e neses paraísos hai 144.000 millóns de euros xerados polos esforzos dos traballadores e traballadoras deste país. E aí é onde hai que atacar.

Nós temos a obriga de estudar desde Galicia e traballar para evitar estas estratexias fiscais de elusión fiscal.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, grazas.

**O señor RON FERNÁNDEZ:** Temos que facer todo o posible, ten vostede a obriga de facer todo o posible para que o tra-

ballo dos galegos e das galegas reverta precisamente na redistribución e no afortalamento dos servizos públicos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Ron.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Moitas grazas, señor presidente.

Como dixeron varios dos portavoces que me precederon na palabra, estamos debatendo exactamente o mesmo que debatemos o xoves en comisión. Eu, porque o señor propoñente ou interpelante —mellor dito— dixo que estaba sorprendido porque votáramos en contra, quero lembrar que votamos en contra, entre outras cousas, porque tiña datos erróneos e ademais estaba baseada en prexuízos; de feito, tivemos un debate sumamente civilizado no que todos coincidíamos na loita contra a fraude e mesmo na última intervención do portavoz aludiu aquel, se non fose responsable deste tema, non tería aludido a determinadas cuestións que hoxe foron o eixe central da súa intervención.

Desde entón ocorreron dúas cousas, que eu lle recomendaba prudencia antes de dicir ou afirmar determinadas cuestións, cando xa no propio texto desta interpelación e da proposición de lei había erros manifestos e claros, que, antes de prexuízar o resultado dos labores de xestión e de inspección da Atriga deste ano, que esperara a coñecer os resultados. Porque non é certo que o conselleiro non aludira na súa comparecencia á cuestión da fraude fiscal, mesmo anunciou que os resultados previstos ían ser mellores.

Ben, desde entón coñecemos os resultados. Resulta que son mellores, resulta que se confirma que se fan máis revisións, non menos, como dicía vostede. Resulta que se detectaron máis millóns de euros —preto de 30— de débeda tributaria non declarada, tanto pola vía da Xestión como da vía da Inspección, e vostede, en vez de moderar o seu discurso, o que vén aquí pois é dicir cousas que si resultan sorprendentes pola súa falla de rigor. E, ademais, non só tiña varias, senón que engadiu algunhas.

Vostede afirmou literalmente aquí que coa crise crecera a economía mergullada. Non sei que estudos manexa. Eu dou-

lle, cando queira, un, por exemplo o do profesor Schneider, da universidade, un profesor alemán que fai os informes máis citados recorrentemente na doutrina. Recordo: a crise empeza no ano 2008, a economía mergullada en España é o 18,4 do PIB. No ano 2011, cando vostedes deixan o Goberno, ascendeu ao 19,2 e empeza a baixar –19,2, 18,6, 18,5, 18,2– no último ano coñecido, que é o 2015. ¿Cando creceu a economía mergullada en España? Cando gobernaban vostedes, coa crise, cando gobernaban vostedes. Desde entón descendeu.

Confunden varios dos que interviñeron o que é a economía mergullada co que é a débeda fiscal, cando todo o mundo sabe que a economía mergullada –unha boa parte–, se emerxera e contribuíra, non sería competitiva, polo tanto pecharía, e non se pode establecer unha relación directa entre recadación e economía mergullada.

Este sorprendente cambio de ton, bueno, de non corrixir os datos, e todas estas cuestións, eu, que son bastante cándido, vese acrecentada esta sorpresa porque sexa un portavoz socialista o que nos vén aquí plantexar cuestións sobre o cumprimento das obrigas fiscais.

Vamos ver. ¿Estamos a falar do mesmo partido que eliminou o imposto do patrimonio en España? ¿Estamos a falar do mesmo partido que no imposto da renda reduciu a progresividade, con deducións lineais a todas as familias con independencia dos seus ingresos? ¿Estamos a falar do Partido Socialista que, en relación co imposto de sociedades –e leo e cito literalmente–, fixo o seguinte?: *“Coincidiendo con la gravísima crisis en los cielos españoles derivada del plante de los controladores aéreos, se optó por conceder un beneficio fiscal exclusivo para las grandes empresas. La idea era sencilla: las nuevas inversiones se podían amortizar libremente, es decir, se podían pasar a gastos de golpe. Esto quiere decir que, si una empresa tiene que comprar un edificio por 100 millones, podía pasar a gastos no su desgaste, es decir, 2 millones al año, sino los 100 millones de golpe. Esto suponía que ese año no pagaba el impuesto de sociedades”*. Di esta cita, que é máis grave, cando hai investimentos fixos todos os anos, por exemplo nas compañías eléctricas: *“No ejecutaban más inversiones, sino solo las que tenían que realizar, porque era su negocio. Lo único que ocurría es que todos los años pasaban más cuantías a gastos, pero solo a efectos fiscales”*. E continúa este autor:

*“Aunque la caída recaudatoria en el año 2011 se había producido en el impuesto de sociedades y teniendo en cuenta que las grandes empresas ya pagaban unas tasas efectivamente muy pequeñas, lo que se hizo fue reducirles los impuestos y permitirles reducir plantillas. Que la vicepresidenta Elena Salgado acabase trabajando para la filial chilena de una de las empresas beneficiadas por esta medida a lo mejor fue una casualidad. Lo que sin duda no lo fue es que, dada la falta de seriedad con la que se abordaron estos problemas, el déficit de 2011 fuera casi tan elevado como el de 2009”*. Isto é unha cita dun libro que vostede coñecerá, de Francisco de la Torre, coñecido inspector de Facenda: *¿Hacienda somos todos?*, que é un libro que é moi vendido, polo tanto, que é moi coñecido.

Sorprendente como trata a esquerda a amnistía fiscal. Eu xa expliquei que unha cuestión é a revisión de Xestión: hai unha declaración, pero non por toda a contía que hai que declarar; o que é a Inspección, que é o que non se coñece, e que hai que investigar, e aflorar; e despois hai, efectivamente, xente que defraudou e que a Inspección non detecta. Esa foi a amnistía que fixo o Partido Popular, eu non a defendín aquí nunca, e expliqueina pola crise.

Neste caso, a amnistía fiscal que vostede menciona –mencionaron varios portavoces– resulta que aflorou 1.200 millóns de recadación nun ano, 40.000 millóns que tributan todos os anos, polo tanto, que se incorporan ao circuíto da economía non mergullada, e que tributan anualmente, o 4% do PIB.

Ben, eu non sei se as súas señorías de esquerda saben cal foi, no paquete que aprobou o Goberno grego, o novo Goberno de esquerda radical, que acaba de tomar posesión en Grecia, a primeira decisión que adoptan: un paquete de medidas entre as que se inclúe unha amnistía fiscal. Doulle os datos. Primeira medida: amnistía fiscal. Comunícaselles a todos os que teñen débedas coa Facenda grega para axilizar a recadación e cumprir coas obrigas que teñen na negociación polo déficit por Europa, son invitados por correo a aboar as súas débedas sen pagar intereses e sen pagar ningunha sanción. Recadaron nada máis que 147 millóns de euros, e o señor Varufakis di que foi un grande éxito porque regularizaron 247.000 contribuíntes gregos que tiña detectados a Facenda grega, polo tanto, que estaban coñecidos que defraudaban, e simplemente fixo iso.

Bueno, isto é unha amnistía fiscal. É certo que nós fixemos unha algo semellante con isto, que foi xente que detectara a Inspección que non pagara e que tiña sancións e que tiña intereses que pagar, é certo que nós tamén lles sacamos os intereses para que regularizasen a súa situación sen as cargas adicionais dos intereses e as multas, que foron o colectivo de emigrantes retornados, ao que aquí se aludiu xusto para dicir que estamos facendo con eles o contrario. (*Aplausos.*)

Bueno, evidentemente, a fraude está no IRPF, en sociedades, no IVE e nalgúns impostos especiais. Se falamos con rigor, iso é o que hai. É bo que iso sexa competencia estatal. Mesmo algúns países de longa tradición federal saben que para perseguir a fraude disto son necesarias axencias que controlen o conxunto do mercado, e por iso estase incrementado tamén a cooperación a nivel europeo.

Nós temos unha modesta Axencia Tributaria, porque ten competencias sobre os impostos propios e cedidos, que, como todos sabemos, son unha pequena parte do conxunto dos ingresos da Comunidade Autónoma. Ben, acaban de facerse públicos os resultados: 260.000 comprobacións, un 13 % máis que o ano pasado; o 87% dos galegos cumpren; 181 millóns detectados, un 20 % máis; aprazamentos estanse dando para a xente que ten dificultades. E, polo tanto, o que é sorprendente é que vostedes sigan con eses prexuizos, uns prexuizos que chegan ao punto de dicir que non se cumpren as resolucións unanimemente en contra da fraude fiscal que aprobamos nesta Cámara.

Eu comprendo que, cando un está en parlamentos paralelos e de cachondeo na rúa, non lea o *Diario Oficial*, pero o certo é que, hoxe mesmo, o *Diario Oficial de Galicia* (*Aplausos.*) o que publica é —curiosamente hoxe— o Plan xeral de control tributario. No presente plan dáse cumprimento á resolución número 4 do debate anual de política xeral, celebrado en sesión de 2014, que instaba a Xunta a conceder unha importancia prioritaria á loita contra a fraude fiscal e, en particular, a perseguir a evasión e elusión practicada polas grandes empresas e grandes patrimonios. Vostedes terán ocasión de ler —se queren— cal é o plan, e verán como está aí detallado o cumprimento da proposta de resolución.

A min o único que non me parece sorprendente a estas alturas do debate é a falla de rigor. A fraude fiscal todos sabemos que depende de distintas variables. Unha das principais

é a conciencia fiscal de que hai cumprimento das obrigas fiscais. O dato deste ano é que practicamente o 90% dos galegos cumpren as súas obrigas fiscais, e o dato deste ano é que que en Galicia cada vez os que defraudan, ou ben ocultando parte ou todas as súas operacións económicas suxeitas aos tributos galegos, son inspeccionados e acaban e rematan tamén por pagar.

Vostedes poden seguir dicindo constantemente que en Galicia...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Vaia rematando.

**O señor PUY FRAGA:** ...non se persegue a fraude fiscal. O que lle están é facendo un fraco favor á conciencia fiscal.

Nós, conselleiro, agradecemos a responsabilidade, agradecemos o rigor e animámolo a que siga polo camiño da responsabilidade e do rigor na persecución da fraude fiscal.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Puy.

Réplica. Señor Méndez Romeu.

**O señor MÉNDEZ ROMEU:** Señor presidente, señorías.

Señor Puy, eu entendo que hoxe vostede veña cunha certa indignación moral, pero non acabo de ver o motivo. Vostede debería de estar indignado contra os grandes defraudadores; vostede debería de estar hoxe, como está todo o país, boquiaberto co que o señor Rato se teña beneficiado da amnistía fiscal. (*Aplausos.*) Ou sexa, que a amnistía fiscal, como dixemos dende o primeiro día, foi deseñada a medida dos amigos, e iso a vostede moléstao, que se descubra.

Pero mire, señor Puy, fala vostede do que pasou na comisión. Voulle ler o que vostedes se negaron a aprobar en comisión, que era moi simple, moi modesto —xa o dixen—: a) Incrementar a loita contra a fraude fiscal. b) Presentar no Parlamento un informe previo á aprobación. c) Establecer obxectivos xerais e singularizados por figuras tributarias. d) Aumentar a información. e) Dar conta do grao de execución. E votaron que non. ¿Como me pode falar vostede de transparencia logo de votar que non a este mínimo?

Señor conselleiro, por certo, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) lea o *Diario de Sesións* e comprobe o que dixo aquí o seu director xeral, que non se parece en nada ao que vostede cre que dixo.

Señor Puy, ¡oia!, fonte sobre a fraude fiscal, eu citeille uns datos, son do sindicato ou a organización Gestha, técnicos da Facenda pública.

E logo sobre os emigrantes retornados, señor Puy, tiven que saír hai un momento a dialogar cos que se están manifestando por centenares, e estanse manifestando porque consideran que un ano máis tarde dun acordo unánime no Parlamento, promovido por este grupo, vostedes non cumpriron nada máis que unha cativa parte, e logo de ter feito sobre eles unha inspección masiva e planificada. Pero ¿como non van vostedes aí explicárllelo?

Señor conselleiro, coa prudencia característica dos documentos oficiais, o informe do Ministerio de Facenda que citei anteriormente mesmo lles fai unhas recomendacións do que teñen que facer, están aí. Vostedes, cando informaron dun incremento de 150 millóns de euros nos ingresos por tributos propios como consecuencia do labor da Axencia, ese informe do Ministerio estima que se reduciu nun 1 % da tributación dos ingresos cedidos. ¿En que quedamos? ¿Subiron 150 millóns ou baixaron un 1 %? É certo que os datos son contraditorios, porque a Xunta estima á baixa os ingresos por tributos cedidos cada ano, e así os pode mellorar na liquidación, sen que se saiba o peso relativo das autodeclaracións e das inspeccións.

Durante a crise a fraude medrou en toda España, señor Puy —iso é o que din os datos da Facenda—, e ademais medrou e están estimados os datos por provincias. Os expertos —e vostede disto si que sabe moito máis ca min, voullo lembrar, porque se lle esqueceu dicilo— recomendan maior coñecemento dos datos mediante estudos oficiais —na Xunta non se coñece ningún—, mellor integración dos datos fiscais das distintas administracións, maior dotación de persoal técnico —vostedes reducírono— e maior concienciación social. Esta é a doutrina da loita contra a fraude fiscal. A Xunta actúa paseniñamente contra da fraude, ineficiencia como característica do Goberno.

Vostedes rebaixan o gasto público, ademais, o gasto social especificamente, 500 millóns de euros, e non teñen ningún

interese, como viamos esta mañá, polas consecuencias que iso ten nas xeracións máis xoves.

Señor conselleiro, claro que se pode facer máis, pero non se pode facer máis en materia tributaria con menos persoal. Vostedes, na oferta pública do emprego do ano 2015, que tamén depende de vostede, non hai nin un só posto para a Axencia Tributaria; eses son os datos que están publicados.

A máxima presión fiscal que vostedes impoñen sobre os traballadores deste país non se corresponde coas actuacións sobre as rendas do capital, empresas e grandes fortunas. Se a desigualdade fiscal con vostedes medrou escandalosamente, a desigualdade fiscal non lle vai á zaga. Ese non debe ser o camiño. Necesitamos unha reforma fiscal distinta, unha reforma fiscal que non grave exclusivamente sobre os traballadores e as clases medias e que exixa máis dos que máis teñen.

Con vostedes, os traballadores nestes anos pasaron a pagar 23.000 millóns de euros máis cada ano en impostos, deles 20.000 en impostos directos, mentres, iso si, cando defrauda o Partido Popular, asemelláno ás ONG que realizan un labor social. ¡Oia!, por encima do escándalo, escarnio, non.

Señor conselleiro, o uso tramposo dos datos...,

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Remate, por favor.

**O señor MÉNDEZ ROMEU:** ...o engano repetido durante estes anos está ao descuberto. Esta mañá quedou de manifesto a insensibilidade do presidente da Xunta, no caso dos xoves. Hoxe, todas as familias galegas reciben a máxima presión fiscal e, sen embargo, reciben menos servizos públicos e prestacións que no pasado. Velaí o seu balance. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Méndez Romeu.

Turno de peche. Señor conselleiro de Facenda.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Grazas, señor presidente.

Nas distintas intervencións, sinaladamente tamén polo grupo interpelante na primeira interpelación que chegou á Conse-



llería e que tamén fomos preparando, hai algunhas cuestións que se acaban de introducir por vostedes nestes momentos, como é lóxico.

Permítanme que, tratando de recuperar un certo rigor –que tamén foi a palabra bastante utilizada–, me cinga ao que son as competencias propias. Tamén temos opinión, por suposto, en todas e cada unha das cousas que foron avanzando, porque estoume dando conta de que somos un pouco afeccionados ás metonimias e a coller a parte polo todo, ¿non? Vou tratar de cingirme ao que son as nosas competencias.

E as nosas competencias, os datos que acabo de adiantar anteriormente, creo que poñen de manifesto unha cousa: é que contamos cuns profesionais magníficos na Atriga. Resulta que estamos por riba do 50% do potencial que podíamos estar investigando, e resulta que os resultados que estamos obtendo son máis que satisfactorios, como consecuencia tanto do Plan xeral como do plan especial que foi levado a cabo no ano 2014. Esperamos, unha vez máis, que eses plans se vaian concretando no ano 2015 de xeito similar.

Porque, como moi ben se sabe, todo o labor de inspección ao final significación recadación, recadación que permite financiar os servizos, e, por exemplo, no ano 2014, había unha estimación de 401 millóns de euros, que quedaron ao final en 475, que, se descontamos un caso moi puntual..., serían 411. É dicir, non facemos tan mal o noso traballo, facemos bastante ben o noso traballo.

Polo que se refire ao plan, o Plan xeral de control para este ano, eu creo que debemos avanzar un pouquiño máis no plan xeral. Porque tamén se comentou por algún grupo –como tamén sinalaba o portavoz do Partido Popular–: é bo ler tamén ás veces os DOG, ¿non? No DOG do día de hoxe contéñense os criterios xerais, resolución do 30 de marzo –o ano pasado publicárase, como moi ben se dixo, en maio; este ano xa estamos no 15 de abril, esperamos avanzar–, e que quedan moi condicionados tamén estes criterios xerais porque tamén temos que ter nas nosas mans para ver nunha gran medida en que nos afecta o plan que tamén se aproba a nivel estatal. Como comprenderán vostedes, pode haber unha afectación tamén ao noso labor de actuación. O plan acábase de publicar en marzo; a resolución é de marzo, acábase de publicar agora. Polo tanto, pouco a pouco creo que todos imos ganando tamén por esa parte en eficiencia.

Pero é que cando miramos os plans e critican ás veces os criterios xerais, que son relativamente etéreos –é a expresión que a veces teñen utilizado–, permítanme que concrete. Tanto o artigo 116 da Lei xeral tributaria como o 170 do regulamento, por unha parte, a necesidade de explicitación deses criterios, e, por outra parte, o que é o regulamento, que precisa moi moito que non nos pasemos de listos, e que queda prohibido chegar a determinados detalles, o único que pode facer é que, en vez de estar aflo-rando a fraude fiscal, resulta que esteamos contribuíndo a que determinados defraudadores se sintan como aleccionados no seu comportamento. Non será nunca ese o noso proceder.

Polo tanto, temos unhas actuacións preferentes e –como non pode ser doutro xeito– as actuacións preferentes coinciden coa nosa competencia, coa competencia estatutaria en materia de tributos cedidos que temos nestes momentos. E por iso centrámonos no que son os cambios de titularidade en bens inmobles, na constitución de concesións administrativas a un arrendamento de fincas urbanas, nos bens e dereitos que están situados no estranxeiro e, incluso, como unha cuestión de modelo como pode ser especial celo no tema dos impostos medioambientais e de xogo, e tamén os beneficios fiscais, porque se nos dotamos da figura dos beneficios fiscais, temos que ser moi coidadosos á hora da verificación de como se están aplicando.

Pero hai outro parámetro que foi introducido tamén aquí polo grupo, que é: ¿temos que falar moito da cuestión fiscal? Si. ¿Temos que ser transparentes? Totalmente de acordo. ¿Creo que o estamos facendo? Si. E creo que nos acordos aos que se ten chegado neste Parlamento é a primeira vez que neste Plan de control deste ano 2015 aparece a resolución que xa foi acordada aquí no pasado, é a primeira vez. E neste concepto –en patrimonios e empresas– de novo aparecen cinco grupos de actuacións moi concretas que mostran o proceder desta administración de acordo co que foi asinado no seu momento.

Polo tanto, é a primeira vez e hai actuacións sobre os grandes obrigados tributarios respecto do imposto de patrimonio –como non pode ser doutro xeito–. Temos que verificar os requisitos tanto das exencións dos bens e dereitos afectos á actividade empresarial. Temos que verificar os requisitos por esa redución do 99 % que temos prevista en ISD, no impos-

to de sucesións e doazóns. Temos que comprobar as estruturas empresariais...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Vaia rematando, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** ...constituídas para determinadas cuestións, etc., etc. É dicir, que ¿hai un cambio de garda de acordo con todos vostedes? Non, o que hai é unha profundización na institución máis inclusiva que pode haber, que é a primeira porque afecta aos bolsillos tanto dos cidadáns como das empresas, que é a política fiscal.

Polo tanto, os obxectivos fundamentais da Atriga mantéñense, que son dous –como dixen ao principio, curiosamente–: ¿mellorar a información? Si. Por iso imos mellorar toda a páxina e toda a información e asistencia aos contribuíntes a través dos novos mecanismos técnicos que temos nas nosas mans.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Iso é o que se chama control preventivo tamén, porque non hai soamente un control de carácter posterior, senón de control preventivo, que se completa con esta loita contra a fraude fiscal en distintas sensibilidades e etapas, e os resultados que estamos tendo vannos acompañando.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** ¿Debemos quedar conformes? Non. ¿Seguir profundando? Sempre. Oxalá contemos con vostedes nalgunhas das cuestións que acabo de reflectir hai un momento.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor conselleiro.

### **Alteracións da orde do día**

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Antes de suspender o Pleno ata as dezaseis trinta, comunicar unha serie de alteracións na orde do día.

Todo iso parece ser segundo falou a presidenta –que aquí mo deixou escrito– cos portavoces. *(Murmurios.)* Entón, en primeiro lugar, ás dezaseis trinta substanciáranse tres preguntas de sanidade; en concreto, a que se corresponde coa pregunta do deputado Juan Carlos González Santín, a que se corresponde con quen lles fala e a que se corresponde coa deputada Iglesias Sueiro; despois substanciárase a pregunta que formula dona Carmen Adán Villamarín; e despois retomaremos a orde do día coa interpelación do señor Fajardo. Isto é o que se acordou.

E, polo tanto, suspendemos o Pleno ata as dezaseis trinta.

*Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e cinco minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.*

**A señora PRESIDENTA:** Boa tarde de novo.

Reiniciamos a sesión.

Tal e como foi comunicado, reiniciamos a sesión coa pregunta de don Juan Carlos González Santín.

### **Pregunta de D. Juan Carlos González Santín e cinco deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto da instalación dos servizos sanitarios comprometidos no Barrio da Residencia de Lugo**

**A señora PRESIDENTA:** Para formular a súa pregunta, ten a palabra o señor González Santín.

*(O señor González Santín pronuncia palabras que non se perciben.)*

Por favor, déanlle voz ao escano do señor González Santín.

**O señor GONZÁLEZ SANTÍN:** Grazas, presidenta.

Boas tardes, señora conselleira.

Cando no ano 2011 se trasladaron os servizos hospitalarios da antiga residencia de Lugo ao novo hospital, o Lucus Augusti, había un consenso xeneralizado por todos os grupos políticos, pola sociedade civil de Lugo e tamén polas

institucións, incluíndo a Xunta de Galicia e a consellería que vostede dirixe, de que a este barrio de Lugo, ao perder o seu motor económico e social de referencia, que era o antigo hospital, se necesitaría levar servizos para este hospital.

Mirando a hemeroteca, no ano 2010 –xuño de 2010– o señor Feijóo, nunha visita que fixo ao HULA, dicía –e leo textualmente–: “Ao vello complexo hospitalario trasladarase o Laboratorio de Saúde Pública, un PAC e un centro de saúde, para desdobrar o da Milagrosa”. Uns días despois, o 30 de xuño de 2010, a conselleira de Sanidade daquel momento, a señora Farjas, dicía o mesmo, que estas tres instalacións irían a este edificio. Dous anos máis tarde, o 1 de xullo de 2012, a Consellería de Sanidade confirma que o Laboratorio de Saúde Pública permanecería na calle Montevideo, o que implicou que as inversións europeas que ían estar destinadas ao antigo hospital foran para a calle Montevideo.

O pasado día 19, aquí, neste Parlamento, a directora xeral de Recursos Económicos do Sergas di en sede parlamentaria, ante unha pregunta feita polo Grupo Socialista, dúas cousas. Primeiro, que da parcela onde está o antigo edificio aínda está sen transferir a propiedade por parte da Tesourería, e que, polo tanto, non podían dispoñer dela. Segundo, que o Concello de Lugo tería que definir as dotacións que deberían ir nesta parcela.

Bueno, eu, señora conselleira, dígollo con sinceridade, non podo crer que vostede ou o señor presidente non saiban que existe unha cesión gratuíta, sen custo ningún e, ademais, sen prazo de caducidade, feita por parte da Tesourería Xeral da Seguridade Social á Consellería de Sanidade, que vostede dirixe, en concreto ao Sergas, por mor das transferencias feitas dos servizos sanitarios do antigo Insalud á consellería que agora ten vostede a honra de dirixir.

Ben, que a directora xeral de Recursos Económicos do Sergas diga iso, desde o meu punto de vista, ou roza a negligencia profesional ou ben nos está intentando enganar, está intentando dilatar, cunha decisión que xa teñen tomada.

Con respecto ao do Concello de Lugo, dígolle que están perfectamente definidas as dotacións desa parcela, pois están cualificadas como “dotacional público”. Se ademais a isto se lle suma que a cesión que vostedes teñen é para uso sanitario, nesta parcela poden vostedes, para uso sanitario, facer o

que queiran. Vostedes poden facer calquera infraestrutura sanitaria nesta parcela. O único que teñen que facer é comunicar –e recalco a palabra “comunicar”, non pedir autorización– estas modificacións, cambios ou construcións á Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Por iso lle pregunto, señora conselleira: ¿ten vostede previsto manter o compromiso da Consellería de facer un PAC e un centro de saúde nesta parcela?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Santín.

Ten a palabra a conselleira de Sanidade, dona Rocío Mosquera.

**A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez):** Moitas grazas, señora presidenta.

Boas tardes, señorías.

É verdade que, cando se trasladaron en xaneiro do ano 2011 as instalacións e todo o que estaba no vello edificio do hospital xeral para o novo edificio do hospital de Lugo, vimos e analizamos que os edificios que se deixaban baleiros eran moi vellos e estaban francamente deteriorados. Na parcela do hospital xeral estaba o hospital materno infantil, que é do ano 57, e o hospital xeral, que é do ano 72, ademais doutros tres edificios –o edificio administrativo, a lavandería e a central eléctrica–. Hai unha parte que é o hospital xeral, o materno, e unha parte que é a unión entre os dous. Con estes edificios, a pesar de ser os máis recentes –como digo, son do ano 72– fixemos unha análise arquitectónica, e a conclusión dos arquitectos e dos enxeñeiros que fixeron a análise é que non se deben utilizar, porque teñen problemas de estrutura moi serios e desaconsellan francamente a súa utilización para calquera uso que signifique que haxa persoas dentro do propio edificio. Polo tanto, o que aconsellan é derribalos, inicialmente.

Mentres, cando facemos a análise da parcela do plan xeral, a análise urbanística, o que nos encontramos nese mesmo estudo é que hai unha redución no plan xeral da edificabilidade da parcela; é dicir, que hai moito máis edificado do que permite o plan xeral. E, polo tanto, hai que adaptar a edifi-

cabilidade do que se faga nese edificio a este plan xeral nun 60 %, hai que reducir a edificabilidade nun 60 %.

Ademais, como digo, tamén se di que nesa parcela hai dous edificios que están declarados como edificios protexidos, polo que a dita protección impide o derribamento dos mesmos e hai que facer unha adaptación. Estes son o edificio materno —o que se chamaba o “edificio materno”—, e tamén o edificio administrativo e o edificio xeral.

No medio tiñamos tamén o centro de especialidades, que foi quedando baleiro ao trasladar todas as consultas de especialidades ao novo hospital, foi quedando con bastante espazo. Co cal a decisión que se tomou no seu momento foi pasar para o Hospital Calde todo o que estaba no psiquiátrico de Castro de Ribeiras de Lea e utilizar parte do Hospital Calde para ubicar a psiquiatría, que estaba no Hospital de Calde, e poñer na praza de Ferrol todas as unidades dispersas que estaban por...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, conselleira. Moitas grazas.

*(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Réplica do señor González Santín.

**O señor GONZÁLEZ SANTÍN:** Bueno, señora conselleira, primeiro, quero agradecerlle, polo menos, que non me diga que non poden facer un PAC, un centro de saúde. Evidentemente, vostede sabe que o poden facer. Segundo, vaime permitir —creo que estará de acordo comigo—, dese informe ao que vostede se refire dixo a verdade en parte. Iso fala do que é o hospital, pero o que é o materno está en perfectas condicións para ubicar aí un centro de saúde e un PAC.

Con respecto á redución do 60 % que dicía vostede, mire, eu creo que para un PAC e un centro de saúde, coa edificabilidade que ten aquilo, teríamos máis que de sobra, non para facer un ou dous senón para facer cinco. Polo tanto, eu creo que esas non son xustificacións.

Ademais, téñolle que dicir que detrás de vostede está o señor Castiñeiras, que hai uns días saía na prensa anunciando que recentemente contactara co director xeral da Policía para trasladar a comisaría da Policía para alí. Entón, eu, señora

conselleira, quérolle preguntar directamente dúas cousas: ¿Que sabe o señor Castiñeiras que nós non sabemos? É dicir, ¿non se vai facer alí o PAC e o centro de saúde ou é que o señor Castiñeiras non se fía de que o vaian facer e está buscando alternativas? E, segundo, se se pode facer alí unha comisaría de policía, ¿quéreme vostede dicir que non se pode facer un PAC e un centro de saúde? O que eu quero que me diga é se van ou non manter que van facer vostedes aí un PAC e un centro de saúde.

Mire, a zona da residencia ten un ámbito de influencia de 9.000 persoas, que teñen que desprazarse para ir ao seu médico. E creo que, ademais, Lugo merecería aí, nese barrio, un centro de saúde e un PAC, que eu creo que ademais lle serviría para descolapsar as urxencias do hospital, as urxencias, nas que non temos nada máis que ver a prensa moitas veces para ver que as camas están nos pasillos e que están ocupadas máis do 100 % das habitacións.

Polo tanto, eu creo que son dous servizos necesarios, necesarios para a súa consellería. Quero que me diga se vostede o cre así ou cre que non son necesarios estes servizos e que, polo tanto, a Consellería non os vai facer. Agradeceríalle que me diga si ou non, é moi sinxelo.

Moitas grazas e máis nada. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Réplica da conselleira de Sanidade, dona Rocío Mosquera.

**A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez):** Bueno, preguntábame na súa pregunta —agora vexo que non— polos locais alugados en Lugo. Téñolle que dicir que non hai ningún local alugado en Lugo, excepto o de Sagrado Corazón, o do centro de Sagrado Corazón, e supoño que vostede non está plantexando pechalo. Respecto do desdoblamento —que supoño que fala do desdoblamento— do centro de saúde, ou do equipo de atención primaria da Milagrosa, si que estamos analizando e vendo, porque sería un desdoblamento. Co cal, o que si que temos que ver é exactamente o espazo que vai ocupar.

Pero mire, falando de compromisos cumpridos en Lugo, eu creo que en Lugo levamos feito moitas cousas. Voulle dicir algunha só. Primeiro puxemos en marcha o Hospital Lucus

Augusti. Segundo, fixemos o estudo do que lle falaba antes, para ver cales eran realmente as condicións. As condicións, como vostede dicía, do hospital xeral e da parte esta intermedia, desde logo, non aconsellan utilízalos. Por outra parte, puxemos na praza de Ferrol o Centro de Orientación Familiar, a Unidade de Prevención de Cancro de Mama, integración de todas as matronas, a integración de pediatría, que si que estaba alugada nalgúns locais dentro de Lugo e que a ubicamos toda na praza de Ferrol. Fixemos a hospitalización no Hospital Calde para reubicar os pacientes psiquiátricos, que a verdade estaban nunhas condicións bastante penosas. Adaptamos o edificio administrativo para ubicar todas as unidades de ambulatoria, de psiquiatría, que tamén estaban dispersas por Lugo —entre outros no hospital de San José, tamén nunhas condicións bastante pouco adecuadas para psiquiatría—. Fixemos o laboratorio central, si, porque do que nos demos conta é de que quedaban espazos suficientes no edificio da delegación, era máis barato facelo, e realmente nos permitía utilizar uns espazos que doutra maneira tamén quedarían vacantes, era moi rápida a obra e tiñamos uns fondos Feder que era necesario gastar. Puxemos a hemodinámica hai máis dun ano, e estamos agora mesmo nun concurso para dotalo de medicina nuclear e de radioterapia antes de rematar o ano.

Creo que realmente, díxenllo antes, o desdoblamento da Milagrosa estámo-lo estudando e analizando, e estamos buscando cal é a mellor solución. Porque si que probablemente sexa necesario, non reubicar a Milagrosa, como nalgún momento se dixo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vale, de acordo, iso si que o estamos facendo.

Creo, señorías, que a dotación e o compromiso deste Goberno cos lucenses non ten parangón en ningún outro momento da historia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, conselleira.

**Pregunta de D. Miguel Ángel Santalices Vieira e oito deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre o estado de execución en que se atopan as obras do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo**

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra o señor Santalices.

**O señor SANTALICES VIEIRA:** Grazas, señora presidenta.

Boas tardes a todos e a todas.

O certo é que neste Parlamento temos falado moito, dabondo, do hospital público metropolitano Álvaro Cunqueiro. En inicio falouse do inicio da obra, falouse de problemas relacionados coa construción deste hospital, levamos falado moito neste Parlamento. O certo é que tamén se cambiaron, señora presidenta, as maquetas polas plaquetas, e a obra avanza. E hoxe podemos ensinar o que é o hospital público e metropolitano Álvaro Cunqueiro.

Como ben se pode observar, é un hospital cativo, pequeno, si, un hospital pequeno (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*), pódese comprobar que é un hospital pequeno. (*Murmurios.*) Si, e pese a todos os atrancos. Este non foi un asunto fácil, non, non é fácil. Negouse a luz, negouse a auga, negáronse as acometidas, non se negou o pan porque este hospital non necesitaba pan (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*), necesitaba inversión, infraestrutura e vontade de facelo, cousa que non había por parte do goberno que tiña que ter acometido isto.

Pechouse un acordo exemplar de tres administracións: Xunta, administración local e a Consellería de Sanidade, que non sei por que se pechou aquel acordo que contemplaba un beneficio importante, que era a construción deste hospital. Pechouse por un capricho dun señor que hoxe provisionalmente está na alcaldía de Vigo, que dixo que non, que non quería que este hospital se fixera. Hoxe a obra —pese a todos os atrancos— continúa, aí está. Xa temos datos anunciados tanto polo presidente como pola conselleira de que en breve se vai entregar esta obra.

Polo tanto, eu penso que neste Parlamento é moi importante, para ter datos exactos, que a conselleira hoxe nos informe de cal é o nivel de execución desta obra, da infraestrutura sanitaria pública máis importante que se está a construír en España. Por iso lle formulamos esta pregunta... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)... Si, de Europa, de Europa, si, moi ben dito, señora Paz. (*Risos.*) (*Aplausos.*) Porque é a primeira de Europa, porque o Hospital Karolinska é máis pequeno ca o noso, ¡mire vostede que ben estivo hoxe con este comentario! Porque, afortunadamente, é a máis grande de Europa.



Polo tanto, señora conselleira, gustaríanos saber cal é o nivel de execución desta obra do hospital público Álvaro Cunqueiro.

Nada máis, señora presidenta, e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Ten a palabra a conselleira de Sanidade, dona Rocío Mosquera.

**A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez):**  
Moitas grazas, señora presidenta.

Boas tardes, señorías.

Pois si, é verdade que estamos ao final dun longo camiño, ao final dun proceso que se iniciou hai tempo. A licitación da cesión da obra pública foi publicada no DOG o 10 de maio de 2010, e a adxudicación definitiva foi o 14 do 1 do 2011.

A cantidade máxima anual a aboar ao concesionario vai ser de 56.333.270 euros nun prazo de vinte anos... *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

**A señora PRESIDENTA:** ¡Señor Losada!

**A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez):**  
...a partir da apertura da infraestrutura, o que supón o pago, por unha parte, da construción dese hospital, como vostede dicía, pequeno, e a contraprestación pola prestación dos seguintes servizos: restauración, lavandería e lencería, limpeza, mantemento de electromedicina, mantemento xeral, desratización, desinsectación, desinfección, transporte interno e externo e xestión auxiliar, seguridade, subministracións e xestión enerxética, central de abastecemento e tratamento de auga, mantemento de equipos de impresión e reprografía e conservación de vías e xardíns. Destes doce servizos, nove xa están sendo prestados actualmente por empresas externas.

A obra iniciouse coa acta de comprobación de replanteo e autorización de inicio de obra do 24 do 6 do 2011, e a data de finalización, fixada xa nesa acta de replanteo, é o 24 do 4 do 2015. Polo tanto, estamos nunha cita case inminente.

A situación actual en canto ás acometidas é que na media tensión a obra está finalizada, en tramitación unha modificación para dotala tamén á Zona Franca –estase a facer pola MATI–; a auga e o saneamento tamén están finalizadas, as comunicacións tamén están finalizadas e operativas, o gas tamén está finalizado, pendente de enganche ao gas natural. E, en canto aos accesos, avanza adecuadamente e temos previsto que estean rematados no mes de xuño.

Respecto das instalacións, a instalación eléctrica tamén está finalizada; a instalación de fontanería e saneamento, tamén; a instalación de climatización, tamén; incendios, comunicacións e gases medicinais, tamén; os ascensores están na última fase de instalación e a urbanización tamén está finalizada.

En conclusión, señorías, o avance da obra continúa conforme o calendario previsto, e o seu financiamento está previsto para o 24 de abril. Prevemos a posta en marcha ao longo deste verán.

Evidentemente, a pesar dos atascos, a pesar de todos os inconvenientes, realmente podemos dicir que xa temos en marcha tamén toda a licitación de todas as dotacións necesarias, por un importe de máis de 45 millóns de euros, que tamén seguen o seu ritmo e que estarán tamén para a posta en marcha e posta en funcionamento, como digo, ao longo deste verán.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, conselleira.

Réplica do señor Santalices Vieira.

**O señor SANTALICES VIEIRA:** Grazas, señora presidenta.

Nós, señora conselleira, puidemos visitar, ao igual que todos os deputados portavoces da área de sanidade –que non foron, nós fomos–, a infraestrutura. É unha obra grande, non só no ánimo, porque se conseguiu o que tanto necesitaba a rexión sur de Galicia, senón que é grande tamén no seu tamaño. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Se non queren caldo, tomen dúas tazas. *(Murmurios.)*

Isto é o magnífico hospital público de Vigo, orgullo debía de ser para todos. Este é o magnífico hospital de Vigo. *(Aplausos.)*

E, ademais, señora presidenta e señora conselleira, eu celebro que a cidadanía de Vigo tomase xa conciencia da grandeza do hospital e que o visite con ilusión. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E vou ler algúns comentarios de persoas que escribiron sobre o hospital. Fala o xefe de anestesia, e di: “*Entiende que reúne todos los requisitos para ser un hospital duradero. Explica que no te haces una idea de lo grande que es hasta que lo recorres. La obra física me parece extraordinaria*”. Non é do PP, é o xefe de anestesia.

Fala, fala o xefe... *(Murmurios.)*

**A señora PRESIDENTA:** ¡Silencio, por favor, que non se escoita!

**O señor SANTALICES VIEIRA:** Xa sei que lles proe, pero hai que aguantar máis, hai que saber encaixar.

O xefe de cirurxía de mama: “*Es un hospital maravilloso en su tamaño y en su diseño*”. Fala o xefe de neonatoloxía do complexo hospitalario, e di: “*Confiesa que se quedó alucinado con las dimensiones de la UCI*”. *(Murmurios.) (Risos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, alucinado está vostede porque vostede non sabe o que é dimensionar un hospital, e vostede non sabe o que significa esta infraestructura. *(Murmurios.)* Por iso está vostede alucinado.

Eu síntome...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Santalices.

Rematou o seu tempo. Grazas.

**O señor SANTALICES VIEIRA:** Pois moitas grazas. Mire, perdín o tempo con isto. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Réplica. *(Murmurios.)*

Silencio, por favor. Silencio, por favor, é que se non... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio, por favor, que, se non, non se escoita.

Ten a palabra a conselleira de Sanidade.

**A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez):** Moitas grazas, señora presidenta.

Pois bueno, a verdade é que é un pracer e un orgullo presentar este centro, *(Murmurios.)* quedan vostedes todos invitados a visitar o novo hospital de Vigo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Sobre todo, para que vexan que non é pequeno, fundamentalmente para que vexan...

**A señora PRESIDENTA:** ¡Silencio, por favor!

**A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez):** A verdade é que é un compromiso cumprido coa área sanitaria máis numerosa, con maior número de habitantes de Galicia. É un compromiso cumprido.

A superficie construída é de 280.000 metros cadrados, dúas veces e media máis que a actual torre do Hospital Xeral. Vai ter a posibilidade de ter 1.465 camas de hospitalización, ten 22 quirófanos, ten 12 unidades de parto, 2 quirófanos de urxencias, 5 salas especiais, 62 salas de diagnóstico por imaxe, 150 locais de consulta cunha grande área, ademais, de consultas multicanle. A área de urxencias case cuadriplíca a actual, sumando as dúas que xa temos agora. Ten unha ampla zona da área de docencia e de investigación. E ten un gran laboratorio de urxencias, como non pode ser doutra maneira. *(Murmurios.) (Protestas.)* É o Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, vai ter o laboratorio que merece, como non pode ser doutra maneira... *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

**A señora PRESIDENTA:** ¡Señor Losada, faga o favor!

**A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez):** E, por suposto, é un hospital de vangarda, sostible, afable, dinamizador do económico e do social. *(Murmurios.)* É un hospital do futuro cun deseño arquitectónico flexible, que reserva espazos para acoller o crecemento dos servizos e é un hospital vertebrador pola súa privilexiada localización, que vai facilitar a comunicación desde todos os puntos da área sanitaria a través da súa rede viaria. Desde logo, como dicimos, no 2015 a área metropolitana de Vigo disporá dun hospital público dos máis modernos de Europa sen ningunha dúbida, situado na vangarda tecnolóxica e no que se prestará asistencia sanitaria polos profesionais, polos magníficos profesionais do Servizo Galego de Saúde, e que ofrecerá as mellores instalacións para os pacientes. *(Murmurios.)*

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, conselleira.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Carmen Iglesias Sueiro, do G.P. Mixto, sobre o nivel de aplicación en Galicia na actualidade do Plan estratéxico nacional para o tratamento dos doentes de hepatite C cos fármacos de nova xeración**

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra a señora Iglesias para formular a súa pregunta.

Se a deixan, prego silencio; se non, eu dende aquí non escoito absolutamente nada.

**A señora IGLESIAS SUEIRO:** Grazas, presidenta.

Boas tardes.

Boas tardes, señora conselleira.

Por todas e todos é coñecida a loita da Plataforma pola Medicación da Hepatite C e polo dereito de todas e todos á dispensación da medicación.

En abril apróbase o novo plan estratéxico para a hepatite C deseñado polo Ministerio de Sanidade para o tratamento. A día de hoxe, 14 de abril, xa pasaron quince días desde que este plan tiña que ser aplicado, que ademais, se di que para enfermos que se atopen na fase 2, na fase 3 e na fase 4, así como tamén di o plan estratéxico para pacientes máis precoces en situación especial, como o persoal sanitario infectado.

Esta deputada o único que pretende hoxe nesta sede parlamentaria é que vostede diga qué número de pacientes, qué criterios se seguen, cómo está funcionando este plan estratéxico, se é satisfactorio, se hai problemas... En fin, que nos faga, se fai o favor, un informe sobre como está a situación a día de hoxe.

Máis nada, grazas.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Iglesias.

Ten a palabra a conselleira de Sanidade, dona Rocío Mosquera.

**A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez):**  
Grazas, señora presidenta.

Boa tarde, señoría.

Pois, como vostede di, o Plan estratéxico para a abordaxe da hepatite C no Sistema nacional de saúde, que foi elaborado por un grupo de expertos designados polo Ministerio, ten como obxectivo diminuír a morbilidade causada polo virus da hepatite C na poboación española. É dicir, non só facilitar o tratamento, senón unha abordaxe integral da prevención, o diagnóstico, o tratamento e o seguimento dos pacientes. Polo tanto, como lle digo, non se reduce só a ser un plan de acceso á medicación, senón que vai bastante máis alá.

No que respecta aos medicamentos innovadores, tamén, como vostede dicía, amplía ou significa o perfil clínico dos pacientes que van ser candidatos a ser tratados, e non só inclúe os F4, senón que inclúe os F4, os F3 e os F2, ademais dos pacientes en lista de espera de transplantes e incluso pacientes de nivel inferior sempre que teñan e reúnan unha serie de características específicas, entre elas, por exemplo, a transmisión de mulleres fértiles e que desexen procrear.

Foi presentado no Consello Interterritorial do 2 de marzo e a Comunidade Autónoma de Galicia, o Servizo Galego de Saúde, empezou a prepararse para poder aplicalo en canto fose aprobado.

¿E como empezou? Pois mire, o primeiro que fixemos foi remitir a todos os directivos das estruturas de xestión integrada o borrador do plan para que fixeran unha análise do mesmo, e ver se había que facer algunha achega ao Ministerio, tanto eles como os profesionais que estaban dedicándose a tratar os pacientes de hepatite C. Solicitámoslles tamén a información detallada dos recursos humanos e dos recursos materiais que tiñamos dispoñibles para ter perfectamente identificado se había que ter algún equipamento novo, algún equipamento a maiores, para poñer en marcha o dito plan.

O día 9 de marzo reunimos o Consello Asesor de Pacientes e informámoslle do borrador do plan. O 10 de marzo remitiúselles unha convocatoria pola Dirección Xeral de Asis-

tencia Sanitaria á Asociación Galega de Hemofilia, á Asociación de Transplantados “Airíños” e á Plataforma de Afectados pola Hepatite C. Tamén a eles lles comunicamos o plan e lles dixemos que, se tiñan alegacións, nolas fixeran chegar.

O 11 de marzo reunimos a subcomisión de tratamento da hepatite C para analizar con eles o contido do plan e ver como o podíamos tratar e como podíamos seguir avanzando. Aí tamén lle presentamos o sistema de rexistro, o sistema de rexistro “vixía”, e decidimos nesa reunión que a subcomisión tiña que cambiar o seu contido porque xa non debía avaliar os tratamentos de hepatite C, senón que se tiña que transformar nunha comisión de asesoramento. E nese mesmo acto transformámola na Comisión Técnica Asesora para a Implantación do Plan estratéxico da Hepatite C na comunidade autónoma.

O 25 de marzo celebrouse unha comisión autonómica...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, conselleira. Moitas grazas.

**A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez):** Grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Señora Iglesias, ten a palabra.

**A señora IGLESIAS SUEIRO:** Desculpe, señora conselleira. Dáme a impresión de que estivo comendo o tempo para non respostarme. Estamos falando do mes de abril. Eu xa sei que está feito o plan estratéxico, xa sei os pasos que se deron. A miña pregunta non ía dirixida ao pasado, ía dirixida a estes quince días de abril.

Porque mire, de verdade, o primeiro enfermo do que eu teño noticia de que foi tratado é con data de 9 de abril, e os pacientes estamos moi inqueda porque, polo visto, non sabemos os criterios para que nos chamen, porque está xente en fase 3 esperando pola chamada e están vendo como pasan doentes da fase 2. Si que atopamos boísima, pero boísima, disposición por parte dos profesionais da medicina.

Prégolle, de verdade, porque a miña pregunta é para informármonos, non ten outro motivo máis que solicitarlle a información de como están sendo os criterios para a dispensación da medicación nestes quince días de abril.

E eu suxeriríalle que, para que non haxa estes equívocos, manteña vostede un calendario de reunións co persoal sanitario que aplica o tratamento e as plataformas de afectados para que entre todos e todas poidamos chegar a unhas conclusións que fagan eficaz este plan estratéxico. E, por favor, respóndame do 1 ao 15 de abril, porque o primeiro tratamento foi aplicado o 9.

Máis nada. Moitas grazas.

**A señora PRESIDENTA:** Grazas señora Iglesias.

Ten a palabra a conselleira de Sanidade, dona Rocío Mosquera.

**A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez):** Pretendía explicarlle como preparamos toda a organización para traballar precisamente a partir da aprobación o 1 de abril. Vale, non lle interesa.

Mire, a partir do 1 de abril está funcionando en todas as estruturas de xestión integrada unha comisión de implantación do plan, coordinada por un directivo e composta por un equipo multidisciplinar, por todos os profesionais de cada unha das estruturas de xestión integrada e polo portavoz dos profesionais que se dedican ao tratamento da hepatite C. Unha comisión, como lle digo, multidisciplinar dos dixestivos, os internistas, os infectólogos e as farmacéuticas, unha en cada unha das estruturas de xestión integrada. Todos eles teñen acceso ao rexistro da hepatite C, rexistro que permitirá o seguimento da efectividade e da seguridade dos novos tratamentos e que é imprescindible tamén para cumprir o plan e para comunicar ao Ministerio todos estes datos. E tamén se lle comunicou e está toda esta documentación na intranet do Sergas.

Como lle digo, a partir de aí fomos pioneiros: desde o 1 de abril —e tendo en conta que estivo a Semana Santa por medio— prescribíronse e rexistráronse neste sistema vixía 129 pacientes, que se veñen sumar aos 1.137 que xa tiñan o tratamento autorizado antes desta data.

En resumo, eu creo que, neste momento, están a funcionar perfectamente ben os criterios clínicos, os criterios do Plan Estratéxico do Ministerio, está funcionando o rexistro sen ningún tipo de problema, estanse rexistrando todos os pacientes, estanse citando nas axendas dos médicos e, desde

logo, espero que sexa cos criterios clínicos aprobados e adaptados polo Plan Estratéxico.

Moitas grazas.

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, conselleira.

**Pregunta de D<sup>a</sup> María do Carme Adán Villamarín e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as iniciativas que vai desenvolver o Goberno galego para impulsar o autoconsumo de enerxía en Galicia**

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra a señora Adán para formular a súa pregunta.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Grazas, presidenta.

Boa tarde,...

**A señora PRESIDENTA:** Perdón. Perdoe un momento, que teño aquí o tempo bloqueado.

Xa.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Boa tarde, señor conselleiro.

Aproveito esta ocasión para saudar as persoas representantes de AGAEN que, preocupadas polo autoconsumo, queren escoitar hoxe a contestación do Consello de Industria a este respecto. Unha pregunta moi clara: ¿cales van ser as accións do Goberno galego a respecto da promoción do autoconsumo? Todas e todos sabemos que implica un aforro enerxético, unha eficiencia nas redes e unha redución nos prezos do mercado. Tamén sabemos que sofre unha limitación importante a partir da reforma da Lei do sector eléctrico de 2013 e que puxo unhas barreiras importantes, tanto con trabas administrativas como con trabas económicas. Baste recordar simplemente, por exemplo, todo o debate que existe a respecto da peaxe de respaldo ou o que podemos denominar imposto ao sol, promocionado fundamentalmente polas grandes empresas eléctricas, por UNESA.

Por iso, diante das diferentes accións que están tomando as comunidades autónomas... as Illas Baleares, que aprobaron recentemente, este ano, unha convocatoria pública de axudas

para o fomento ás instalacións de enerxía solar fotovoltaica e de enerxía eólica para autoconsumo; a Generalitat Valenciana, que aprobou tamén axudas, xustamente, para o autoconsumo, especialmente da enerxía fotovoltaica; Navarra, recentemente, tamén acaba de aprobar axudas para a promoción da enerxía fotovoltaica e tamén para o eólico do autoconsumo; e a deputación de Guipúscoa, recentemente, ten un apartado especial para as enerxías renovables onde se subvencionan as instalacións solares fotovoltaicas e eólicas en réxime de autoconsumo; podíamos tamén enumerar outras accións que están desenvolvendo o País Vasco, Andalucía, Aragón ou a postura tamén desafiante co réxime que adoptou Madrid a este respecto en Estremadura ou en Murcia.

¿Que fixo o Goberno galego? ¿Cal é a postura diante da situación de estar agardando o desenvolvemento dun real decreto? ¿Vai o seu departamento promocionar estas enerxías renovables? En dous aspectos: ¿pensa vostede facilitar que as trabas administrativas non sexan un impedimento para o desenvolvemento das enerxías fotovoltaicas, ou pensa vostede subvencionar, promocionar as enerxías renovables –dalgún xeito, implicarse nelas–? Queremos hoxe unha contestación sinxela. ¿Cales van ser os pasos que vai adoptar o Goberno galego para a promoción dun sistema enerxético máis democrático e que axude a eficiencia e o aforro enerxético como é o réxime do autoconsumo?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, señora Adán.

Ten a palabra o conselleiro de Economía e Industria, don Francisco Conde López.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Adán, a verdade é que temos un punto de acordo. E temos un punto de acordo porque, efectivamente, este goberno está a favor, e defende o autoconsumo por todos os beneficios que aporta ao sistema, tanto dende o punto de vista da autorización das enerxías renovables como da eficiencia do propio sistema eléctrico. E preguntame vostede por cales son as actuacións que vai desenvolver este goberno. Eu lamento que, neste caso, a súa memoria, dende o punto de vista das actuacións deste goberno, a leve a omitir todas as



actuacións que leva desenvolvido este goberno en defensa do autoconsumo.

Porque, en primeiro lugar, debería de recordar nesta mesma Cámara que este goberno, na Lei 8/2009, incluíu a posibilidade de que se puideran desenvolver potencias inferiores a cen quilovatios á marxe do desenvolvemento do propio concurso eólico. Debería saber tamén que cunha Instrución 7/2014 –é dicir, nesta mesma lexislatura– se facilita e se simplifica dende o punto de vista administrativo a legalización das instalacións de baixa tensión sen vertido á rede.

Señoría, hoxe en Galicia, aquí –non sei noutras comunidades autónomas–, calquera pode producir a súa enerxía para o seu autoconsumo e pode facelo cuns trámites moito máis sinxelos. E tamén debería recordar –porque me relaciona todas as axudas que se dan noutras comunidades autónomas–, que este goberno, dende o ano 2009, está favorecendo, con axudas concretas e de impulso, a utilización do autoconsumo da enerxía renovable de eficiencia enerxética, este goberno xa permitiu coas súas axudas mobilizar máis de sete millóns de euros en diferentes instalacións de solar fotovoltaica.

Eu entendo perfectamente que vostede omite tamén que este goberno, dende hai tres anos, permite –na orde de axudas para a habilitación e mellora dos parques empresariais, polo tanto, competitividade tamén do noso tecido industrial– que se poidan incluír dentro desta orde de axudas proxectos de xeración da enerxía eléctrica mediante enerxías renovables como a fotovoltaica ou a mineólica.

Polo tanto, señoría, este goberno, dende logo, defende o modelo de autoconsumo e está a favorecer ese modelo. E o que temos que debater, se quere entrar na profundidade do debate, é como encontrar ese equilibrio entre a democratización que vostede defende –e eu tamén– e a sustentabilidade e a solidariedade para manter, dende o punto de vista financeiro e dende o punto de vista económico, o conxunto do sistema. Aí está o debate e, cando queira, loxicamente, debatemos sobre o fondo. Pero eu si lle agradecería que, cando fala dos apoios doutras comunidades autónomas, se refira en primeiro lugar aos apoios deste goberno e desta comunidade autónoma.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Réplica da señora Adán Villamarín.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Si, grazas, presidenta.

Mire, señor conselleiro, se vostede quere ir ao fondo desta cuestión, como acaba de dicir agora mesmo, eu soamente teño unha frase coa cal resumir a súa postura: que bo escudeiro é o Goberno galego se tivera un bo señor en Madrid. Exactamente esa, porque vostede vén aquí repetir esa idea de que é o autoconsumo o que está penalizando os consumidores no sector eléctrico, e nós non compartimos esa premisa. Igual que non a comparte o cluster do autoconsumo, igual que non a comparten as persoas que están traballando neste momento pola fotovoltaica ou polo eólico de autoconsumo.

Porque non é un problema da rede, aquí o problema é que se penaliza realmente que exista ese autoconsumo cunha penalización moi alta a partir da lei do sector eólico, cunhas multas iguais e incluso superiores, ás veces, ás que se lles practican ás grandes empresas eléctricas. Por iso, nós non compartimos a premisa de que sexa o autoconsumo o que está subindo os prezos da tarifa eléctrica, senón todo o contrario, todo o contrario.

Cando queira debatémolo con máis profundidade, pero aquí a cuestión é a seguinte: ¿vostedes van eliminar as trabas para o autoconsumo en Galiza?, ¿vanse plantar diante do Goberno de Madrid –que neste momento está impedindo o desenvolvemento dun decreto de balance neto que realmente é un impedimento para o autoconsumo–?, ¿e vostedes, fundamentalmente, van facer unha aposta pola fotovoltaica e polo eólico do autoconsumo, si ou non?

Esa é realmente a cuestión que hoxe ten que desenvolver, porque sobre o eólico xa falaremos seguramente na interpección seguinte e durante os próximos plenos. Pero aquí o importante neste momento é o autoconsumo, porque vostedes a única aposta que levan feito é pola biomasa, porque xa escoitamos hoxe o señor Feijóo que considera que o monte galego é ou para facer papel ou para que arda nas centrais de biomasa. Pero a nosa postura é distinta, e vostede considera que a enerxía pode ser democrática..., o autoconsumo é o camiño... *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Adán. Moitas grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Economía e Industria.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López):** Señoría, eu entendo que despois de colaborar co Partido Socialista na xeración do déficit de tarifa neste país, que levou este país a ter un déficit de tarifa de vinte e seis millóns de euros, a vostede falar da sustentabilidade do sistema enerxético non lle preocupa, o único que lle preocupa é, efectivamente, a democratización do sistema.

En calquera caso, se falamos dos criterios do autoconsumo, eu trasladolle cales son os criterios deste goberno, por suposto. Uns criterios segundo os que entendemos que o autoconsumo debe respectar o principio de non discriminación: non discriminación entre todos os usuarios do sistema, incluído, señoría, o tratamento fiscal do mesmo. Tamén entendemos que o sistema de autoconsumo debe garantir a sustentabilidade económica do sistema eléctrico e, polo tanto, non debe de favorecer de forma desordenada a xeración e facilitar o maior déficit de tarifa –e, loxicamente, tamén o autoconsumo debe de permitir un funcionamento en condicións de seguridade e de calidade–. Eses son os criterios, loxicamente, que defende este goberno.

E entendemos que o desenvolvemento dese real decreto –que é un borrador e que vostede xa dá por aprobado, pero recórdolle que é un borrador, polo tanto non se está penalizando a ninguén nin se está sancionando a ninguén, polo tanto pediríalle un pouco de rigor nese sentido–, pois loxicamente eses son os criterios que está defendendo este goberno.

De feito, todos os países que teñen establecido un sistema de autoconsumo na súa normativa, teñen desenvolvido diferentes modelos e vostede sabe perfectamente –e non o quixo reflectir na súa intervención– que hai tantos modelos de fomento do autoconsumo como países que os regulan, e vostede sabe perfectamente que non todos contemplan o balance neto; vostede sabe perfectamente que non todos os países autorizan o autoconsumo compartido; vostede sabe perfectamente que os sistemas de retribución son diferentes, e incluso que algúns países non teñen retribución específica ao autoconsumo, e tampouco que todos contemplan a existen-

cia de créditos eléctricos. ¿Cal é o seu modelo señoría? ¿Cal é o modelo de autoconsumo que defende o BNG?

Señoría, o máis significativo da súa intervención e da súa pregunta é que vostede, permanentemente, parece esquivar que todos estes países están revisando a súa normativa porque, efectivamente, a democratización está unida tamén a un elemento de solidariedade e, polo tanto, de sustentabilidade financeira. E, dende logo, este goberno defende un modelo mixto: defende, efectivamente, que convivan as grandes plantas de produción e de enerxía coas pequenas instalacións; ese modelo deféndeo este goberno. Pero o autoconsumo, señoría, non pode ser en ningún caso un modelo de distorsión no equilibrio económico e financeiro do sistema eléctrico porque, do contrario, señoría, estaríamos a repetir os erros do pasado, erros nos que vostedes participaron alimentando un déficit de tarifa que este país non se pode permitir.

Grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, conselleiro, moitas grazas.

Continuamos co desenvolvemento da orde do día.

### **Interpelación de D. Juan Manuel Fajardo Recousó, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir a recuperación do emprego industrial**

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra para formular a súa interpelación, señor Fajardo.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Boa tarde a todos e a todas, nomeadamente aos veciños cercanos ao meu lugar de orixe, aos veciños de Cuntis que están no graderío, tamén aos traballadores da Rede Galega de Quioscos –logo falaremos da súa problemática–, e lamento que tiveran que asistir durante algúns minutos a esta especie de publinreportaxe do Partido Popular no que consisten moitas veces as preguntas do Partido Popular ao seu propio goberno vendendo fume e facendo política ao peso. O Partido Popular está acostumado a facer política ao peso. Fálase de grandes hospitais sen saber o que van ter dentro, igual que se fala de grandes proxectos industriais sen saber logo o que vai pasar con iso.

Nós queremos interpelar o seu goberno sobre a situación da industria en Galicia, pero ademais queremos facelo interpe-lándoo sobre unha situación concreta que cremos que é paradigma da realidade deste país, que non se parece en nada á que debuxa o Partido Popular. Ese Partido Popular que nos di que saímos da crise, que nos di que estamos nunha situación inmillorable e que somos –parece– a locomotora de Europa, cando en realidade o que somos é o campo de escravos de Europa, onde os nosos traballadores traballan con salarios miserentos e, en moitos casos, nin sequera teñen traballo e teñen que aceptar condicións de vida que son seriamente insoportables polas políticas que aplica o Partido Popular.

E iso ten que ver tamén coa industria, porque estamos ante un deserto industrial en Galicia. Estamos nunha realidade dunha política que é a aplicación estrita das directrices do Banco Central Europeo e do Fondo Monetario Internacional, que o Partido Popular en Galicia aplica *a pies juntillas*, que obriga á desindustrialización de Galicia, porque pensan en Galicia como outra cousa, como aquel lugar onde poden utilizar os nosos recursos naturais ou como aquel lugar destinado unicamente a que sexa o sector turístico quen nos dea de comer, neste caso mal nos dea de comer porque todos sabemos cales son as condicións económicas dos traballadores do sector terciario.

Pois esa é a realidade. Non é unha casualidade que esteamos ante esta destrución de emprego na industria, senón que son as políticas do Partido Popular –que non son máis que os lacaios do gran capital europeo– as que obrigan a que en Galicia a situación sexa moito peor que no estado e moito peor que no resto de situacións e de lugares de Europa.

Estamos, polo tanto, ante o que damos en chamar un xenocidio industrial. E este xenocidio ten nomes e apelidos e ten datos moi concretos que son certamente preocupantes.

Onte e hoxe tamén queremos falar da situación dos traballadores de Vestas. Eses traballadores que teñen que ver como na hemeroteca se recollen cousas coma esta: cando no 2011, acompañado do entón conselleiro de Industria –hoxe compañeiro do Parlamento, aínda que non intervén moitas veces–, o presidente da Xunta de Galicia dicía que Vestas era un exemplo do que significaría o concurso eólico para Galicia e que se pasaría de 500 a 1.000 empregos na empresa

Vestas. Iso dicíao o presidente e recollíano todos os medios deste país non hai moito tempo.

Pero a realidade é teimuda e hoxe a situación é outra. A situación é que eses traballadores se atopan ante dous expedientes de regulación de emprego: un definitivo e outro temporal. O definitivo significa 54 despedimentos, aos que hai que engadir os máis de 100 traballadores temporais que xa non van traballar nesa empresa por mor das políticas económicas do Partido Popular. Esas políticas económicas que benefician, por exemplo, a deslocalización da produción desta factoría en China e que, polo tanto, provocan estes despedimentos.

Se é preocupante que o Partido Popular beneficie estas situacións, máis preocupante é en mans de quen está o Partido Popular e os veciños de Lugo. Onte, aquí, nesta Cámara, o responsable provincial do Partido Popular en Lugo –noutros momentos militante do Partido Socialista– chegou a afirmar que o Partido Popular e o goberno non podían facer nada porque resulta que, segundo el, os expedientes de regulación de emprego os aprobaba o xulgado. Demostra en mans de quen estamos. Alguén que descoñece a normativa laboral e descoñece incluso as normas que fai o Partido Popular.

¿Como un se pode fiar de parlamentarios do Partido Popular que votan leis que descoñecen ou que defenden unha reforma laboral –que resulta que acaba de aprobar o Partido Popular hai non moito tempo– que di que os expedientes de regulación de emprego xa nin sequera necesitan a autorización da autoridade laboral, que simplemente con que os saque adiante a empresa son de obrigado cumprimento e nin sequera é preceptivo o acordo cos traballadores? Ese é o berce, o núcleo central, o núcleo duro da reforma laboral do Partido Popular que descoñecen os seus parlamentarios.

Eu podería entender que un votante de abaixo do Partido Popular descoñeza esa realidade porque, se a coñecera, acabaría por deixar de votalos. Pero que un membro destacado do Partido Popular descoñeza esta realidade demostra como son meros títeres do poder económico, que votan o que faga falta simplemente por manter os seus privilexios.

Ese responsable, ou irresponsable político segundo o miremos, tamén dicía que era mérito do Partido Popular que esa empresa se situase en Viveiro. Polo tanto, se el arrogaba o

mérito ao Partido Popular de que esa empresa se situase en Viveiro, debería de ser tamén responsable de garantir que se manteña o emprego porque, se foron responsables de conseguir a empresa, deberían de ser tamén responsables e dicir que teñen na súa man –se queren– a capacidade de evitar que unha empresa despida simplemente por manter, digamos, beneficios económicos.

E o drama desa zona é brutal, porque 54 postos de traballo máis 100 despedimentos dos temporais nun lugar coma ese significa que, dunha tallada, se vai incrementar o 19 % o paro rexistrado nese municipio. Ese municipio tiña o mes pasado 1.279 desempregados, se unimos os desempregados que se provocan polos despedimentos de Vestas estamos falando de preto dun 20 % de incremento no desemprego; polo tanto, é un drama, é un drama para os traballadores concretos pero tamén para a comarca, porque ¿que supoñen máis de 154 persoas que deixan de cobrar os seus salarios e, polo tanto, van cobrar o desemprego?, supoñen varios millóns de euros que deixan de ingresarse nas familias dese lugar e, polo tanto, un problema económico para o comercio e para as persoas que viven tamén do gasto das familias que tiñan o seu posto de traballo en Vestas.

Polo tanto, para nós é absolutamente fundamental que se tome algunha iniciativa. E as iniciativas teñen que ser defender aquilo que nos pode dar valor engadido e, neste caso, o sector eólico en Galicia debера ser un sector estratéxico por varias cuestións: sobre todo, pola súa capacidade de exportación, polo seu nivel de investimento, pero tamén polo emprego cualificado. Porque o emprego cualificado significa traballadores ben pagados, e traballadores ben pagados significa incremento da demanda interna, e será a demanda interna a que nos saque da situación de crise ou non será outra. E, polo tanto, traballadores con bos niveis de ingresos significan nas súas comarcas incremento de toda a economía ao seu redor pola súa capacidade de gasto. Pero tamén deberíamos de ser unha potencia en canto ao eólico pola nosa situación xeográfica, polo noso clima, pola nosa orografía. Fronte a isto resulta que non pintamos nada no conxunto do Estado.

Onte o Ministerio reducía á metade a capacidade de potencia instalable e o Goberno galego non fai nada; non fai nada cando despiden, non fai nada cando o Goberno central toma decisións contra a nosa industria, igual que non fai nada

cando dende Europa se decide –porque así está decidido– que Galicia ten que ser un deserto industrial, e resulta que o Partido Popular é igual que esas madeireiras que van ao Amazonas cortar árbores: son os que cortan as nosas industrias, os que aniquilan a posibilidade de crecemento e de futuro para o noso país.

Polo tanto, nós o que lle preguntamos ao Partido Popular e ao Goberno é que pensa facer, se ten algún plan estratéxico para a industria, porque nós temos claro que non ten ningún plan. Bueno, ten algúns plans que incluso erran no nome: ese famoso Factoría 2.0 ou a famosa Naval 4.0. Mire, eu veño do mundo do sindicalismo pero tamén da informática. Cando facías un programa, se lle poñías 2.0 é que fallaba –o 2.0 sempre falla, os mellorados son os que teñen despois do punto, un 1, un 2... son versións máis depuradas–. Saben que o seu plan falla porque incluso na nomenclatura se lles vai a pinza. Igual que no Naval 4.0, porque 4.0 pode ser o resultado: catro promesas, cero resultados. ¡Cero resultados!

Cada vez que prometen vostedes algo non teñen ningún resultado. E a promesa, por exemplo, deses mil postos de traballo en Vestas demostrou ser unha falacia. Vostedes son os que en vez de plans industriais teñen plans de propaganda para o Partido Popular que logo significan desemprego, miseria e, dende logo, unhas situacións certamente complexas no conxunto da industria do noso país.

Pero cando falamos, ademais, de que vostedes sacan peito...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** ...respecto do Estado en moitas cifras, temos que falar da situación da nosa industria. ¿Como é posible que namentres en España a nosa industria estea crecendo nun 1,5 %, no ano pasado descendera o 3 % en Galicia e no que vai de trimestre un 2,5 %? ¿Como se explican estes datos? ¿Cal é a realidade? A realidade é que vostedes son incapaces de ter un plan para Galicia máis alá do plan para vostedes e o seu entorno. Vostedes non fan política de nación, fan política de pandilla. ¿Saben que é a política de pandilla? A política que persegue que a miña pandilla viva ben, aínda que iso signifique que a maioría da sociedade galega estea nunha situación onde un de cada catro galegos está por debaixo do limiar da pobreza. Esas son as realidades do Partido Popular.

Polo tanto, eu pediríalle que –con esa exuberancia que ten vostede no discurso, con esa capacidade que ten para levantar as masas e de transmitir que lle preocupan as cuestións– sexa hoxe capaz de poñernos aquí encima da mesa algunha alternativa e, dende logo, que sexa capaz de animarnos a pensar que o Partido Popular ten un plan para sacar a industria galega da situación na que está.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Fajardo.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Espero a súa resposta, aínda que por desgraza non teño moito ánimo... *(O señor Fajardo Recousó pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Fajardo.

Ten a palabra o conselleiro de Economía e Industria, don Francisco Conde López.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Fajardo, en primeiro lugar, loxicamente, moitas grazas pola oportunidade de explicar cal é a situación real da economía galega e, nomeadamente, da industria galega. Unha realidade bastante distinta, sinceramente, desta historia apocalíptica que vostede vén de describir, que é o reflexo dunha visión absolutamente interesada –e que eu lamento particularmente a súa demagogia e, sobre todo, un discurso extemporáneo–.

En calquera caso, tamén lle agradezo, loxicamente, a oportunidade de adiantar algúns datos da Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0, que virei explicar en próximas datas nesta Cámara, así como da Estratexia de Especialización Intelixente RIS3, que marca a política de innovación deste goberno e é, polo tanto, un dos eixos principais da competitividade da nosa industria.

Aclarado isto, debo dicirlle unha vez máis que o seu grupo político volve dar mostras de pesimismo e de oportunismo cada vez que fala de política económica e política industrial. Lamento absolutamente esa visión miope que teñen, unha visión onde, por un lado, pretenden trasladar que este goberno non está actuando, e vostedes defenden permanentemen-

te –como terei ocasión de trasladar na miña intervención– a política do “non á industria”.

En calquera caso, o noso compromiso, señoría, está co tecido produtivo, está coa industria galega e, nese sentido, estamos a traballar para impulsar a consolidación da recuperación económica e, loxicamente, o impulso do noso tecido produtivo.

A realidade é nestes momentos que Galicia, efectivamente, saíu da recesión no ano 2014 co incremento do 0,5 %, que temos o mellor comportamento polo tanto dende o ano 2010, que a evolución do emprego foi positiva en 2014, que volvemos superar o millón de ocupados –polo que é o primeiro ano no que baixa a taxa de paro dende o inicio da crise–, e a realidade é que Galicia está incrementando as afiliacións á Seguridade Social –de feito, no último ano creceron en máis de 17.000 afiliados–.

Todo isto, ademais, estámolo a conseguir cumprindo o obxectivo de déficit, controlando o endebedamento –cuestións nas que vostedes, permanentemente, din unha cousa e a contraria–, mantendo o esforzo investidor e pagando con asiduidade aos provedores. En definitiva, dando pasos firmes, señoría, para que, efectivamente, Galicia poida consolidar a súa recuperación e, polo tanto, poida consolidar o seu tecido industrial.

No tocante á industria –imos falar de industria, que é a súa interpelación–, este goberno, loxicamente, non ten ocultado que o produto interior bruto galego estaría medrando máis se, efectivamente, sectores como a automoción, o naval e, incluso, o téxtil tiveran un comportamento similar ao resto de España. Iso é así e xa o trasladamos en diferentes ocasións.

Temos, polo tanto, localizadas as debilidades e estamos traballando co noso tecido produtivo día a día, efectivamente, para seguir traballando e seguir medrando a súa posición competitiva. En calquera caso, como sabe vostede tamén, os valores dende o punto de vista industrial –se quere comparar o IPI, o Índice de Cifra de Negocios, ou incluso a entrada de pedidos– teñen unha variabilidade de entre meses e trimestres bastante alta e, polo tanto, centrarse neses datos moitas veces non dá un reflexo exacto.

En calquera caso, a realidade, señoría, é que o naval galego suma máis de 1.400 millóns de euros en contratos, que se



crearon 30 empresas auxiliares neste sector, que a factoría de Citroën en Balaídos conseguiu a K-9 e que Opel confirmou esta mañá que, efectivamente, vai desenvolver tamén a furgoneta aquí en Vigo, e que a industria de compoñentes segue a aumentar as súas exportacións. Incluso este goberno que impulsa o desenvolvemento de novos sectores –como é o centro de Rozas para, polo tanto, desenvolver un polo aeronáutico aquí en Galicia– se encontra coa oposición permanente do seu grupo parlamentario.

En calquera caso, señoría, esta situación está a permitir que no último ano 2014 se incrementaran o número de ocupados na industria: 3.300 galegos e galegas que se incorporaron á produción fabril na economía galega e que, polo tanto, é xusto recoñecer que se está a desenvolver un esforzo importante por parte do noso tecido produtivo e, nese sentido, estamos intentando consolidar esa recuperación da que lle falaba.

En calquera caso, señoría, cando falamos da industria temos que falar do presente e temos que falar do futuro. Se falamos do presente, loxicamente, falaremos de apoios ao financiamento, de apoio ao talento, ao emprendemento e, por suposto, tamén á simplificación normativa, aspecto importante para a competitividade da nosa industria. E tamén falaremos de futuro e, polo tanto, desa Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0 –vostede bromea con ela pero eu pediríalle que, se realmente está interesado na política industrial deste país, entre no debate e, polo tanto, veña con propostas concretas e non con grazas que non levan a ningures. (*Aplausos.*)

En calquera caso, señoría, se falamos do presente, este Goberno leva concedidos máis de setecentos millóns de euros para axudar o financiamento das nosas empresas a través do Igape e a través de XesGalicia. A través da Axencia Galega de Innovación ten aberto os seus programas de innovación ás pequenas e medianas empresas, atraendo o interese das grandes multinacionais para que innoven en Galicia. Tampouco a vostede lle interesa que, efectivamente, Citroën, Repsol, Gas Natural e o Grupo Everest, o Grupo Copo ou o Grupo BorgWarner abran en Galicia centros de innovación; non quere falar dese tipo de proxectos. Pero a verdade é que, nestes momentos, se están a desenvolver aquí en Galicia centros de coñecemento e proxectos que mobilizan máis de 300 millóns de euros a través de programas como o pro-

grama Innterconecta, o Conecta Pemes, ou o Unidades Mixtas. Iso é innovación, iso é competitividade do noso tecido industrial.

Ademais, señoría, este goberno vén de lanzar –como sabe– o Programa Oportunius para atraer investigadores de referencia aos centros de Galicia. E xa temos un caso de éxito –como vostede debería de saber–, como é o investigador galego Diego Martínez, que a través deste programa Oportunius está de volta en Galicia para poder investigar aquí. E tampouco esquecemos, loxicamente, o apoio ao emprendemento e especialmente ao emprendemento innovador, onde estamos a desenvolver máis de doce millóns de euros ao longo desta lexislatura.

En definitiva, estamos falando dun presente onde temos unha política activa de apoio ao sector industrial dende o punto de vista da innovación e dende o punto de vista do financiamento dende diferentes axudas, tanto do Igape como de XesGalicia, á Axencia Galega de Innovación.

En relación co futuro, señoría, loxicamente temos que centralo no marco de fondos europeos 2014-2020 e, loxicamente, nese marco aproveitaremos para modernizar o noso tecido produtivo e, polo tanto, a través da Estratexia de Especialización Intelixente, e a través da Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0, traballaremos para apoiar e para mellorar a competitividade do noso tecido industrial.

A RIS3 coñécea ben, hai datos aí como as unidades mixtas, os programas de compra pública innovadora que é o programa Interconecta e o Conecta Pemex. E, loxicamente, son programas que están permitindo que o noso tecido produtivo innove, que se desenvolva a innovación empresarial e que, loxicamente, mellore a nosa competitividade.

E tamén na Axenda da Competitividade, unha folla de ruta que está deseñada por e para a industria e que, loxicamente, pretende apuntalar o crecemento da nosa industria. Dende logo, imos apoiar a introdución de tecnoloxías e de procesos claves da fábrica intelixente para mellorar a competitividade da nosa industria. E farémolo, señor Fajardo, sen deixar de apoiar a saída das nosas empresas a outros mercados –a internacionalización–, sen deixar de apoiar toda a innovación competitiva e, señor Fajardo –que me fala de Vestas–, tamén o faremos sen deixar de atender as necesidades pre-

sentes que ten o noso tecido produtivo, as dificultades de financiamento que teñen as nosas empresas de formación e, loxicamente, as situacións de dificultade como a que está a atravesar a empresa Vestas. E, dende logo, dende o Goberno estaremos ao lado dos traballadores e estaremos ao lado, loxicamente, das necesidades que ten esta empresa. E non teña ningunha dúbida que, igual que fixemos co resto de empresas que atravesaron e atravesan dificultades, estaremos tamén ao lado dos traballadores de Vestas, (*Murmurios.*) e ao lado tamén da situación que ten esta empresa.

Polo tanto, señoría, o que estamos a desenvolver no eido da política industrial –que vostede non falou de política industrial–... Este goberno o que está a facer en política industrial é favorecer a competitividade do noso tecido produtivo a través, señoría, do coñecemento, a través do talento, a través, loxicamente, das diferentes axudas de financiamento e de impulso da dinamización da actividade económica e, loxicamente, temos claro que Galicia está no bo camiño, no camiño da recuperación, e o que necesitamos, loxicamente, (*Murmurios.*) é seguir traballando co noso tecido produtivo. E alá vostede e o seu grupo, loxicamente, con ese discurso apocalíptico e extemporáneo que permanentemente pretenden trasladar cando se quere falar de política industrial e política económica.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, conselleiro.

¿Grupos que queiran intervir? (*Pausa.*)

Grupo Mixto. Señora Martínez.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** Boa tarde aos pouquiños que estamos aquí, e pouquiñas.

Porque parece que, señor Fajardo, no Partido Popular os deputados non teñen nin idea da reforma laboral nin de nada pero tampouco veñen escoitar o seu goberno, non lles importa para nada cal é a opinión do seu goberno sobre a situación industrial do noso país nin sobre outras moitas, ¿non? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señor conselleiro, vostede di que a oposición é pesimista e a min o que realmente me asombra é o seu optimismo. Porque

dicir que Galiza saíu da recesión porque tivo un crecemento do 0,5 % é que, de verdade, ¡tómannos o pelo! (*Murmurios.*) Tómannos o pelo, sinceramente; polo menos deberían de medirse un pouquiño. Eu non digo que veñan aquí pesimistas, nin sequera reflectindo a realidade dramática deste país, pero non veñan tampouco aquí contarnos unha serie de cousas alucinantes, con nomes moi grandilocuentes, totalmente baleiros de contido e, por suposto, baleiros de orzamento, que é o que fan vostedes. Despois todo queda en papel mollado.

Vostede díxonos agora “atraer investigadores”, ¿se nos están marchando do país! Pero que vostedes..., de verdade, a min é que realmente me parece algo tan alucinante... ¿E a que investigadores van traer se aquí non se inviste en investigación? ¿Que van investigar? Como non traian investigadores que traian o diñeiro para investigar, non sei de que nos está falando máis que dunha auténtica tomadura de pelo.

Mire, o pesimismo é real, Galiza rematou o ano pasado como a comunidade coa maior caída de índice de produción industrial de España, un descenso do 4 % que contrastou co primeiro incremento dende o 2007... (*Murmurios.*)

**A señora PRESIDENTA:** Silencio, por favor.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** ...no resto do estado do 1,4 %. Os malos datos do exercicio pasado débense a iso que agora vostede acaba de chamar –anotei aquí– debilidades e que ata agora eran fortalezas –porque para vostede xa non sei se son fortalezas ou debilidades–, que son a automoción, o naval e o téxtil. Precisamente do que presumiamos de que exportabamos, e a gran industria galega resulta que agora é unha debilidade, e resulta que os malos datos se traduciron no 2013 nun 35,3 % menos de produción industrial no naval e un 21,3 % menos no téxtil.

Pero a situación non mellora no 2015: o índice xeral de produción industrial caeu un 3,5 % en febreiro mentres que se incrementou un 1,1 % no resto do estado en relación co mesmo mes do ano 2014, tras baixar un 4,8 % en xaneiro, cando a baixada no estado foi do 2,5 %. De media, no que vai de ano, segundo os datos publicados polo INE –non os inventamos, o noso pesimismo non vén inventado–, o indicador acumula unha redución do 4,1 % en Galiza. Os datos do produto interior bruto mostran que o negocio da industria

galega está baixo mínimos, ao mesmo nivel do ano 2005. O valor engadido bruto da industria galega foi de 9.130 millóns de euros o ano pasado, un 4,5 % menos que en 2013 e un 11,2 % por debaixo do 2008. Polo tanto, todos son datos negativos, é que non sei porque fala de pesimismo, que non hai outra maneira de ver o pesimismo.

O peso da industria sobre o produto interior bruto a prezos de mercado era superior hai dez anos ao de hoxe –en algo máis dun punto porcentual–, do 17,5 % hai dez anos ao 16,6 % hoxe. O peso da industria manufacturera aínda é menor, está nun 11,9 %, segundo datos do Instituto Galego de Estatística. O Foro Económico de Galiza, no seu primeiro informe conxuntural do 2015, reflicte que a comunidade autónoma ten o menor índice de crecemento do estado. As empresas exportadoras céntranse en empresas de gran tamaño, e podemos ata nomealas, ¿verdade que si?, podemos nomealas: Citroën, Inditex e, case paramos de contar, algunha metalúrxica; pero non temos exportación no noso país.

O retroceso da actividade industrial en 2014 foi do 2,5 %, mentres que no conxunto do estado medrou un 1,5 %. A mellora dos datos no paro rexistrado non implica necesariamente creación de emprego, como mostran os datos do noso país, onde a caída de desemprego non responde a unha mellora do mercado de traballo senón á emigración e ao desánimo daquelas persoas que levan tanto tempo sen ocupación, que deixan de rexistrarse nas listas do desemprego... ¿para que?, ¿para que?

Galiza pechou o 2014 con 17.000 parados menos que a finais do ano anterior, pero o número de ocupados reduciuse en 2.200 ata chegar ao millón, o que implica que non houbo creación de emprego. Das 17.000 persoas que deixan de aparecer entre os parados de Galiza, a maioría corresponde a profesionais que decidiron emigrar, polo tanto, a persoas mozas en idade de traballar. E, precisamente, o descenso de poboación en idade de traballar en Galiza sumou o ano pasado 12.700 persoas, é dicir, que desas 17.000, 12.700 emigraron en busca de traballo fóra de Galiza.

O mes pasado en Galiza creáronse 169.000 empregos –a maioría precarios, salarios baixos, a tempo parcial e eventual–. A mostra é o feito de que a hostalería foi o sector onde máis creceu o emprego, coa incorporación de 45.000 –case 46.000– novas persoas afiliadas, cun incremento dun 4,8.

Como sintomático é que tamén onde se crea emprego é na construción –é dicir, construción e servizos, xusto onde non se crea valor engadido, onde non se crea máis emprego que o que se crea nesas empresas–. Servizos e construción representan o 79 % da redución de desemprego en Galiza, o 79 %, señor conselleiro. E vostede vén aquí, ¿a que?, ¿a presumir dos éxitos en industria? Pero o emprego industrial non acaba de repuntar. Hoxe falabámolo no tema do agro, Galiza ten o 55 % das explotacións, o 40 % da produción e o 5 % da industria láctea, eses son os logros do seu Goberno.

E hoxe quero referirme xa non a Ferrol, porque temos falado da situación gravísima de Ferrolterra a nivel industrial e de emprego, pero voulle falar de Vigo. A cidade máis grande e o motor industrial de Galiza ten hoxe 33.000 parados, é dicir, Vigo soporta unha taxa de paro do 23,7 % –similar á de Ferrol–, mentres que na Coruña é do 16,6 % e en Galiza a media é do 20,9 %. A saída está na industria, na súa na diversificación, porque Vigo non é unha cidade de servizos. O naval non acaba de arrancar e no automóbil destruíronse moitos empregos, e teño que dicir que co aplauso de vostede e do presidente da Xunta cando Citroën destruíu emprego e tirou polo chan as condicións laborais dos seus traballadores e traballadoras. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Así, PSA-Citroën pasou de case 11.000 traballadores aos apenas 6.000 que ten agora, despois de recibir moitas, moitísimas, axudas públicas –a empresa que máis axudas públicas recibiu–. O sector naval vigués pasou en poucos anos de empregar a 14.000 persoas a empregar hoxe a 1.500 persoas.

O Foro Económico considera que Galiza non vai acadar os límites de emprego precrise ata a próxima década. Para adiantar o prazo debería medrar con taxas do 5 %, algo que parece totalmente imposible coas súas políticas. O diagnóstico de partida é a destrución de máis de 12.700 centros de traballo, ¡máis de 12.700 centros de traballo destruídos en Galiza dende o ano 2007!, o que disparou o paro, que medrou dende o ano 2007 un 164 %, e a eliminación de case o 3 % do produto interior bruto.

Remátaseme o tempo pero gustárame dicir que Pontevedra baixou dous postos non ranking nacional de volume de exportacións. As exportacións galegas concéntranse –como lle dixen– en Inditex, Citroën e algunha metalúrxica; as cinco primeiras empresas exportadoras concentran o 45 % da exportación, o resto practicamente non exporta.

Señor conselleiro, eu non lle pido que veña aquí flaxelarse, pero, por favor, tampouco invente unha realidade que non existe. A nosa industria desaparece, o emprego é precario. Cando falamos de creación de emprego estamos falando de menos da metade do que se di –porque, por cada emprego a xornada completa, se están creando dous ou tres a tempo parcial, estanse creando contratos dun só día–. ¿De que me está falando vostede? Realmente, se quere solucionar o problema, o punto de partida ten que ser non negar a realidade porque, se parte dunha análise falsa da realidade, evidentemente o que van obter son solucións que non valen para o problema real, senón que valen para o que vostedes realmente están traballando, que é para intentar arrancar votos e non perder apoios...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Martínez.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** ...entre a sociedade galega.

Nada máis, moitas grazas.

**A señora PRESIDENTA:** Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Adán.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Grazas, presidenta.

Boa tarde de novo, señor conselleiro.

Mire, escoitando a súa interpelación a respecto da situación da industria en Galiza, teño que dicirlle que vostede está preso da consigna, e que sería bo que, polo menos aquí no Parlamento, tiveramos debates máis alá desas consignas de “o bo camiño e a recuperación”. Porque onte tivemos aquí un exemplo clarísimo, que foi Vestas: estiveron aquí os traballadores e as traballadoras na tribuna, os que puideron, outros tiveron que quedar fóra porque non foi posible que entraran e estiveron ás portas do Parlamento. E hoxe eses traballadores queren saber –de vostede, que dirixe o departamento de Industria– que vai facer; non que vaia estar ao lado, porque ao lado se pode estar para mirar, ao lado pódese estar para pasar, ao lado pódese estar para moitas cousas.

O que queren saber é exactamente..., e non sei se aínda lle chegou ao seu departamento o que se aprobou aquí no Parlamento a última hora da noite, pero foi isto: tomar todas as iniciativas precisas de cara a garantir, a garantir, a continui-

dade dos postos de traballo existentes antes dos anuncios dos ERE na factoría de Vestas de Viveiro e a continuidade da actividade desta factoría. Ese foi o primeiro punto que se aprobou. Tome nota –se aínda non o ten presente no papel–: en breve será publicado polo Boletín do Parlamento. Porque vostede agora ten a responsabilidade de materializar este acordo unánime, que vai moito máis alá de estar ao lado, está en comprometerse para garantir estes postos de traballo. E tamén o segundo punto, facer valer que as axudas públicas que recibiu esta empresa a través do Igape, que se teñan en conta para manter eses postos de traballo.

Aquí houbo un compromiso, foi votado unanimemente, os traballadores foron partícipes da sesión plenaria de onte. Vostede, se pode, hoxe conteste dende esta tribuna que vai facer para garantir os postos de traballo de Vestas. Unha empresa á que, como xa se dixo onte e como hoxe se repetiu tamén, se lle prometeu que chegaría ata 1.000 postos. En concreto, en Viveiro a 500, cando tiña 250, agora ten 150 e está nesa negociación de 56, 34..., baixando as condicións salariais, baixando todo tipo de condicións laborais.

Por iso, señor conselleiro, é moi importante que hoxe diga cales van ser as medidas reais. Porque mire, dende que Feijóo é presidente no sector industrial pasamos do gran plan industrial para Galiza, que era o eólico, á industria 4.0. E as dúas cousas son a mesma –permítame esta palabra, entre aspas– trapallada. Porque o Plan Industrial do Eólico para Galiza era aquel que, efectivamente, en 2011 foi vender Feijóo a Viveiro, pero tamén o que foi antes, no 2010, recollendo notas de prensa que aínda están no portal web da Xunta de Galicia, podíamos..., porque me parece que se están alí foi que nalgún momento Feijóo o dixo.

¿Sabe o que dicía Feijóo exactamente en xuño de 2010? Leo: “3.300 megavatios eólicos estarán adxudicados en Galicia a finais deste ano” –finais de 2010–, e seguía dicindo: “non só 2.300 do concurso eólico en trámite, senón que sumaremos 300 de plans eólicos empresariais, que teñan que sumar outros 500 megavatios que nos primeiros catorce meses do Goberno xa foron adxudicados, así como outros cen parques experimentais”. En definitiva, dicía o presidente, 3.300 megavatios funcionando ou adxudicados a finais deste ano –2010, era–. Era aquilo que se dicía de 13.000 postos de traballo e unha mobilización de, ¿canto era?, 6.000 millóns de euros –mobilizados, mobilizándose, sempre–.

Ben, en contraposición ás palabras de Feijóo e despois de chover moito, que houbo moito vento polo medio, noticia de onte: Industria, do Ministerio de Industria, fixa para Galicia a metade da nova potencia eólica prevista pola Xunta, a planificación do sector eléctrico ata 2020 prevé 1.200 megavatios, fronte aos case 2.400, que realmente eran 3.300 –pero bueno, é como as prazas de escolas infantís, máis ou menos 1.000 arriba, 1.000 abaixo, tampouco vai a estar aí ninguén contando exactamente cantos megavatios ou cantas prazas..., pois 2.400, imos collelos, que se suman ao concurso e aos proxectos anteriores–. Di que a Consellería de Industria está cociñando –xa nos explicará se vostede está cociñando– a incorporación de máis –aquí o di, eu leo, ¿entende?, se di que está cociñando, pois é que está cociñando, ¿non?; está negociando, entendemos que é a palabra que se quere utilizar, para ser máis correcta e exacta, ¿non?–..., están nese proceso para que Galicia chegue ata os 2.400.

A poder ser, tamén, explíquenos, dado que o sector eólico..., o Goberno de Feijóo considerou que era o gran plan industrial para Galicia e é o gran fracaso da política enerxética de Feijóo, ¡o gran fracaso!, que se existiran historiadores do ámbito enerxético –do ámbito económico farano– mostrarán o que foi botar abaixo un concurso eólico por sectarismo político, e o que foi entrar, realmente, neste proceso de destrución do estándar do eólico en Galicia.

Bueno, pois nesa situación podemos entender o que ocorreu con Vestas e con tantas empresas, como por exemplo Te-Solar: antes, xa que falamos do autoconsumo, tamén vostedes estiveron ao lado –eu recorde esa expresión dos traballadores e traballadoras de Te-Solar–, moi ao lado, pero a fábrica está pechada, perdeuse ese coñecemento, perdéronse os traballadores.

Polo tanto, dado que deixamos de lado o Plan Industrial ese do eólico, e estamos na industria 4.0, teño varias preguntas ou interpelacións respecto da industria 4.0, e de todo o RIS3 e da estratexia intelixente. Se o índice de produción industrial cae, e cae en maior medida que no Estado que se recupera. Se está caendo –traio aquí os datos para ser máis exacta–, a cifra de negocios industrial en Galicia caeu exactamente un 3,4%, mentres que no resto do Estado aumentou levemente un 0,9%, e se tamén o comportamento do emprego industrial non é de recuperación, senón que, simplemente, polos datos que eu teño nos últimos 12 meses, soamente

houbo 480 persoas incorporadas no ámbito do sector industrial, son varias as preguntas: ¿a que se debe que na era da industria 4.0 teñamos esa caída do índice de produción industrial?, ¿por que no último ano baixou a cifra de negocio industrial?, e ¿por que o comportamento laboral no sector industrial sigue sendo negativo? Consideramos que esas son as cuestións que debe vostede explicarnos a respecto do sector industrial.

Hai dous anos, nunha interpelación semellante sobre o sector industrial, eu dicíalle que caía o sector industrial como un castelo de naipes –e non era unha frase miña, senón que a recollía dun titular da prensa–, que a desaparición das antigas caixas fixo que moitas empresas vencelladas ao sector industrial tiveran fortes dificultades. Hoxe vemos que non hai recuperación desas empresas, senón que seguen pechando empresas. Por iso que, cando vostede nos está inundando cunha nova semántica respecto da industria –estratexia intelixente, industria 4.0...–, nós, como disciplinados alumnos e alumnas, estámolo aprendendo e estámolo repetindo.

Pero como cremos que a semántica tamén ten pragmática, ¿que significa iso nas accións concretas? É dicir, que significa iso para a creación dun tecido industrial que cos datos na man está á baixa. Non se está recuperando, non está no bo camiño, señor conselleiro, senón que 2014 foi un mal ano para a industria galega segundo os datos, non sei segundo as especulacións, pero segundo os datos foi un mal ano para a industria galega. ¿Por que? Explíquenos, déanos unha explicación de por que ese mal comportamento se vostede cre..., que xa que abandonamos o grande plan industrial para Galicia, que era o sector eólico, e falamos do gran fiasco do eólico... O plan que vostede presenta, que é a industria 4.0 por agora é tan virtual como todos os plans que nos leva presentado vostede no Parlamento.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Si, moitas grazas.

Señor presidente, señorías.



Señor conselleiro, rematou vostede falando do apocalipse, que como ben sabe, significa –en palabras de san Xoán– unha nova era que nos trae a salvación ou, neste caso, o desenvolvemento e crecemento económico. Eu non sei se o crecemento económico é o Plan Eólico, aquel que ía revolucionar o tecido industrial de Galicia, ou esa industria 4.0 da que vostedes empezan a falar agora.

Pero o certo é que os datos, os datos de que dispoñemos dinnos outra cousa. E xa que empezamos falando de..., quero falar de finanzas públicas un pouco, porque sen ningunha dúbida creo –estou convencido– no papel que o público ten na reactivación económica e no emprego. Antes, nunha pregunta, a súa compañeira de Goberno, a conselleira de Sanidade, esquecíase do IVA cando nos dicía os custes do hospital de Vigo. A min gustaríame que o incorporaran, que foran conscientes dos seus deberes fiscais para evitar posteriormente regulacións fiscais en amnistías pola porta de atrás, como tivo que facer o ex-vicepresidente do Goberno de España. Porque, indubidablemente, é a única maneira, falando con seriedade, de debater, ou debería ser a única maneira neste Parlamento.

Onte..., a vantaxe de falar os mércores é que, nas preguntas de primeira hora da mañá, o presidente da Xunta sempre nos abre un novo horizonte intelectual. Cada sesión..., si, si, sen ningunha dúbida, recoñézoo coa maior humildade posible.

Sen ir máis lonxe, hoxe falou exactamente de tres cousas: primeiro falou de datos *a boleo*. Eu coido, exquisitamente, cada vez que saio aquí e dou un dato cuantitativo, de dicir de onde o saco. Gustaríame que os membros do Goberno galego e o presidente da Xunta de Galicia, e os voceiros do Partido Popular fixeran exactamente o mesmo, para evitarnos ese desprestixio intelectual do Parlamento galego de datos *a boleo*.

Quedei tamén moi tranquilo porque a estimación do INE corrixiu os datos do crecemento do produto interior bruto galego: pasou do 0,4% ao 0,5%. Iso si, seguimos na cola a tres décimas, tres veces a corrección da seguinte comunidade autónoma.

E logo, xa, falou tamén de orzamentos falsos, orzamentos aprobados neste Parlamento. Por certo (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), si, si, señor presidente,

pero os orzamentos que presentaron vostedes aquí estaban feitos sobre un crecemento do PIB do 1.2 %, ¿ou non?, ¿non estaba esa cifra na data macroeconómico? Estaba, e con esa cifra fixeron as contiñas. ¿Eses non son falsos, verdade? Aí hai un erro de apreciación. Cando o fai a esquerda é falsidade.

Entón, eu creo que convén un mínimo de seriedade para poder falar das cuestións que ademais son absolutamente cuantificables. Desde logo, non para o presidente da Xunta, que o xoves pasado, tamén noutro alarde de finura intelectual dixo que a economía galega estaba sa. ¡Menos mal que non é médico!, ¿eh?, porque ollo clínico é, literalmente, de carai.

Porque mire, señor conselleiro, falou vostede aquí dalgúns datos. ¿De verdade cre que está sa? ¿Vostede cre que setecentos afiliados máis á Seguridade Social na industria, nun ano –que significaría tardar setenta anos en recuperar os postos de emprego perdidos– é unha economía sa? ¿Vostede parouse a pensar nalgún momento por que esta comunidade autónoma é practicamente a única de España en que as afiliacións á seguridade social son moi inferiores á caída do paro rexistrado? ¿Parou a pensar por que acontece isto? Non ten nada que ver coa industria 4.0, ¿eh? Ten que ver cun tecido económico, social e laboral absolutamente decepcionante e paralizado. Envellecido, emigrante ou decepcionado e desanimado.

Esa é a economía que o señor Feijóo di solemnemente en San Caetano que está sa. E, se non, rétolle a que vostede me dea outra explicación de por que en España as afiliacións á Seguridade Social son un 56 % superiores ao descenso do paro rexistrado, e en Galicia son un 30 % inferiores, señor conselleiro. Quero que me fale destas cousas, non quero que me fale da industria 4.0, de miles de millóns de euros mobilizados, do Apocalipse segundo san Xoán, nin de ningunha desas tonterías. Quero que me explique por que temos un comportamento radicalmente distinto ao do resto de España. ¡Así de sinxelo!

Eu creo que non podo ser máis explícito e máis claro. Pero pódolle ler algún titular de por que acontece iso. Acontece iso porque os servizos son pouco cualificados, con empregos de baixa remuneración, de alta temporalidade e, polo tanto, inestables laboral e socialmente.

Logo, por certo, falaba o señor presidente de demografía e de plans de crecemento da poboación. Pero oia, ¿como poden falar diso cando temos o salario medio máis baixo de España excepto Extremadura? ¿Como poden falar diso? Ou mellor, ¿de que nos están falando? ¿De verdade que poden dicir que é sa a situación da economía galega? Ou cando os sindicatos denuncian que a cobertura por desempregos cae a mínimos históricos. E imos ao negociado concreto, señor conselleiro.

Vostede dixo, ou eu entendín -ao mellor é que teño algún déficit cognitivo, que tamén pode ser-, que a industria se estaba recuperando. Hoxe o presidente dixo que unha das razóns polas que medrabamos ese espectacular 0,5 % revisado polo INE era porque a industria ía mal. E o certo é que vai mal. O certo é que o último ano o índice de produción industrial, que no conxunto de España aumentou, aínda que pouco, o 1,1 %, en Galicia baixou o 3,5 %; a terceira pola cola. Por certo, non son datos a voleo, é o Instituto Nacional de Estadística, señor conselleiro; non son datos a voleo. O único que utiliza datos a voleo neste Parlamento é o señor Núñez Feijóo, é o señor Núñez Feijóo, *(Aplausos.)* ¡o único! O único que nos leva dicindo que se crean miles de postos en escolas infantís, en residencias da terceira idade, en novos hospitais, en novos centros de saúde. Pero ¿de verdade poden falar vostedes de datos a voleo? Fálennos de mobilizacións, fálennos de mobilizacións de miles de millóns de euros. Daqueles 6.000 millóns de euros que ía mobilizar o plan eólico e os 14.000 empregos.

Falamos tamén de internacionalización, señor conselleiro, e entramos aquí nunha cuestión que, efectivamente, onte se debateu en relación coa empresa Vestas.

En internacionalización, vostede fixo diso un dos eixes fundamentais da súa acción de goberno. Vaime permitir de novo, con todo o respecto aos traballadores do Igape, cuns niveis orzamentarios e de execución vergoñentos, inexplicables dende a dirección política dun organismo público. Sona a tópico, pero en calquera empresa privada —e vostede que vén dunha universidade privada estou seguro de que conceptualmente me entende— estarían na rúa.

En internacionalización, efectivamente, temos os datos. En exportacións, no ano 2014, unha caída do 3,2 %, o segundo

peor dato de España. Eu rétoa a que me diga que este dato está dado a voleo, porque é un dato do Ministerio de Economía e Innovación, da Dirección Xeral de Comercio Exterior. E na entrada de capital estranxeiro, como seguro que tamén vostede sabe, o 0,29 % do total de España; o 0,29 %, cando temos o 5 % do PIB e o 6 % da poboación. E ademais caeu un 76 % fronte ao ano 2013. E non nos estraña, claro, ¡como nos vai estrañar? No programa 741A, que é basicamente de onde bebe o Igape, o nivel de execución caeu ata o 33 %, é dicir, de cada 3 euros dispoñibles, vostedes gastan 1. Pero é que ademais executan sobre un orzamento que se reduciu nun 50 %. É dicir, fronte ao ano 2009, aquel ano maldito do bipartito en que esta comunidade autónoma estaba sumida no subdesenvolvemento, e que a diferenza de agora, que nos parecemos a Finlandia, parecíámonos a Bangladesh, pois indubidablemente multiplique, que é moi fácil. Se se reduciu o orzamento un 50 % e...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Vaia rematando.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...a execución é un 33 %, estamos falando en termos prácticos dun 15 % de finanzas públicas ao servizo dos procesos de industrialización, señor conselleiro.

E volvendo a Vestas. Un sector fundamental, o sector metal-mecánico, vinculado ás renovables. Un sector no que, indubidablemente, Galicia tiña unha posición de liderado importante, unha estratexia enerxética que non era só de Galicia, e que, por certo, se iniciou con gobernos do Partido Popular, co señor Fraga; é verdade que con certos niveis de discrecionalidade, pero se iniciou nese momento.

Hoxe temos un titular perfecto da metáfora que foron os ataques ás renovables e, polo tanto, o desemprego deses traballadores de Vestas. Consejero delegado de Enel, que, como vostede ben sabe, é o dono de Endesa, una empresita italiana que levou 15.800 millóns de euros da venda dos activos de Endesa en América Latina...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Remate, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...sen que o Goberno de España nin o Goberno de Galicia dixeran nada. ¿Sabe o que di este señor, por certo, na portada, a cinco columnas? *Las renovables no son el futuro de la generación en España.* ¡Claro que

no, para Enel no! Para os traballadores de Vestas seríano. Lamentablemente, coa súa...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...auténtica limitación...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Losada...

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...limitación...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...limitación en canto á acción política, señor conselleiro. Limitación, si, non me poña esta cara... Non foi capaz...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...de dicirmos aquí nada sobre a venda dos activos de Endesa...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Xa terminou o seu tempo, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...por parte da empresa Enel.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Eu rétoo a que nos diga algo. Díganos que lle parece mal, polo menos. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grupo Parlamentario Popular. Señor Tellado.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todos.

A verdade é que xa dixemos nalgunha ocasión que a oposición en Galicia está instalada nese catastrofismo interesado, nun oportunismo político esaxerado. Vostedes están instalados nesa situación de canto peor, mellor; mellor para voste-

des, claro está. Todo vai mal para esta oposición, e iso que o paro está a baixar. Son datos oficiais, señor Losada. Todo está moi mal, pero o certo é que hoxe hai 24.300 parados menos que hai un ano; un 8,8 % menos que hai un ano. Todo está moi mal, pero o certo é que levamos 17 meses consecutivos de baixadas interanuais do desemprego. Todo está moi mal, pero hoxe hai 17.000 afiliados máis á Seguridade Social que hai un ano. Todo está moi mal, pero o certo é que no mes de marzo Galicia foi a terceira comunidade autónoma na que máis baixou o paro en toda España.

¿Podíamos estar mellor? ¡Home, por suposto!, ¡claro que si! Pero imos na boa dirección e iso é innegable; na dirección contraria da que íamos cando gobernaba o Partido Socialista.

O PIB galego medrou un 0,5 %. A vostedes parecerálles pouco, pero era menos cando gobernaban vostedes, que había un decrecemento da economía. Hoxe a economía está medrando e, dende logo, *(Interrupcións.) (Protestas.)* hai un cambio de ciclo, por moito que lles moleste. *(Aplausos.)*

É verdade que crear tecido produtivo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* É verdade que crear tecido produtivo é máis difícil que destruílo.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Silencio, por favor.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Pechar é moi sinxelo, e pechar unha empresa é moi fácil. Abrir un negocio, crear unha empresa, reactivar a economía, é moito máis difícil, e é, dende logo, moito máis lento.

Pero o certo é que as perspectivas de futuro son positivas, por moito que lle moleste ao Partido Socialista. O 2014 foi o ano de partida para iniciar a recuperación económica en España e tamén en Galicia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E o que desexamos é que esa recuperación se consolide neste ano e que se acelere. E cremos que hai indicadores adiantados que xa indican que imos nesa dirección, por moito que ao Partido Socialista lle moleste. Os pedidos na industria medraron en Galicia un 7 % segundo os indicadores adiantados, señor Losada, datos oficiais. O índice de comercio polo miúdo tamén medra un 4,2 % no último ano. O indicador de confianza do consumidor, no primeiro trimestre de 2015, mellorou en 15 puntos, en comparación co mesmo período do ano anterior.

Non hai que ir a ningunha estatística falsa. Os datos a voleo, señor Losada, eses son os seus. Hai que ir simplemente aos teletipos das axencias. No día de hoxe, ¿que di a Axencia EFE? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) *Los nuevos vehículos comerciales de General Motors se construirán en PSA Vigo.* Lamento que perderan a oportunidade de felicitar o Goberno da Xunta de Galicia por todo o que ten feito polo sector da automoción. Perderon esa oportunidade (*Aplausos.*) porque están nesa situación na que, canto peor, mellor, e non é así.

E non é que nós esteamos satisfeitos (*Interrupcións.*), é que están satisfeitos...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Silencio, por favor.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...tamén os sindicatos de Citroën.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Señor Gallego, señor Gallego, escoite.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Europa Press, señor Gallego, Europa Press: *Sindicatos de Citroën ven positiva la alianza con General Motors para afianzar la producción de Vigo.* (*Protestas.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) *Confían en que el acuerdo permita aumentar la carga de trabajo y repercutir...*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Tranquilidade, tranquilidade, estamos rematando xa.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...en creación de empleo a medio plazo.

Lamento que sigan sen estar satisfeitos.

Señor Losada, teletipos de hoxe. Galicia, terceira comunidade onde máis aumenta a confianza empresarial. Axencia EFE. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Señor Losada, Europa Press, desta mesma tarde. *La creación de empresas alcanza las 391 en febrero en Galicia.* Un 7,7 % máis, e sitúase como a segunda con máis dinamismo. E ¿de onde veñen os datos? Do INE, non veñen (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) a boleo nin do Partido Socialista, veñen do INE.

Falaban de Vestas. Señor Fajardo, eu creo que a verdade é que a vostede o que lle molesta é que o Partido Popular de Lugo e o Partido Popular de Galicia apoiem e defendan aos traballadores de Vestas. Nós imos seguir nesa situación. E sobre os ERE eu o que lle aconsello é que lles pida explicacións aos xulgados (*Murmurios.*) (*Aplausos.*), non ao Partido Popular.

Señora Adán, a verdade é que vostedes teñen memoria fráxil e débil porque se olvidan de que vostedes gobernaron en Galicia e que ademais tiveron competencias en materia de industria. Claro, sacar peito co sector eólico... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ...a verdade é que pode interpretarse como unha auténtica burla. Aquele concurso pragado de irregularidades foi o que estivo a piques de afundir o sector eólico en Galicia. E iso das irregularidades non o digo eu, non o di o Partido Popular, é que o dicían os seus socios de goberno dende o Partido Socialista, que recorda vostede ben que non quixeron apoiar ese concurso eólico do Bloque Nacionalista Galego nun consello da Xunta. Polo tanto, non nos falen dende o BNG do sector eólico e do concurso eólico.

Por certo, ¿que fixeron vostedes polo sector naval cando tiñan responsabilidades en materia de industria? Pois a gran proposta que fixeron foi tentar privatizar a antiga Astano. Polo tanto, nós, leccións dende o Bloque Nacionalista Galego en materia de industria non aceptamos ningunha.

¿Que está a facer a Xunta de Galicia a día de hoxe? Pois a Xunta de Galicia traballa nesa dirección, en apoiar os emprendedores, en apoiar a internacionalización das nosas empresas, en apoiar a investigación, en apoiar a innovación. Esa é a folla de ruta do Goberno galego, unha folla que vén contemplada na Axenda da Competitividade de Galicia Industria 4.0, que tanta risa lle provoca sempre ao señor Losada.

Si, señor Losada, a nós preocúpanos garantir e blindar a competitividade das empresas galegas e das empresas españolas. Unha competitividade que vostedes puxeron en entredito durante o Goberno do señor Rodríguez Zapatero, porque vostede lembra igual ca min que a irresponsabilidade dese goberno levou o noso sistema enerxético a unha situación de insostenibilidade. Vostedes deixaron un déficit de tarifa de 26.000 millóns de euros e incrementaron os custos enerxéticos.

cos para as empresas españolas nun 68 % durante o seu mandato. Diso vostedes xa non se acordan, nada ten que ver iso coa situación da industria española e galega, parece ser. Bueno, pois a verdade é que vostedes daquela estaban instalados na demagogia, na propaganda máis lamentable, inflando a burbulla das renovables con operacións de *marketing*.

Eu a verdade é que atopei un papel na miña casa e me recorrou a súa política enerxética, a política enerxética do Goberno socialista. Non sei se lembran aquel regalo de 49 millóns de bombillas aos españois. Enviaron a todos os domicilios un vale por unha bombilla. Esa foi a gran aposta, a gran aposta do Goberno socialista, (*Aplausos.*) ¡un vale para comprar unha bombilla, para ir a Correos a recoller unha bombilla! Vostedes gastaron 7 millóns de euros para regalalles a todos os españois 49 millóns de bombillas. Por certo, alemás; alemás, por certo. Non eran nin sequera españolas.

Pois, señor Losada, vostedes facían estas memeces (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) mentres afundían o sistema enerxético español e condicionaban a competitividade de presente e futura das empresas españolas. (*Murmurios.*) Non se preocupen, retiro a palabra “memez”; retiro a palabra “memez” se tanto lle molesta á Alternativa Galega de Esquerda; Alternativa Galega de Esquerdas, que xa non recordo o nome. (*Murmurios.*) (*Protestas.*)

Señor Fajardo, vostedes están en contra de todo. Eu creo que non é crible que Alternativa Galega de Esquerdas veña aquí a dicir que está preocupada pola industria de Galicia. Eu, dende logo, non o creo. Non o creo porque vostedes, dende o seu partido, ou dende os partidos que conforman a súa coalición, queren pechar a planta de gas de Reganosa na ría de Ferrol; unha planta na que hai 65 empregos directos e 100 indirectos. Ademais, nas empresas nas que xera emprego inducido son 7.000 as persoas que traballan nas industrias derivadas. (*Murmurios.*) Vostedes propoñen tamén o peche da central térmica de Endesa nas Pontes, na que traballan 300 persoas e hai 500 empregos indirectos. Vostedes están en contra tamén do Centro de investigacións de avións non tripulados de Rozas, en Castro de Rei, que vai ter un investimento de 10 millóns de euros. Vostedes queren o peche de Ence en Pontevedra e se esquecen dos 5.000 empregos entre directos e indirectos que xera esa planta. Vostedes queren acabar coa minaría en Galicia, da que dependen 7.000 familias. Vostedes tamén están en contra do proxecto da multina-

cional española Gestamp para instalarse nos terreos ociosos da antiga Astano e producir no sector da eólica mariña. Vostedes, en boca da señora Yolanda Díaz, tamén están en contra dun contrato de Iberdrola que dá traballo ao sector naval na ría de Ferrol, na construción de 29 *jackets* de eólica mariña para...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...o mar do Norte. Vostedes están en contra de todo iso.

En definitiva, eu creo que son exemplos de sobra para demostrar que Alternativa Galega de Esquerdas non pode vir a este Parlamento a dicir que está preocupada pola industrialización de Galicia, porque vostedes o que propoñen, cada vez que veñen a este pleno, é pechar algunha empresa vinculada ao sector industrial.

Señor conselleiro, vostede debería estar preocupado se estes grupos da oposición apoiaran as súas propostas. Como non o fan, eu creo que nós ao que estamos obrigados é a felicitalo e instalo a seguir traballando na mesma dirección.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Rolda de réplica. Ten a palabra o señor Fajardo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

Pode falar dende aí, se quere.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** A verdade é que intervir despois desta sarta de... Non podo dicir algunha palabra. Memeces si porque a dixo el...

**A señora PRESIDENTA:** Non, porque a retirou. Ou sexa que faga o favor. (*Risos.*)

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Outro exemplo de igualdade de trato: Fajardo, memeces non pode dicir. Os do PP pódena dicir...

**A señora PRESIDENTA:** Non, non.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Non, non, non pasa nada.



**A señora PRESIDENTA:** Retirouna.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Non pasa nada, acepto esta forma peculiar de dirixir os plenos.

Mire, a verdade é que un non deixa de saír do seu asombro coas dificultades que vai entrañar para min esta réplica, porque claro, coa censura, as dúas tarxetas, todas esas cousas, vai ser difícil que me poida explicar con certa calidade democrática.

Algúns acusaron á oposición de dar datos a voleo. Agora o melloraron, din que os deron ao chou. Porque falar dos empregos que xeran determinadas industrias así, ao chou, sen ningún tipo de referencia empírica que se poida demostrar, é tremendo.

Eu recordo cando no meu concello puxeron en risco o conxunto da ría prometendo máis de 150 postos de traballo na central de hidrocarburos de Ferrazo, e resulta que ao final eran dous, ¡dous! Digo un exemplo.

Falamos, por exemplo, de Reganosa, que non son eses que di el, hai 40 con sorte. Polo tanto, os datos ao chou son perigosos cando es –aínda que sexa de casualidade– o portavoz do Partido Popular en Galicia. ¡Iso é un perigo! Pero, sobre todo, tamén é un perigo que vostedes non sexan coherentes co seu presidente. Porque mire, o seu presidente esta mañá dixo que se comportaba mal a automoción e que non era responsabilidade del. E resulta que agora veñen o conselleiro e o portavoz do Partido Popular a dicir que si, que o mérito do novo contrato é do Goberno. Aclárense entre vostedes, falen un pouco. Eu sei que entre as viaxes a Cuba, as visitas en Montepío, os regalos de la hostia e as contratacións de cursos de formación –que tamén traen regalos aparelados– non teñen tempo para estas cousas. Pero é bo que un goberno fale entre si e teña, cando menos, o mesmo argumento.

Porque a realidade é teimuda, e a realidade é que vostedes viven nun país distinto ao que vive a maioría social deste país. Vou falar soamente de desemprego nos sectores industriais, datos oficiais da páxina web do IGE de Galicia, e sectores industriais desde que vostedes chegan ao Goberno. Fabricación de bebidas, -110 postos de traballo; industria téxtil, -500; confección, -3.000; industria da madeira, -3.000; artes gráficas, -900; fabricación de produtos minerais

non metálicos, -5.000 postos de traballo; metalurxia, -7.000 postos de traballo; fabricación de mobles, -1.800. Podo continuar así, con toda a retahíla de datos negativos de emprego de industria desde que vostedes chegaron ao Goberno. Polo tanto, a un moléstalle profundamente, cando se é o máximo responsable de industria deste país, que se fale con esa –digamos– soltura plantexando cousas que non son reais. E, sobre todo, cando vostede vén aquí a facer defensa da internacionalización. Dous exemplos de internacionalización: Vestas, 150 postos de traballo menos pola súa internacionalización. Industria agroalimentaria, conservas. Cando vostedes van a Chile, a promover a internacional da industria, están poñendo diñeiro público para que empresas galegas se deslocalicen, e pasemos de máis de 1.000 empregos nesa industria, na comarca de Vilagarcía, a case ningún no día de hoxe. E iso faise con diñeiro público; desemprego con diñeiro público. Ao mellor, cando o Partido Popular fala de internacionalización, fala dese concepto de movemento de capitais a Suíza que controla moi ben o Partido Popular, e, en moitos casos, os grandes responsables do Partido Popular. Porque, falando da internacionalización, teríamos que falar dos 750 cargos públicos que hoxe se descubre que foron amnistiados –por esas formas estrañas que teñen vostedes de utilizar o diñeiro e os cartos públicos–, segundo os últimos datos que figuran hoxe nos teletipos, que son os que utiliza o portavoz do Partido Popular de datos públicos, os teletipos. A diferenza entre un organismo e un teletipo é bastante. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, ten bastante. Vostede entendo que é un mercenario disto e ten que vostede defender o que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, claro, mercenario da política do Partido Popular. Cada un ten a súa responsabilidade, non pasa nada por iso.

**A señora PRESIDENTA:** Señor Fajardo, faga o favor.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** ¿Tampouco podo dicir mercenario?

**A señora PRESIDENTA:** Non.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Mercenario tampouco se pode dicir, que o saibades.

**A señora PRESIDENTA:** E recórdolle que ten dúas chamadas á orde. ¡Faga o favor!

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Bueno, neste exercicio de democracia o único que quedou claro é que esperamos que o conselleiro diga dúas cousas aquí...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Fajardo, rematou o seu tempo.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** ...cal é o seu plan de industria e que pensa facer para defender os 150 postos de traballo que perden os compañeiros de Vestas en Viveiro.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Réplica do conselleiro de Economía e Industria, señor Conde López.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Fajardo, señora Martínez, viñeron aquí a poñer en entredito o esforzo que os nosos empresarios, o noso sector produtivo, está facendo en materia de internacionalización. Eu laméntoo moitísimo, señores Fajardo e Martínez. Son 6.235 empresas as que exportaron o ano pasado; 6.235 empresas que demostraron a súa capacidade, a súa competitividade, para vender nos mercados internacionais. E o tecido produtivo, grazas ao esforzo dos propios empresarios e ao apoio do Goberno, non é só Inditex nin Citroën, senón que son todas esas empresas que crean emprego *(Aplausos.)* e que crean economía no sector produtivo.

En calquera caso, vostedes veñen aquí e eu laméntoo, ningún dos grupos da oposición falou de política industrial. Laméntoo profundamente. En calquera caso, eu responderei a todas as cuestións que vostedes plantexaron.

A verdade é que o Bloque Nacionalista Galego, unha vez máis, rexeita o posible debate sobre a oportunidade de apoiar a industria madeireira e a industria papeleira en Galicia. Unha vez máis tivo a oportunidade, por dúas ocasións, e de novo o rexeita. Iso si, enseguida os grupos da oposición rexeitan a posición de Reganosa en Galicia, a posición da central de Meirama e das Pontes, non á mine-

ría. Sinceramente, señor Fajardo, eu lamento que non lles coincida esa situación con ese modelo que vostedes defenden, regulado, ese modelo intervindo, ese modelo illado que parece que desexan importar de réximes amigos. Ese non é o modelo do Partido Popular, e dígollo claramente e con toda cordialidade. *(Aplausos.)*

Nós non cremos, señor Fajardo, nese modelo porque nós no que cremos é, efectivamente, na cooperación público-privada, no que cremos é na innovación, no que cremos é na competitividade e no que cremos é, precisamente, no emprego e en fortalecer o noso tecido produtivo.

Fala o Bloque Nacionalista Galego e tamén o PSOE da situación do eólico. Eu lamento tamén a falta de rigor do señor Fajardo cando queren falar e, efectivamente, veñen aquí falar con recortes de prensa. Laméntoo profundamente, porque vostedes saben perfectamente..., *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

**A señora PRESIDENTA:** Silencio, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López):** ...señor Fajardo, que en ningún momento o ministerio reduciu...

**A señora PRESIDENTA:** Perdoe un momento, señor conselleiro. Perdoe un momento.

¡Por favor! Supoño que non están vostedes na interpelación tamén. Deixen falar ao conselleiro, ¡fagan o favor!

Continúe, conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López):** Si, vostedes saben, o que pasa é que non o queren escoitar, que o Goberno non reduciu a capacidade instalada en Galicia, que o Goberno non fixou para Galicia ningún tipo de tope para o desenvolvemento dos megavatios en Galicia; non o fixo en ningún momento. Eu invitaría... Loxicamente, como saben perfectamente que a planificación eléctrica se está a desenvolver... O Goberno non está cociñando, está defendendo os intereses do sector eólico. E loxicamente, como saben perfectamente, o desenvolvemento do sector eólico a día de hoxe depende exclusivamente dos promotores, de que, efectivamente, queiran culminar a súa tra-

mitación administrativa e de que poñan en servizo os diferentes parques.

Este goberno o que fixo foi defender o sector eólico introducindo medidas de carácter fiscal, de carácter normativo. Polo tanto, o sector neste momento, señora Adán, efectivamente, está en disposición de desenvolver os diferentes proxectos para incrementar o desenvolvemento do sector eólico.

Señor Losada, falsearon os ingresos. Sabe perfectamente que falsearon os ingresos e sabe perfectamente que este goberno tivo que asumir 2.000 millóns polas declaracións negativas que no ano 2008-2009 xerou o seu partido no Goberno. E vostede sabe perfectamente... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

**A señora PRESIDENTA:** Señor Losada, o seu tempo terminou. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Unha chamada a orde, señor Losada?

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López):** Se quere falar cun pouco de rigor, entón eu lle diría que no ano 2009 a previsión do seu Goberno foi do 1,3 %, a realidade foi -3,5 puntos de desvío; e no ano 2014 a previsión deste Goberno foi de 0,8, e a realidade do 0,3.

**A señora PRESIDENTA:** Señor Losada.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López):** Pero, se quere falar de execución, pode falar do Fondo tecnolóxico, iso que deixaron vostedes no 5 % e que nós fomos quen de executalo ao cen por cento.

¿Quere falar da execución do Igape? Como vostede sabe perfectamente, señor Losada, a execución do Igape, se nós aplicamos os criterios que aplicaba o bipartito, sería unha execución do 90 %, porque vostedes contabilizaban como executada a propia publicación e a adxudicación, non a propia execución dos diferentes proxectos.

Polo tanto, señor Losada, lamento profundamente que centre ese debate... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

**A señora PRESIDENTA:** Remate, conselleiro, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López):** En calquera caso, loxicamente, este goberno está disposto a falar permanentemente da política industrial, da competitividade da nosa industria...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López):** ...e, loxicamente, a escoitar as propostas da oposición. Neste caso, esta tarde, lamentablemente, non houbo ningún tipo de proposta, ningún tipo de debate sobre política industrial.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Señor Losada, rematou, rematou xa a interpelación. Dígoo por se non se dá conta. *(Risos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, si, pero iso despois.

Imos continuar co desenvolvemento da orde do día.

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Carmen Gallego Calvar e tres deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto do estado en que se atopa a atención das demandas do colectivo de pensionistas emigrantes retornados en relación coa súa tributación fiscal**

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra a señora Gallego –agora si– para formular a súa pregunta.

**A señora GALLEGO CALVAR:** Moitas grazas, presidenta.

Terá vostede que entender que, ante a falta de rigor e a insolvencia dalgúns dos membros do Goberno, algúns desde os asentos nos temos que rebelar. Porque joír dicir aquí que o Goberno anterior falseaba as contas por parte dun goberno...

**A señora PRESIDENTA:** Señora Gallego.

**A señora GALLEGO CALVAR:** ...que leva seis anos mentíndolle a este Parlamento!

**A señora PRESIDENTA:** Silencio, por favor.

**A señora GALLEGO CALVAR:** ¡En fin, señores do Partido Popular, en fin! *(Aplausos.)*

Mire, señor conselleiro, a pregunta está formulada e é moi sinxela. ¿Considera o Goberno galego se están satisfeitas as demandas do colectivo dos pensionistas emigrantes respecto da súa tributación? Esa é a pregunta que lle formulamos no día de hoxe desde o Grupo Parlamentario Socialista, grupo que, como sabe vostede, foi o que trouxo a este Parlamento unha iniciativa, que logo aprobamos por unanimidade de todos os grupos, para poñerlle remedio a unha inspección masiva e planificada que o Goberno do señor Rajoy fixo contra os pensionistas emigrantes retornados, no noso país e en toda España.

Inspección masiva e planificada que se fixo contra os pensionistas emigrantes retornados, namentres se perdoaban e se facían amnistías fiscais aos amigos, e non só aos amigos, senón tamén a altos cargos do Partido Popular, como estamos observando estes días. *(Aplausos.)* Pois ben, diante desta iniciativa que foi aprobada por unanimidade, hai que dicir que a día de hoxe, a pesar de que se abriu, efectivamente, ese prazo a primeiros deste ano e que remata o 30 de xuño, para devolverlles o que xa non lles tiñan que ter cobrado, que eran os intereses de demora e as sancións a estas persoas, a pesar de que se abriu ese prazo, insisto en que nós non compartimos como se fixo, porque pediramos que se fixera unha devolución de oficio e non se quixo facer así por parte da Axencia Tributaria, o certo é que a meirande parte deses compromisos que se acadaron nesta Cámara están hoxe incumplidos.

Un deles era falar co Goberno central e cos gobernos dos distintos países da Unión Europea para que as persoas emigrantes retornadas que tiñan recoñecida nos países de onde viñan algún tipo de discapacidade, ao chegar a España se lle homologara, porque moitos deles, con esas discapacidades, estaban exentos de tributar neses países, e, sen embargo, ao chegar a España a situación fiscal era ben distinta, tan distinta que moitos deles incluso teñen que pagar a persoas privadas para que lles fagan tradución dos documentos porque na Seguridade Social, por exemplo, non lla fan.

Esta é unha cuestión que está sen resolver, e a min gustaríame saber que xestións fixo o Goberno do señor Feijóo para que esta cuestión se resolva.

Tamén me gustaría saber que xestións está facendo o Goberno galego para que, ante desta regularización que se está facendo neste momento, haxa máis medios á disposición das persoas usuarias. Vostede, coma min, somos do Morrazo. Sabe vostede que en apenas tres concellos do Morrazo hai máis de 60.000 persoas afectadas. Vostede comprometeuse hai máis dun mes, conselleiro, coas persoas que están arriba na tribuna, que estiveron reunidas con vostede, a que se ían dotar de medios para que non tiveran que soportar... *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Gallego. Señora Gallego, rematou.

Ten a palabra o conselleiro de Facenda, don Valeriano Martínez.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Moitas grazas, presidenta.

Como xa adiantou vostede, as peticións deste colectivo foron recollidas nun acordo unánime deste Parlamento e trasladadas ao Ministerio de Facenda. A Xunta de Galicia, dende o primeiro momento, adoptou unha actitude proactiva coa problemática dos emigrantes retornados, actuando dentro do noso marco competencial. Así se mantiveron e se manteñen reunións coas asociacións de afectados, e trasladamos as súas inxerencias, a través dunha comunicación directa, ao Ministerio de Facenda para tratar de solucionar esta situación, manifestando sempre que non estamos ante un colectivo defraudador. Insistimos en que se producira unha falta de información con este colectivo, e que os que non declararan as súas pensións no estranxeiro o fixeran sen ningún ánimo de ocultalas.

Froito das xestións realizadas polo Goberno galego, o Goberno do Estado introduciu unha modificación na lei do IRPF, como ben coñece. Esta modificación establece a condonación de intereses, recargas e sancións impostas, e abriu un período de regularización voluntaria.

Dende o pasado primeiro de xaneiro está aberto o prazo para solicitar a devolución das sancións e dos intereses de demora xa impostos. Trátase dun trámite moi sinxelo, presentar un escrito onde se identifica o contribuínte, os anos correspondentes á débeda tributaria reclamada, e o número de conta. ¿Para que? Para que se lle aboe o ingreso da devolución.

Para atender este colectivo, a Xunta de Galicia, a través da Atriga, destinou persoal específico nas súas cinco delegacións e nos servizos centrais. ¿Para que? Para a presentación de solicitudes de información. E habilitouse un teléfono, así como información específica, a través da nosa páxina da Atriga na web.

Tamén a finais do mes de xaneiro a Xunta asinou un protocolo de colaboración coa Axencia Tributaria Estatal. ¿Para que? Para a asistencia a estes pensionistas retornados. Así, dende o primeiro de marzo e ata o 30 de xuño, os pensionistas retornados están a recibir asistencia para levar a cabo un proceso de regularización nas oficinas da axencia estatal, a través de plataformas conxuntas nas que participamos nós tamén, e unha campaña centrada exclusivamente no colectivo de retornados como, por exemplo, o que prestamos cando é a compañía da renda. Este colectivo pode solicitar, dende mediados do pasado mes de febreiro que se abriu o prazo, a cita previa. E unha vez solicitada a cita previa, os emigrantes retornados poden acudir ás oficinas levando a documentación para completar o proceso de regularización.

¿Que fixemos nós? Un convenio coa Axencia Tributaria estatal. ¿Para que? Para a asistencia a estes colectivos. ¿Reforzando que? Reforzando con 26 persoas as 40 totais que nestes momentos están prestando este tipo de axuda.

¿E cal é o obxectivo? Que todos os pensionistas retornados que precisen axuda para regularizar as súas obrigas tributarias a reciban.

Polo tanto, señorías, unha vez máis móstrolle o meu apoio, e o do Goberno do que formo parte, a este colectivo, como xa se transmitiu en múltiples ocasións en sede parlamentaria, tanto en Pleno como en distintas comisións. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, conselleiro.

Réplica da señora Gallego Calvar.

**A señora GALLEGO CALVAR:** Moitas grazas, conselleiro, pero esa información xa a coñecemos. Preguntábaslle polos compromisos que vostede adquiriu en marzo e que aínda non cumpriu. Preguntábaslle pola diferenza de trato das persoas con discapacidade, en función do país de onde veñen a España. Diso non nos respondeu nada.

Preguntábaslle polo persoal para poñer nos concellos, ao que vostede se comprometeu, por exemplo, cos veciños e veciñas da comarca do Morrazo, da que vostede e máis eu somos orixinarios.

Preguntábaslle por ese compromiso que vostede non cumpriu e preguntámoslle por algo máis. ¿Vostede considera que sería moi difícil contemplar as pensións, as dúas pensións que están percibindo a meirande parte deles, coma unha única pensión? Se non o considera moi difícil a efectos de tributación, ¿por que non están facendo ningunha xestión co Goberno central?

Señor conselleiro, os logros que se conseguiron, foron grazas á presión de todas as persoas que forman parte das plataformas de pensionistas emigrantes, porque a Axencia Tributaria estatal comportouse con estas persoas dun xeito absolutamente mequino e ruín. Aínda a día de hoxe non lle pediu desculpas; aínda a día de hoxe no restituíu a súa boa honra; e aínda a día de hoxe moitos cidadáns poden percibir como a Axencia Tributaria estatal os persegue como auténticos delincuentes fiscais ou defraudadores, cando non o foron. Aínda a día de hoxe, se no fora pola presión deste Parlamento e das plataformas, a Axencia Tributaria non tería aberto nin as oficinas de Monforte nin as de Viveiro, que as tiña pechadas e non as quería destinar para facer estes traballos. Esa é a realidade, conselleiro, a pesar da propaganda.

Eu insisto en preguntarlle a vostede, ¿como considera o Goberno galego que se está comportando a Axencia Tributaria estatal?

E unha cousa máis, señor conselleiro. ¿Non sería bo que a Axencia Estatal de Administración Tributaria se dirixise unicamente a aqueles pensionistas emigrantes retornados que teñan que facer a declaración, e non ao conxunto, o que está xerando –como vostede sabe– unha grave inxedanza en milleiros de galegos que non teñen obriga de... *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Gallego. Moitas grazas, señora Gallego, rematou o seu tempo.

Réplica do Goberno. Ten a palabra o conselleiro de Facenda, don Valeriano Martínez.



**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Grazas de novo, señora presidenta.

Como dicía anteriormente, a Xunta está a poñer todos os medios que temos á nosa disposición, máis alá incluso da nosa competencia. Poñamos en valor eses 26 empregados, que parece ser que xa están descontados automaticamente, que teñen un custo de 300.000 euros, e que permiten ter nestes momentos os datos dos que dispoñemos.

Das 6.307 persoas que foron atendidas en Galicia, 3.878 foron na Axencia Tributaria, e, por exemplo, 2.429 foron con persoal que prestamos desde a Atriga.

Facía referencia vostede tamén a un tema moi concreto. En Foz e Monforte, ata onde teño coñecemento, a Axencia Tributaria nestes momentos xa está dando cita. Polo tanto, poñamos en valor as cuestións.

Tamén se acaba de adiantar, dúas veces nesta reunión –non por adiantar as cousas ás veces se ten máis razón–, determinada reunión que houbo comigo –recén nomeado conselleiro de Facenda– en relación cun tema moi concreto, como pode ser o das incapacidades que son recoñecidas no país de orixe.

Por certo, xa me puxen en contacto a través dunha carta co Instituto Nacional da Seguridade Social; en concreto, mellor dito, co Ministerio de Emprego, o 8 de abril. Por certo, hai dous días a propia conselleira de Traballo –que está aquí presente e poderá corroborar o que estou dicindo– tivo unha reunión con don Tomás Burgos onde se confirma que existe un convenio, en principio, entre a Axencia Tributaria estatal e o INSS. ¿Para que? Para tratar de axilizar o que eu mesmo lle propoñía, que era un procedemento cuasí automático para que cheguemos a tempo antes de que remate o 30 de xuño. ¿Para que? Para recoller estas excepcións e que automaticamente as persoas non teñan nin labores de tradución nin tal..., e teñan asegurado que van ter esa exención. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Paréceme que a reunión a tiveron con eles non hai un mes, nin un mes. En concreto debe de haber tres semanas.

Polo tanto, seguimos como ao principio. Non estamos ante colectivos defraudadores, senón ante persoas e colectivos aos que lles temos moito que agradecer. Polo tanto, a Xunta

e este goberno cunha absoluta implicación e compromiso desde o principio, nunha situación que, como adiantaba vostede e eu tratei de contestar, é evolutiva, pero sempre nos terán ao seu lado. É de xustiza. Cremos que é o que debemos de facer, antes, agora e sempre.

Espero que vostedes, que estiveron antes, estean agora e estean sempre.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, conselleiro.

**Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre as expectativas do Goberno galego en relación co plan deseñado para impulsar o Centro de Innovación e Servizos, CIS-Galicia, localizado en Ferrol**

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra o señor Tellado para formular a súa pregunta.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Grazas, señora presidenta.

Pois imos falar de Ferrol unha vez máis. Eu lamento que non estean todos os deputados de Ferrol neste debate. Vese que o tema non lles interesa a todos os partidos, e para o Partido Socialista non é importante falar de Ferrol e falar de innovación. Supoño que haberá cousas máis importantes para os deputados que estar nesta Cámara.

En calquera caso, imos falar de Ferrol e imos falar de I+D+i. Efectivamente, algúns se enchen a boca falando de I+D+i en roldas de prensa, e o certo é que, cando hai que falar deste asunto, non están e non se lles espera. Eses partidos adícanse, efectivamente, a propostas baleiras de contido, porque o falar e o prometer, como todo o mundo sabe, non ten cancelas. O que ocorre é que nós non queremos mirar atrás e ver o que outros fixeron ou non fixeron no caso da comarca de Ferrolterra.

No caso do Partido Popular, o interese pola innovación, polo I+D+i, non é algo recente, e proba diso é que o Centro de Innovación e Servizos de Galicia, ubicado na Cabana, en Ferrol, foi creado por un goberno do Partido Popular, foi creado polo Goberno de Manuel Fraga, sendo conselleiro de

Economía e Industria un ferrolán. Foi creado no ano 1995, proba evidente de que o compromiso do Partido Popular coa innovación e coa investigación non é algo recente e non é algo de nota de prensa para unhas eleccións municipais.

Hoxe, vinte anos despois, a nosa preocupación ten avanzado moito, e esa preocupación exprésase e ponse de manifesto na Axencia Galega de Innovación, xa posta en marcha.

O pasado 6 de febreiro, o conselleiro de Economía e Industria asistía en Ferrol, no CIS da Cabana, a presentar unha axenda para desenvolver durante os próximos dous anos, unha axenda de innovación.

O plan presentado polo Goberno galego non só se adica ao sector naval, que é o que lle preocupa –ou o que di preocuparlle– ao Partido Socialista, pero que á hora da verdade desatende, concrétase en 5 sectores. O naval, dende logo, pero tamén a automoción, tamén o téxtil, tamén o turismo, tamén o comercio. Do que se trata é de poñer en relación a innovación e a investigación coas pequenas e medianas empresas.

Logo de ter lugar esa presentación, nós queremos preguntarlle ao Goberno galego que expectativas manexa para ese novo plan, esa nova axenda para o Centro de Innovación e Servizos de Galicia, ubicado na Comarca de Ferrolterra.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Tellado.

Ten a palabra o conselleiro de Economía e Industria, señor Conde López.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López):** Grazas, señora presidenta.

Señoría, a verdade é que vimos de falar hai uns minutos de política industrial, vimos de falar da Estratexia de Especialización Intelixente, polo tanto, da innovación, da Axenda de competitividade industrial Industria 4.0, e, efectivamente, o CIS-Galicia está chamado a converterse nunha nova ferramenta da política industrial deste goberno para modernizar a nosa industria, tal e como lle expliquei na interpelación.

O papel que lle temos encomendado ao CIS-Galicia é achegar precisamente ás pequenas e medianas empresas as tecnoloxías facilitadoras asociadas á industria 4.0, e facilitar-lles, loxicamente, ese camiño tan complexo como é o camiño da innovación.

É precisamente esa a razón pola cal estamos a desenvolver un plan de acción no que queremos dar un paso adiante. Queremos impulsar os bos resultados que xa ten acadado o CIS-Galicia nos últimos 5 anos, con 12 millóns de euros mobilizados en proxectos innovadores; e queremos fortalecer a súa posición, como referente na implantación de tecnoloxías avanzadas, dun xeito sinxelo e dun xeito que faga tanxible o concepto de fábrica intelixente entre as nosas pequenas e medianas empresas, porque iso, loxicamente, repercutirá claramente na súa posición competitiva.

Estamos, polo tanto, a facer industria co tecido industrial, e estamos a facer industria coa pequena e mediana empresa a través da introdución de tecnoloxías como a produción aditiva, a impresión 3D, e outras tecnoloxías clave como a robótica flexible.

En definitiva, o CIS-Galicia vai despreparar todos os seus recursos para estar ao lado e colaborar cos sectores estratégicos da economía galega: co sector naval, co sector da automoción, o aeronáutico, pero tamén con outros sectores como o audiovisual, o turismo ou o comercio.

Para todos estes sectores, o CIS-Galicia vai realizar un esforzo importante en materia de difusión e en materia de formación, pero tamén vai desenvolver tecnoloxías emergentes, como a realidade virtual ou a realidade aumentada. Un esforzo importante, polo tanto, tamén na transferencia tecnolóxica, impulsando a innovación aberta, colaborando coas pequenas e medianas empresas e, sobre todo, facendo o noso tecido produtivo máis competitivo e máis fortalecido.

Dende logo, o CIS Galicia ten unha función clara, señoría, de exercer de bisagra entre os empresarios e os innovadores galegos, estimulando e casando a oferta e demanda e avances en I+D+i. E, dende logo, Ferrol estamos convencidos de que vai contribuír de maneira decisiva á modernización industrial de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Réplica do señor Tellado.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Grazas, presidenta.

Non sei se quería contestar a señora Díaz, que di que somos mercenarios, porque nós queremos manter abertas todas as empresas que hai na comarca de Ferrolterra. Outros son os que queren pechalas, (*Murmurios.*). Nós queremos manter abertas todas as empresas da comarca de Ferrolterra. Quere-mos manter aberta Reganosa, onde traballan 65 persoas; Reganosa, que permite a entrada de gaseiros na ría de Ferrol que van reparar e que mantén plena ocupación o sector de reparacións na ría de Ferrol. Nós queremos manter aberta Endesa, nas Pontes. Nós queremos que Gestán veña a Ferrolterra. Nós queremos que na comarca de Ferrolterra se fagan *jackets* de Iberdrola. E por iso nós estamos a favor de Ferrol, somos mercenarios na defensa da comarca de Ferrolterra, (*Aplausos.*) unha comarca que ten un inimigo fundamental, que é Esquerda Unida, ou como queira que se chame a día de hoxe. Esa é a realidade. (*Aplausos.*)

E é importante que o CIS Galicia se dedique á innovación en materias como o naval, a automoción, o téxtil, o turismo e o comercio. Pero é certo que o naval é fundamental na comarca de Ferrolterra, como ben sabe a señora Díaz. Ela calaba mentres en Ferrol non había ningún contrato, e hoxe, que temos catro contratos que supoñen unha facturación de 570 millóns de euros e carga de traballo por valor de 3,7 millóns de horas, bueno, pois agora parécelle pouco. O certo é que, cando non había nada, eles calaban complicemente, porque gobernaban no Concello de Ferrol co Partido Socialista. Hoxe estase facendo o flotel de Pemex na ría de Ferrol, hoxe estase facendo o deseño dun LHD para Turquía, hoxe estase traballando no BAM –no buque de acción marítima– encargado pola Armada española –o primeiro dende o ano 2008 que encarga a Armada española– e hoxe estase comezando a traballar nos *jackets* de Iberdrola, 570 millóns de euros en facturación.

Nós cremos que o naval é fundamental para a comarca de Ferrolterra, e nese sentido, señor conselleiro, queremos incidir e preguntar sobre que papel vai xogar o CIS da Cabana nesa nova etapa que se abre de dous anos no apoio ao sector naval no que ten que ver coa innovación.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Réplica do conselleiro de Economía, señor Conde López.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López):** Grazas, presidenta.

Señoría, efectivamente, como lle trasladaba, o CIS Ferrol está chamado a xogar un papel clave no desenvolvemento da Axenda de Competitividade da Industria 4.0, está chamado a desenvolver un papel clave no apoio á innovación empresarial e, polo tanto, na mellora da posición competitiva. E, nese sentido, xa lle podo trasladar que, en primeiro lugar, este mesmo ano investiremos medio millón de euros para equipamento tecnolóxico de última xeración, o que permitirá que o CIS Galicia, efectivamente, poida asumir todos estes retos; e, ademais, tamén a través do CIS Galicia, mobilizaremos proxectos innovadores por valor de 5 millóns de euros.

E, efectivamente, no sector naval o CIS Galicia terá un papel determinante. Terá un papel determinante no sector naval porque o CIS Galicia canalizará todas as actividades de impulso da Axencia Galega de Innovación no eido do naval. De feito, o CIS Galicia impulsará o Naval 4.0, é dicir, todas as actuacións que dentro da Axenda da Competitividade teñen como obxectivo claro fortalecer a posición competitiva do naval. E para iso o CIS Ferrol, en primeiro lugar, prestará servizos en ámbitos clave para a realidade virtual, como é o programa CAVE, ou a modelización, simulación ou deseño de 3D. Porque aí é onde ten que o sector naval efectivamente demostrar a súa posición competitiva, desenvolvendo produtos diferenciados, produtos que teñan deseños que efectivamente lle poidan permitir que os nosos estaleiros finalmente gañen concursos e licitacións internacionais.

En segundo lugar, vixiará as novas patentes e os novos proxectos que se poidan aplicar ao naval para mellorar esa posición competitiva. Impulsará tamén o CIS Galicia as tecnoloxías facilitadoras da fábrica intelixente; estoume a referir á robótica, ao desenvolvemento de novos materiais. E tamén o CIS Galicia reforzará a transferencia de tecnoloxías de coñecemento, ao igual que apoiará a diversificación do sector en eidos como a eólica mariña, porque a eólica mariña tamén significa, señorías, carga de traballo para Ferrol.

En definitiva, con estas medidas o Goberno galego pretende-mos facer do noso naval un referente no eido da tecnoloxía e no eido internacional. E, dende logo, o CIS Galicia porá en marcha novas colaboracións entre empresas, universidades e centros tecnolóxicos para efectivamente darlle contido. Este obxectivo levounos precisamente a alcanzar un primeiro convenio de 2 millóns de euros entre a Xunta de Galicia e a industria naval galega e os centros tecnolóxicos como o CIS, e tamén para precisamente implantar, a través deste convenio de 2 millóns de euros, proxectos demostrativos sobre as últimas tecnoloxías de fabricación neste sector, e, polo tanto, dar os primeiros pasos na implantación da Industria 4.0.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Grazas.

**Pregunta de D. Xosé Manuel Beiras Torrado e seis deputados máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para evitar a destrución dos 95 postos de traballo que están a ocupar persoas con diversidade funcional na rede galega de quioscos da ONG Cogami**

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra para formular a súa pregunta, señor Fajardo.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Boa tarde de novo a todos.

Esta pregunta demostra a realidade que quere ocultar o Partido Popular, como unha situación dramática dun conxunto moi importante de traballadores deste país non é atendida por aqueles que poden dar unha solución. Falamos dos 95 despedimentos que se van producir se non intervén o Goberno na rede galega de quioscos, que, como saben, é pertencente a XesGalicia e tamén a Cogami, despedimentos que se dan nun contexto dun concurso que algúns entendemos que ten que ir no camiño de plantexar que un concurso posiblemente culpable por unha sensación, e é que parece que existe unha manipulación de contas para tratar de asimilar unha insolvencia que non é real e, polo tanto, poder desfacerse dunha forma gratuíta destes traballadores e que sexa Fogasa quen pague os seus despedimentos e salarios; estes traballadores que levan catro meses sen cobrar e que, polo tanto, nós precisamos dunha actuación contundente da Xunta para que nos diga que vai facer para manter eses postos de traballo, sobre todo por-

que ten compromisos e ten obriga de rescatar estes traballadores, porque a Xunta puxo moito diñeiro nesta empresa.

Esta empresa da economía social ten recibido no último ano 1 millón de euros, co compromiso de facer un plan de viabilidade que durase ata 2018. 1 millón de euros que é bastante máis cantidade do que custa o conxunto dos salarios deses traballadores, porque o conxunto dos salarios, a carga salarial, apenas son 908.000. Polo tanto, a Xunta de Galicia debería de explicar como se dá 1 millón de euros a unha empresa da economía social para que manteña os seus postos de traballo e se sanee en 2018, e tres meses despois preséntase un concurso voluntario para deixar eses traballadores sen un peso, sen cobrar e sen os seus postos de traballo, sobre todo cando forman parte dun centro especial de emprego que –como vostedes saben– ten o 50 % de sempre xa subvencionados os seus postos laborais.

Polo tanto, alguén terá que explicar como é posible que, unha vez que se inxecta 1 millón de euros nesa empresa, automaticamente despois ese diñeiro non chega aos traballadores, senón que non sabemos para que é utilizado e leva a esa empresa a un concurso que –insisto– nós cremos que é tremendamente irregular.

Polo tanto, aquí hai un compromiso da Xunta de Galicia, que nos gustaría que explicase que medidas vai adoptar para dar solución, dar cabida a estes traballadores, e, sobre todo, para fiscalizar e demostrar onde están os cartos que recibiu a empresa co único obxectivo de manter os seus postos de traballo. Se non é así, dende logo, terán vostedes que poñer encima da mesa cal é o seu labor de fiscalización, porque é un labor que por desgraza está en dúbida en Galicia. Porque xa existen casos anteriores, como todos coñecemos, onde as axudas para emprego ou para formación de desempregados foron utilizados de forma fraudulenta, e por iso está sendo, por exemplo, investigada a propia responsable da Consellería. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, señor Fajardo.

Ten a palabra a conselleira de Traballo e Benestar, dona Beatriz Mato.

**A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero):** Moitas grazas, presidenta.

A verdade é que xa non me sorprende nada a capacidade que ten este deputado para terxiversar e mesmo mesturar toda a información, posto que acaba de rematar a súa información dicindo que a responsable desta consellería está a ser investigada, cousa que é absolutamente e rotundamente falso. Pero, tal e como di na súa intervención, mesmo incluso ás veces parece que lle solicita a este Goberno que faga de intervencionista nunha competencia que non é súa, como poden ser os xulgados, porque, como vostede moi ben sabe, esta empresa está agora mesmo en concurso de acredores e ten que ser un xuíz o que responda e cerre ese concurso de acredores.

E, polo tanto, se vostede fai unha afirmación como di de que o concurso é irregular, nin vostede ten competencia para dicilo nin eu como conselleira teño competencia para dicilo. A única competencia que teño é a de protexer, evidentemente, e fomentar e apoiar o sector da discapacidade, cousa que evidentemente fago. E ás veces –como di vostede– porque teño a obriga. Pois si, señor Fajardo, teño a obriga, porque hai unha obriga de axudar os traballadores dos centros especiais de emprego nas súas nóminas, unha obriga que está a cumprir este goberno con este centro especial de emprego e con todos os centros especiais de emprego que hai na súa totalidade na nosa comunidade.

E, evidentemente, todos os centros especiais de emprego –incluído este– están a amosar as súas nóminas e as nóminas que foron pagadas con respecto a xustificar a subvención que se lles dá dende esta consellería. En concreto, esta institución da que vostede fala –que, por certo, nace dunha institución moi respectada por todos os gobernos, espero que tamén polo Parlamento, que é Cogami, onde ten 500 traballadores en centros especiais de emprego– leva dezaseis anos traballando e, evidentemente, recibiu axudas, non só deste goberno, mesmo tamén doutros gobernos.

Porque lle digo, señoría, se sabe desta información e se soubera desta información, é obriga financiar unha porcentaxe dos salarios dos centros especiais de emprego. E, polo tanto, esta consellería deulle no ano 2009 500.000 euros –falo do ano 2009, porque foi cando estaba esta conselleira xa no Goberno, os anteriores déronlle tamén a parte correspondente– para cubrir os 115 traballadores; no ano 2010, 780.000 euros; no ano 2011, 769.000 –volvo repetirlo, por se non o sabe: para cubrir parte das nóminas dos traballadores, non a

totalidade–; no 2012, 423.000; no 2013, 433.000. Ese millón de euros non sei de onde vostede ten a capacidade de sacalo, porque nunca nun ano se lle deu 1 millón de euros. Porque no ano 2014 outorgáronselle 393.000 euros e só se lle deu o 80 %, porque foi o que foron quen evidentemente de acreditar, posto que, como vostede debería de saber, en outubro entrou en concurso de acredores e, polo tanto, case o 80 % do tempo dun ano é chegar ata outubro e pagáronselle as nóminas.

É dicir, todas as subvencións que este centro especial de emprego recibiu, todas, absolutamente todas, foron xustificadas e correctamente. Supoño eu que non o poñerá vostede en dúbida.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero):** E mesmo tamén...

**A señora PRESIDENTA:** Continúe logo.

**A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero):** Grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Réplica do señor Fajardo.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Voulle pedir algunha explicación concreta. Plan de viabilidade de xullo, 1 millón de euros da institución pública que non está xustificado. Dos centros especiais de emprego, claro que reconece o 50 % da nómina; polo tanto, debe de haber un control sobre esa cantidade a posteriori.

Pero eu voulle poñer encima da mesa algunha cuestión. ¿Que van facer vostedes, por exemplo, con estes traballadores aos que se negan a recibir? Estes traballadores solicitaron reunión con vostede, co presidente e co alcalde actual de Santiago; ningún dos tres considerou oportuno reunirse con estes traballadores. Deben de explicarme vostedes por que.

É certo: esta empresa está en concurso, e está en concurso voluntario porque plantexa que é inviable cando parece claro, polas contas que hai encima da mesa, que se trata de provocar unha situación de insolvencia que non é real. Pero eu pónolle encima da mesa unha cuestión. Vostede sabe,



coma min, que isto pode formar parte dun grupo de empresas, dun grupo laboral. Porque responsables doutras entidades de Cogami participaban en ordes laborais sobre traballadores desta empresa e, polo tanto, existe un grupo laboral. E cando existe un grupo laboral ten que haber corresponsabilidade sobre os seus traballadores, e ese grupo laboral segue recibindo cartos públicos.

Polo tanto, o que lle pido eu a vostede é que asuman as súas responsabilidades, que digan que van facer para manter os seus postos de traballo, e, en todo caso, para fiscalizar que non haxa unha secesión do que é un grupo laboral para intentar sanear algunhas contas, e que posiblemente ao final un grupo que é capaz financeiramente de manter outras estruturas o que estea facendo é desprenderse duns traballadores simplemente mediante un mecanismo de concurso voluntario, que –insisto– ten as súas dúbidas, sobre todo porque tres meses antes de presentarse o concurso voluntario recibiu unha inxección moi importante de diñeiro da Consellería.

Por certo, eu non sei se vostede o fai –creo que nalgúñas cousas non–, eu sei a normativa, e xa sabemos o que pon, e as obrigacións de apoio que hai sobre os centros especiais de emprego, que reconece a propia Xunta de Galicia. Pero ¿sabe que? Digamos que a discapacidade non pode ser un negocio e a iniciativa social non pode ser utilizada para ter traballadores baratos que son despedidos sen un peso, ou neste caso... *(O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Fajardo, moitas grazas.

Réplica da conselleira de Traballo e Benestar, dona Beatriz Mato Otero.

**A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero):** Pois, evidentemente, a discapacidade non pode ser un negocio, e moitísimo menos motivo de demagogia, sobre todo alta demagogia, porque se vostede se informara ben, se vostede se informara ben, non falaría de 1 millón de euros, que supoño que sería a cifra total que hai para as axudas de saneamento que teñen os centros especiais de emprego. E se vostede falara ben, mesmo se fora quen de falar coa entidade e non só cos traballadores, tamén sabería que, efectiva-

mente, houbo unha axuda para saneamento, unha axuda para garantir e tentar garantir a súa viabilidade, que foi de 250.000 euros. E, evidentemente, esta axuda, señoría, volveu ser correctamente xustificada.

As razóns que son legais, que adoecen agora, que están agora nesta empresa para entrar en concurso de acredores, non son as razóns que eu teña que valorar, e mesmo vostede tampouco. Hai un xuíz que terá que atender se efectivamente ese concurso de acredores corresponde a razóns, e evidentemente tamén garantir cal será a maneira de pagar aos provedores neste concurso de acredores.

O que teño claro, señoría, é que o compromiso do Goberno galego cos centros especiais de emprego, con todas as entidades de discapacidade, é inamovible e, sobre todo, cada ano é maior, posto que non só no noso quefacer diario, senón nos nosos presupostos, estamos a amosar o noso compromiso con todos eles, pagando o que lles corresponde, porque é o seu dereito, porque é unha obriga que a porcentaxe da nómina de todos os 2.000 traballadores que están en centros especiais de emprego da nosa comunidade, 500 deles –volvo insistir– dependentes directamente de Cogami, senón mesmo tamén desenvolvendo o resto das políticas vencelladas ao emprego e o resto das políticas vencelladas ao mantemento da discapacidade.

Señoría, aquí agora hai un proceso que, efectivamente, está agora en discusión entre dúas partes. Teñen ofrecida a mediación desta consellería a ambas as dúas partes. A mediación desta consellería só é posible se as dúas partes queren que a Consellería estea presente. E, por suposto, aqueles que queiran seguir levando a adiante o centro especial de emprego, aqueles que queiran seguir levando a adiante unha actividade con traballadores da discapacidade, sexa ou non sexa na dos quioscos, van contar sempre coa axuda da Consellería de Traballo e Benestar, sobre todo no que significa a nómina e o mantemento das nóminas dos traballadores nunha porcentaxe.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, conselleira.

**Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre as xestións**

**previstas polo Goberno galego en relación co proceso de negociación comercial que está a manter a Unión Europea con Filipinas para a concesión de beneficios arancelarios aos produtos da pesca procedentes dese país**

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra, señor Balseiro, para formular a súa pregunta.

**O señor BALSEIRO OROL:** Grazas, señora presidenta.

Señora conselleira...

*(Protestas desde a tribuna de invitados.)*

**A señora PRESIDENTA:** Por favor, por favor, desaloxen os invitados da tribuna. Desaloxen, por favor, os invitados da tribuna.

*(Protestas desde a tribuna de invitados.)*

**A señora PRESIDENTA:** Señor Balseiro.

**O señor BALSEIRO OROL:** Moitas grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, Filipinas está catalogado como un país en desenvolvemento, e, polo tanto, segundo a lexislación comunitaria vixente, pode ser beneficiario do réxime xeral establecido no sistema de preferencias xeneralizadas. Este país solicitou o acceso dos seus produtos ao mercado europeo sen aranceis, que lle foi concedido desde as institucións comunitarias o pasado 24 de decembro coa publicación da resolución no *Diario Oficial da Unión Europea*. Esta decisión adóptase –ao noso xuízo– sen ter en conta que desde as propias institucións comunitarias se advertiu o devandito país como consecuencia da vulneración da lexislación internacional en materia de pesca ilegal. Resulta paradoxal que, por unha banda, a mesma Comisión Europea, que considera que Filipinas cumpre os requisitos para obter o sistema de preferencias xeneralizadas, advertise a Filipinas da necesidade de tomar medidas para evitar a pesca ilegal non declarada e non regulamentada.

O que acabo de explicar podería dar lugar a unha situación que o Grupo Parlamentario Popular nin comparte nin entende. Calquera pode entender que os produtos pesqueiros e as conservas filipinas, que agora terán acceso preferente ao mercado comunitario pero que foron obtidos sen respectar as

normas sobre pesca ilegal, condicións de emprego ou salubridade, entre outras, darán lugar a unha distorsión máis que evidente da competencia cos produtos europeos, moi en particular coas conservas galegas.

Como é lóxico, o Grupo Popular, señora conselleira, vén defendendo esta mesma postura –outras forzas non poden dicir o mesmo– ante as institucións comunitarias, a través dos nosos eurodeputados na Eurocámara, tanto na Comisión de Pesca como cando este asunto se tratou desde o punto de vista da súa incidencia comercial, e, neste mesmo Parlamento, coa aprobación dunha proposición non de lei impulsada polo Grupo Popular, aprobada por unanimidade o pasado mes de febreiro na Comisión de Pesca.

Señora conselleira, en relación con este asunto, a pregunta que formulamos é: ¿que xestións ten previsto adoptar o Goberno galego en relación coa concesión de beneficios arancelarios para Filipinas?

Nada máis e moitas grazas, señora presidenta. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, señor Balseiro.

Ten a palabra a conselleira do Medio Rural e do Mar, dona Rosa Quintana.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor Balseiro, como vostede ben sabe, baixo o Regulamento polo que se regula o sistema de preferencias arancelarias xeneralizadas SPG, Filipinas tense convertido nun país elixible para beneficiarse do réxime especial de estímulo do desenvolvemento sostible e a gobernanza SPG plus. En consecuencia deste proceso, ténselle aberto a Filipinas a posibilidade a un acceso libre de aranceis e continxentes ao mercado da Unión Europea para os seus produtos desde o 25 de decembro de 2014, sendo esta unha nova pedra no camiño de competencia que nos deixan acordos como o de Papúa Nova Guinea ou as illas Fiji.

En todo caso, temos que sinalar que esta concesión veu referendada do apoio do Parlamento Europeo, quen se negou a

obxectar a concesión do status de SPG plus a Filipinas a pesar da chamada tarxeta amarela que por pesca ilegal e facendo caso omiso aos problemas que a industria conserveira galega pode ter con este acordo.

Con todo, durante o proceso de valoración da solicitude de Filipinas e do acto delegado polo que se inclúe este país na lista de beneficiarios do SPG plus, a industria transformadora e comercializadora de produtos do mar de Galicia, e a propia Xunta de Galicia, fixo participe ás diferentes administracións das consecuencias que este feito podería traer, seguindo a estela do que —como dixeran— xa ocorrera con Papúa Nova Guinea e coas illas Fiji.

Sinalabamos as graves consecuencias que a entrada de Filipinas no SPG plus tería sobre a industria conserveira, en canto non só ao mantemento dos elevados índices de emprego que este sector sustenta en zonas do litoral, senón tamén na xeración de emprego de valor engadido, xa que Filipinas é un dos principais competidores da industria comunitaria neste sector. En materia de sostibilidade, chamouse a atención sobre o feito sinalado por vostede en canto a que a Comisión Europea tiña advertido a Filipinas sobre a posibilidade de ser identificado como país non cooperante en materia de loita contra a pesca ilegal non declarada e non regulamentada.

Por todo isto, alén de facelo nos niveis superiores da DG MARE e do Ministerio, o propio presidente da Xunta de Galicia fixo esta demanda de maior coherencia entre as diferentes políticas da Unión Europea e das súas aplicacións ao propio comisario Karmenu Vella na súa visita a comezos do mes de febreiro. Solicitou tamén un seguimento estreito das importacións no mercado da Unión Europea dos produtos de pesca orixinarios de Filipinas para que se poñan en marcha os mecanismos existentes no caso de desestabilizamento do mercado da Unión Europea. E tamén se demandou unha vixilancia e control do cumprimento por parte de Filipinas das disposicións relativas ao SPG plus, principalmente en canto á aplicación efectiva dos convenios internacionais en materia de dereitos humanos e laborais.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, conselleira.

Réplica do señor Balseiro Orol.

**O señor BALSEIRO OROL:** Moitas grazas, señora conselleira, pola súa resposta, polo traballo ben feito e tamén pola conciencia sobre a importancia da nosa industria conserveira e atuneira na nosa comunidade autónoma.

É unha mágoa que esta conciencia e este recoñecemento da importancia desta industria non chegue a todos, e digo que non chegue a todos os ámbitos do arco parlamentario e, sobre todo, do Parlamento Europeo. Deste problema que pode afectar o 6,5 % do emprego industrial da nosa comunidade autónoma, ademais de 12.000 persoas, das cales 79 % son mulleres, das cales o 72 % son contratos fixos, digo que é unha mágoa que falle esa conciencia, porque algúns eurodeputados españois se posicionaron en contra da nosa conserva, e posicionáronse, señora conselleira, en contra das 12.000 persoas que viven dela directamente nesta votación que se fixo.

Mentres a delegación española do Grupo Popular votaba a favor da nosa industria, outros votaban en contra ou se abstían, como a maioría da delegación española do Grupo Socialista, entre eles Juan Francisco López Aguilar e a responsable do sector e a propia cabeza de lista do Partido Socialista, Elena Valenciano. Pero o problema veu con algúns que nos din aquí unha cousa e despois se absteñen, caso do eurodeputado de Bildu, aliados co Bloque Nacionalista Galego, a quen asesora a eurodeputada fixa descontinúa do Bloque Nacionalista Galego no Parlamento Europeo, que non sabemos se, dado que é asesora, pactou tamén a abstención con este eurodeputado. E tamén vimos como algúns sacaron a careta e votaron en contra, caso do señor Pablo Iglesias, ou abstención, como tres eurodeputados de Podemos.

Señora conselleira, aquí é onde vemos a incoherencia...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Balseiro.

**O señor BALSEIRO OROL:** Moitas grazas, señora presidenta. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra a conselleira do Medio Rural e do Mar, dona Rosa Quintana.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señora presidenta.

Señorías, señor Balseiro.

Mire, nós sempre estaremos onde temos que estar, na defensa de todos os eslabóns da cadea de todos os sectores. Nós sempre dixemos que non estabamos en contra das importacións de produtos que veñan de terceiros países. O único que dende Galicia se pediu sempre é igualdade no trato, igualdade nas obrigacións, igualdade en todos os campos de xogo. Por iso queremos estar coas mesmas medidas de cumprimento en estándares normativos como os criterios sociolaborais, como os criterios ambientais e como os criterios técnico-sanitarios.

Nós, señor Balseiro, sabemos que, dende logo, os nosos compromisos sociolaborais son elevados. Cada traballador da conserva ten un custo laboral aquí en Galicia sobre os 2.000 euros, e países terceiros, como pode ser Tailandia, están polos 250 euros, ou Vietnam, polos 60 euros. Polo tanto, para nós, para poder competir en igualdade de condicións, é importante que a Unión Europea estea vixiante no cumprimento de todos os acordos comerciais con terceiros países. Por iso nós estamos nesa demanda de competir en igualdade de condicións en todos os elementos que forman o produto final que chega aos consumidores da Unión Europea. E, nesa liña, seguiremos a traballar.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora conselleira.

Última pregunta.

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Tereixa Paz Franco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os resultados da política do Goberno galego en materia de loita contra incendios forestais, á vista dos datos da superficie queimada nas últimas semanas**

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Ten a palabra, señora Paz.

Déanlle voz ao escano da señora Paz, por favor.

**A señora PAZ FRANCO:** Grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, quixera pedirllas desculpas a todas as súas señorías porque o meu grupo obrígame a facer política cos incendios forestais. Eu xa sei que posiblemente a señora conselleira faga ciencia ficción, a ver se confluímos nalgún punto desas liñas paralelas.

Señora conselleira, hoxe é día 15 de abril. No que levamos de ano debeu haber aproximadamente en Galiza entre vinte e trinta días, como moito, nos que non houbo ningún fenómeno chuvioso neste país, e no que, polo tanto, houbo algún risco –mínimo ou máximo– de que se producise algún incendio forestal. Nese período levan ardido en Galiza máis hectáreas que en todo o ano pasado.

Vimos un espectáculo tan digno de fotografar e de espallar polo mundo como que ardesen case 400 hectáreas no concello de Carballada de Valdeorras ao mesmo tempo que a serra estaba nevada. Vimos como nestes entre vinte e trinta días de non choiva que houbo neste país houbo que mobilizar en varias ocasións a Unidade Militar de Emerxencias, porque o dispositivo propio estaba colapsado. Vimos, en definitiva, nestes poucos días, como xa se produciron varios grandes incendios forestais, moitos de máis de 20 e de 50 hectáreas, e como xa se queimaron varias hectáreas en diferentes zonas protexidas, tanto de Rede Natura como de espazos de reserva da biosfera.

Vimos tamén durante este mesmo período, señora conselleira, como os traballadores –todos– do dispositivo de loita contra incendios forestais saíron a exixirlle a vostede varias cousas. Primeiro, que complete o dispositivo, que o teñen vostedes mermado; non cobren baixas, non cobren vacantes e encima acaban vostedes de amortizar trinta postos do dispositivo de loita contra incendios forestais. Pídenlle, señora conselleira, que aprobe o Pladiga do ano 2015; queren saber como vai ser o dispositivo.

É moi curioso, señoras e señores deputados. Este goberno, que aínda non empezou nin a negociar nin a estudar o Pladiga, sen embargo xa hai tres semanas que sacou no DOG a licitación dos avións e hoxe mesmo acaban de publicarse as bases para o concurso para a contratación do helicóptero. Parece que o único que importa neste dispositivo é regalar-lles cartos a Inaer e a Natutechnia.

Señora conselleira, os traballadores saíron a exixirlle que faga tamén prevención e que non os poña en perigo. Pero

tamén saíu toda a cadea de monte-industria a dicirlle que a súa política forestal era un auténtico suspenso; púxolle un cero todo monte-industria.

¿Vostede segue pensando que a súa política é a correcta? *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Paz.

Resposta da conselleira do Medio Rural e do Mar.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo):** Señorías.

Señora Paz, en primeiro lugar, quixera sinalar o que vostede mesma facía referencia na exposición de motivos que recollía na súa iniciativa. Deixaba apuntado de forma importante un resumo da situación que vén padecendo Galicia nestes últimos meses. É importante, xa que logo, recoller esas palabras e empezar apuntando que esta situación de meteoroloxía favorable aos lumes foi atendida con responsabilidade por parte do Goberno da Xunta, xa que dende finais do mes de febreiro se viñeron incorporando paulatinamente o persoal fixo e discontinuo e os medios aéreos tanto autonómicos como estatais.

Neste senso, e ademais de reforzar gardas e horarios nesta etapa que comezaba a mediados de marzo, dispúxose a presenza permanente dun hidroavión do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e reforzouse a dotación de medios nalgunhas bases aéreas, permitindo unha cobertura axeitada do territorio no caso dos incendios.

Ademais, e como elemento precautorio, prohibíronse as queimas de restos agrícolas e forestais o 19 de marzo, e esa prohibición abarca ata o día de mañá; decisión tomada esta tras avaliar a evolución da situación meteorolóxica e unha vez analizados polo miúdo os diferentes indicadores técnicos que inciden no risco de lume.

Xa que logo, estamos levando a cabo un despregamento de medios humanos e materiais e unha determinación de medidas conforme a situación existente, dispoñendo nestes momentos de case 3.000 persoas, de 268 motobombas e de 13 medios aéreos para atender este labor, mesmo chegando a dispor unha vez da Unidade Militar de Emerxencias no caso que foi necesario.

En todo caso, temos ante nós unhas circunstancias dunha primavera complicada, pola escaseza de choivas e a presenza de ventos dos nordés, pero tamén, e como vostede recolle, de actividade incendiaria. Esta –non é outra– é a única causa fundamental e debemos entre todos illala. Digo isto porque dez lumes –como vostede facía referencia– na mesma parroquia en Carballeda de Valdeorras, ou a confluencia de incendios simultáneos nos termos municipais da Mezquita e Ponteareas, non son casualidade; e sabemos que o monte non arde se non lle prenden lume.

Aínda así, a actividade incendiaria déixanos unha cifra media de máis de dezaseis lumes diarios no que vai do mes de abril, acadando os douscentos lumes o pasado domingo. Sumando isto ás particulares condicións que vostede mesma citaba, creo que nos permite subliñar que se está levando a cabo unha política responsable de loita contra os incendios forestais e un despregamento adecuado para esta época do ano.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora conselleira.

Réplica. Señora Paz.

**A señora PAZ FRANCO:** Xa me parecía a min que íamos falar de ciencia ficción, porque, efectivamente, non hai incendios se non hai incendiarios; só no 2006; no 2006 habíaos pola simple presenza do Goberno; así combustionaba o país, espontaneamente; daquela non había incendiarios.

Mire, señora conselleira, que diga vostede que estamos nunha primavera especialmente seca, eu invítoa a que vaia dar un paseo agora mesmo por Santiago, eu acompañoa se quere, pero bueno.

E mire, a min paréceme que é unha auténtica tomadura de pelo que vostede nos veña poñer aquí como un logro do Goberno e como unha faceta da súa previsión en materia de loita contra os incendios forestais que a finais de febreiro empezan a incorporar os fixos discontinuos. Porque teño que recordarlle que desde o ano 2006 iso pasa todos os anos, que os fixos discontinuos, que traballan nove meses, empezan a traballar en febreiro e rematan en novembro. E, polo tanto, iso non é ningunha planificación.



Pero eu o que quero dicirlle, señora conselleira, é que vostedes, o seu goberno e o seu secretario xeral de Montes, hoxe tivemos unha..., case 3.000 traballadores. ¿Que cifra é esa? ¿Pódenos vostede explicar de onde saca vostede esa cifra de 3.000 traballadores? Hoxe foi neste pleno *trending topic* a palabra “cifras falsas”, ¿non?, “orzamentos falsos” —que, por certo, o secretario xeral de Montes ten un máster nesas cousas, pero bueno, imos deixar iso para outro día—.

¿Podía vostede dicir de onde saca esas 3.000 persoas traballando no monte? ¿Podía dicirnos onde está a política de prevención? ¿Podía dicirnos por que todo o monte-industria, todo o Clúster da Madeira di que neste país non se fai política de prevención, di que neste país só hai unha política forestal, que definiu perfectamente esta mañá o señor presidente da Xunta cando dixo que a única industria forestal que hai neste país é ENCE e así quere que siga sendo a Xunta de Galiza? *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, grazas, señora Paz.

Turno de peche. Señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Paz, mire, a min paréceme absurdo todo isto de estarnos tirando de maneira continua cifras e máis cifras e máis cifras e dicir que vostede mente, que eu minto. Aquí eu creo que vostede e mais eu coincidimos en que non teríamos ningún problema nin temos en darnos vostede mais eu a man. E vostede e mais eu si que teríamos en darlle problemas de darlle a man a un incendiario. Entón, recoñezamos dunha santa vez quen é o responsable *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* dos lumes neste país. Agora e sempre, agora e sempre *(Murmurios.) (Aplausos.)*. E así o vimos dicindo, ano tras ano, e aquí o único que se pretende é botar enriba do Goberno de turno a responsabilidade que non ten. *(O señor García García pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** ¡Silencio! Señor García, por favor.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo):** A verdade é que a min me parece que estamos no Parlamento..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** ¡Silencio!, ¡silencio!

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo):** ...estamos nun lugar onde representamos a todos os cidadáns, deixémonos de chascarrillos, deixémonos de obras de teatro, *(Murmurios.)* defendamos o que temos que defender.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** ¡Silencio!, ¡silencio!, por favor. Se non, imos ter que suspender o pleno momentaneamente.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo):** Non, non, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Claro, dígoo porque a ver se acabamos o pleno ben.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo):** Non, non, non quero que se suspenda o pleno. Simplemente digo que non me parecería lóxico volver repetir aquí neste pleno que as hectáreas que levan ardido neste mes de abril as podemos comparar coas que arderon no ano 2006, exactamente igual no ano 2008 e no ano 2009. Onde arderon menos foi no ano 2007, porque houbo unha primavera de moita choiva, simplemente. E iso non pode ser.

Mire, mire, labores de prevención. Este ano resolvéronse xa, a estas alturas do mes de abril, máis de 9 millóns e medio de axudas para a prevención nos montes veciñais en man común. Estamos intentando dar a maior cantidade de cartos posible.

Vostede ten un dato erróneo. A este goberno non lle puxo un cero todo o sector da madeira, como vostede di, nin o Clúster da Madeira. Quen falou foi Confemadera, que non representa a todo o sector, porque tamén houbo voces que saíron dicindo que non estaban de acordo co que dicía un determinado señor de Confemadera. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero a verdade é que a vostedes moitas veces é difícil entendela. Á mañá criticábanme porque se

deixamos plantar ou non deixamos plantar, e agora critícan-me porque non estou de acordo con Confemadera, que o único que quere é plantar por todo o territorio nacional, independentemente de que sexan terreos privados ou non privados.

Mire, eu mantereime sempre no mesmo: hai espazo para todo, hai espazo para traballar con decencia, hai espazo para criticar os únicos que temos que criticar e perseguir, que son os incendiarios, e nesa liña é onde vou seguir traballando.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Moitas grazas, señora conselleira.

Esgotados os puntos da orde do día, érguese a sesión.

*Remata a sesión ás sete e vinte e cinco minutos da tarde.*

## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Acuña do Campo, Carmen	(PSdeG-PSOE)
2.- Adán Villamarín, María do Carme	(BNG)
3.- Arias Veira, Pedro	(PP)
4.- Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
5.- Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
6.- Beiras Torrado, Xosé Manuel	(AGE)
7.- Blanco Paradelo, Moisés	(PP)
8.- Burgo López, Concepción	(PSdeG-PSOE)
9.- Caamaño Domínguez, Francisco	(PSdeG-PSOE)
10.- Camino Copa, Angel	(PP)
11.- Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
12.- Díaz Pérez, Yolanda	(AGE)
13.- Docasar Docasar, Vicente	(PSdeG-PSOE)
14.- Dorado Soto, Javier	(PP)
15.- Fajardo Recouso, Juan Manuel	(AGE)
16.- Fariñas Sobrino, Hipólito	(PP)
17.- Fernández Fernández, Raúl	(PSdeG-PSOE)
18.- Freire Abeijón, Santiago	(PP)
19.- Gallego Calvar, Carmen	(PSdeG-PSOE)
20.- Gallego Lomba, José Manuel	(PSdeG-PSOE)
21.- García García, Pablo	(PSdeG-PSOE)
22.- García Pacín, Isabel	(PP)
23.- Goldar Güimil, Jesús Antonio	(PP)
24.- Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
25.- González Santín, Juan Carlos	(PSdeG-PSOE)
26.- Guerra Fernández, Javier	(PP)
27.- Iglesias Sueiro, Carme	(M)
28.- Iñiguez Martínez, Jaime	(PP)
29.- Jorquera Caselas, Francisco	(BNG)
30.- Losada Álvarez, Abel	(PSdeG-PSOE)
31.- Martínez García, María Consuelo	(M)
32.- Martínez-Sierra López, Vidal	(PP)
33.- Méndez Romeu, José Luis	(PSdeGPSOE)
34.- Mouriño Villar, Antonio	(PP)
35.- Nóvoa López, Enrique	(PP)
36.- Núñez Centeno, Aurelio	(PP)
37.- Núñez Feijóo, Alberto	(PP)
38.- Oubiña Solla, Rosa	(PP)
39.- Pardo López, Carmen	(PP)
40.- Paz Franco, María Tereixa	(BNG)
41.- Pazos Couñago, José Alberto	(PP)
42.- Pérez Hernández, Berta	(PP)
43.- Piñeiro Martínez, Marisol	(PP)
44.- Pombo Rodríguez, Cosme Eladio	(BNG)
45.- Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
46.- Pouso Maneiro, Herminia	(PP)
47.- Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
48.- Prado del Río, Paula	(PP)
49.- Prado Patiño, Miguel	(PP)
50.- Puy Fraga, Pedro	(PP)
51.- Quintas Álvarez, María	(PSdeG-PSOE)
52.- Rodas Chapela, Daniel	(BNG)
53.- Rodríguez Arias, Marta	(PP)
54.- Rodríguez Barreira, Julia	(PP)
55.- Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta	(PP)
56.- Rojo Noguera, Pilar	(PP)
57.- Romero Fernández, Cristina	(PP)
58.- Ron Fernández, José Javier	(AGE)
59.- Rueda Valenzuela, Alfonso	(PP)
60.- Sánchez Bugallo, José Antonio	(PSdeG-PSOE)
61.- Sánchez García, Antón	(AGE)
62.- Santalices Vieira, Miguel	(PP)
63.- Santos Pérez, Ramón	(PP)
64.- Santos Regueiro, Francisco	(PP)
65.- Sestayo Doce, Beatriz	(PSdeG-PSOE)
66.- Solla Fernández, Eva	(AGE)
67.- Soneira Tajés, María Soledad	(PSdeG-PSOE)
68.- Tellado Filgueira, Miguel	(PP)
69.- Trenor López, Gonzalo	(PP)
70.- Val Alonso, José Ramón	(PSdeG-PSOE)
71.- Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis	(PP)
72.- Vázquez Abad, Jesús	(PP)
73.- Vázquez Díaz, Ramón	(AGE)
74.- Vázquez Fernández, Manuel	(PSdeG-PSOE)
75.- Vilán Lorenzo, Patricia	(PSdeG-PSOE)



## DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25